



*Memoria de  
creación do  
Instituto de  
investigación  
LINGUA*

*Novembro 2023*



# CONTIDO

1. Preámbulo.....	5
2. Xustificación .....	7
2.1. A investigación lingüística na contorna galega .....	8
2.2. A investigación e maila transferencia no eido lingüístico na UVigo .....	11
3. Plan estratéxico.....	18
3.1. Motivación, misión, visión, valores e accións .....	18
3.2. Indicadores .....	38
3.3. <i>Benchmarking</i> e posicionamento.....	42
3.4. Análise DAFO .....	46
3.5. Axenda científica.....	48
3.6. Carteira de servizos .....	67
3.7. Seguimento externo .....	70
4. Estrutura de goberno .....	71
4.1. Descrición.....	71
4.1.1. A xunta directiva.....	71
4.1.2. A comisión científica.....	72
4.1.3. O director ou directora.....	72
4.1.4. O secretario ou secretaria.....	73
4.1.5. O consello asesor externo .....	73
4.2. Áreas científicas e funcionais .....	74
5. Recursos humanos.....	75
5.1. Membros do Instituto .....	75
5.2. Recursos humanos iniciais de investigación .....	75

Memoria de creación do Instituto de investigación LINGUA

5.3. Proceso de vinculación/desvinculación.....	78
5.4. Colaboracións.....	79
5.5. Recursos humanos técnicos e administrativos.....	79
6. Recursos materiais.....	80
7. Fontes de financiamento.....	84
8. Viabilidade e compromisos cuadrienais.....	90
9. Plan de igualdade.....	93
Anexo 1. Resumo das traxectorias académicas dos/as investigadores/as vinculados/as	
Anexo 2. Currículos abreviados dos/as investigadores/as promotores/as	
Anexo 3. Currículos abreviados dos/as investigadores/as garantes	

# 1. PREÁMBULO

Esta memoria é o resultado do traballo de varios meses de debate e consulta dos colectivos implicados na creación do Instituto Universitario de Investigación en Lingüística (iLingua) na Universidade de Vigo (UVigo) e de axentes externos coa experiencia na creación, posta a punto e participación en Institutos, nos que o eixe central é o estudo da lingua.

O procedemento de **consulta interna** desenvolveuse como segue a continuación. Por encargo da Reitoría da UVigo, o coordinador do presente documento, o profesor Javier Pérez Guerra púxose en contacto a finais do ano 2021 con todos os directores/as de grupos de investigación do ámbito de humanidades co obxectivo e/ou intereses en aspectos lingüísticos, así como co decanato da Facultade de Filoloxía Tradución (FFT). En concreto, a iniciativa foi comunicada aos grupos seguintes:

- Deseño de Modelos e Materiais Didácticos para o Ensino-Aprendizaxe de Linguas Estranxeiras
- Galician Observatory for Media Accessibility
- Gramática, Discurso e Sociedades
- GRILES
- Grupo de Investigación en Estudos Literarios e Culturais, Tradución e Interpretación
- Language Variation and Textual Categorisation
- Lingua e Literatura Galegas
- Lingüística Hispánica
- Tecnoloxías e Aplicacións da Lingua Galega
- Tradución & Paratradución.

Un grupo de traballo formado polo decano da FFT e por cinco investigadores/as pertencentes aos ámbitos de Filoloxía galega, Filoloxía inglesa, Filoloxía hispánica e lingüística, e Tradución e Interpretación, mantivo reunións regulares nas que se tomaron decisións sobre:

- procedementos de consulta co persoal de investigación da FFT
- enquisas de información académica do persoal investigador interesado en participar no futuro Instituto
- aplicación dos requisitos do persoal investigador vinculado, promotor e garante
- elaboración de contribucións á presente memoria.

As consultas externas foron materializadas en entrevistas con centros nacionais e internacionais de referencia, así como con persoal de investigación externo propostos polo grupo de traballo (véxase capítulo 3 ao respecto).

Como resultado de ditos procedementos, o Instituto de investigación de nova creación iLingua é resultado do actual liderado da UVigo e do seu persoal investigador en investigación lingüística para crear unha contorna multixeracional de excelencia en investigación con forte proxección internacional, capaz de

atraer talento e recursos. A iniciativa conta coa participación de todos os membros da comunidade académica da FFT que mostraron interese en involucrase nela, e está aberta a calquera adhesión, seguindo os protocolos establecidos (véxase ‘Recursos humanos’ ao respecto).

Esta memoria proporciona información sobre todos os aspectos requiridos pola normativa autonómica e pola UVigo. Canto á primeira, achégase, entre outros aspectos, información sobre:

- sistema de goberno e características do futuro regulamento do réxime interno
- organización interna do Instituto por áreas científicas e funcionais
- axenda científica
- indicadores de excelencia
- sistemas de monitorización externos
- plan de igualdade
- xustificación da necesidade de creación
- plan estratéxico
- benchmarking
- estudo de viabilidade económica, plan financeiro
- carteira de servizos
- inmoble que ocupará e infraestruturas propias de investigación.
- Canto á normativa da UVigo, vén incluída nesta memoria información sobre:
- xustificación do interese de creación
- plan estratéxico cos obxectivos principais e a adecuación ás estratexias da UVigo
- plan cuadrienal de investigación con liñas de investigación, proxectos estratéxicos, obxectivos de financiamento e estratexia de internacionalización
- plan de transferencia
- estrutura de goberno e regulamento de réxime interno
- proceso de vinculación e desvinculación formal do persoal investigador
- plan de captación de talento para conseguir a incorporación e a formación de novo talento investigador
- recursos técnicos e administrativos de apoio que precisa
- currículos normalizados resumidos das persoas investigadoras promotoras e garantes
- proxectos e contratos vixentes de persoas investigadoras e promotoras
- fontes de financiamento externo.

## 2. XUSTIFICACIÓN

A Xunta de Galicia aproba na Orde do 26 de marzo de 2021 a regulación do procedemento de aprobación de centros e Institutos de investigación do Sistema Universitario de Galicia (SUG). A investigación actual, responsable coa súa contorna económica e social, desenvólvese cada día máis en estruturas organizativas que involucran un grande número de persoas e infraestruturas, traballando conxuntamente en contextos moi competitivos e cada vez máis internacionalizados. Como consecuencia deste marco, é necesario crear ecosistemas que permitan integrar estas capacidades e favorecer unha axeitada interacción entre elas e todos os recursos que son precisos mobilizar. Conscientes desta necesidade, tanto as universidades galegas como a Xunta de Galicia, hai tempo iniciaron unha serie de accións e políticas que permitiran integrar e fortalecer capacidades a través da promoción e financiamento de estruturas organizativas estables de investigación cunha dinámica de funcionamento superior á do grupo, que permitía afrontar os retos que a investigación de excelencia e a transferencia de coñecemento á sociedade abordan hoxe. En efecto, para avanzar na implantación dunha estratexia que permitise en Galicia a creación de Centros e Institutos de I+D+i máis fortes e capaces de competir en contextos nacionais e internacionais, a Consellería competente en materia de universidades iniciou no ano 2008 o programa de agrupacións estratéxicas de investigación, no que se pretendía facer un esforzo adicional no obxectivo de consolidación e estruturación, que consistía en propiciar a agrupación e organización dos grupos de investigación máis dinámicos en torno a estruturas de investigación de dimensión superior ao grupo, tales como Institutos de investigación, Centros de referencia ou unidades de investigación doutros tipos. As agrupacións de persoal investigador do ámbito superior ao grupo aparecían definidas como estruturas organizativas esenciais da actividade investigadora das universidades, constituídas como unha ferramenta para conseguir obxectivos tales como interdisciplinidade, a masa crítica suficiente para garantir a eficiencia da tarefa investigadora, a visibilidade, o logro da excelencia investigadora, o aumento da obtención de coñecemento de interese socioeconómico e, en xeral, a mellor utilización dos recursos e capacidades dispoñibles no SUG.

No marco xurídico, o instrumento fundamental que permite despregar esta estratexia de centros de I+D+i universitarios, activando os procesos de agrupamento e especialización da investigación e instando ás Universidades á realización das reformas oportunas nesta dirección, é a Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario (texto consolidado). O seu artigo 40.1 (*Centros y estructuras*) indica:

*Las universidades podrán estructurarse, según lo determinen sus Estatutos, en campus, facultades, escuelas, departamentos, institutos universitarios de investigación, escuelas de doctorado o en otros centros o estructuras necesarios para el desarrollo de las funciones que le son propias.*

En concreto, o artigo 41.2 (*Creación, modificación y supresión de centros y estructuras*) outorga ás universidades a capacidade de crear institutos:

*La creación, modificación y supresión de departamentos, institutos, escuelas de doctorado y otros centros o estructuras corresponden a la universidad, conforme a lo estipulado en esta ley orgánica y en su normativa de desarrollo, así como en sus Estatutos*

Na UVigo, o ‘Regulamento de creación e de xestión dos institutos de investigación da Universidade de Vigo’, aprobado polo Claustro o 17 de decembro de 2021, recolle todas as condicións que un proxecto de creación e xestión de institutos de investigación debe cumprir na institución.

Como resumo, no contexto actual, cada vez máis interconectado e internacionalizado, resulta imprescindible, por unha banda, a planificación estratéxica a curto, medio e longo prazo das actividades de investigación, desenvolvemento e innovación e a súa harmonización co contexto nacional e internacional. Por outra banda, a coordinación de acción do I+D+i nun mesmo ámbito disciplinar é un obxectivo ineludible dende distintas perspectivas: a consecución de obxectivos científicos dun meirande alcance, o acceso a vías de financiamento da investigación e da atracción e captación de recursos humanos ou o posicionamento internacional da institución e os seus grupos de investigación. Fundar un Instituto de investigación propio como iLingua na UVigo está, en consecuencia, xustificado polas necesidades xa descritas, de especial relevancia nunha institución académica cun perfil marcadamente tecnolóxico que aposta tamén decididamente pola internacionalización e o prestixio da actividade científica, a investigación e a transferencia dos grupos de investigación do ámbito lingüístico. Igualmente, a creación dun Instituto específico sobre lingüística en Galicia, non orientado á investigación nunha lingua concreta, xustifícase sobre factores diferentes e complementarios. O relevante impacto social e económico da lingüística como disciplina e a súa imprescindible contribución ao desenvolvemento doutros eidos científicos situaron esta orientación científica nunha posición de liderado como motor do desenvolvemento de coñecemento. Estes factores, unidos á existencia dunha masa crítica de persoal investigador en lingüística de relevancia na institución, contando con referentes en todas as áreas, sustentan esta iniciativa que se presenta para a creación do iLingua.

A continuación ponse en contexto a investigación lingüística realizada no ámbito galego e da propia UVigo, nos que encaixará a activade do iLingua.

## **2.1. A investigación lingüística na contorna galega**

En Galicia, a investigación lingüística está asociada sobre todo con departamentos e grupos de investigación que se vinculan ás Facultades de Filoloxía das tres Universidades galegas (Universidade da Coruña ou UDC, Universidade de Santiago de Compostela ou USC e UVigo).

Na UDC existen grupos de investigación consolidados (<https://udc.es/gl/filo/investigacion>) que estudan a lingua e a literatura inglesa, a lingua e a literatura española, a lingua e a literatura galega, entre outras. Desenvolven liñas de investigación variadas nestes ámbitos, aínda que destacan as de orientación máis filolóxica, relacionadas coa lexicoloxía e a lexicografía, a historia da lingua e o estudo da lingua literaria. Tamén existen grupos e investigadores que traballan en lingüística de corpus (MUSTE), en lingüística informática (LyS) ou na análise do discurso (LiDeS). Na UDC impártense estudos de posgrao (mestrados e doutoramentos) en Lingüística Aplicada, Estudos Ingleses Avanzados, Estudos Lingüísticos e



Estudios Literarios. Todos estes programas de posgrao son interuniversitarios, conxuntamente coa UVigo (e no caso do mestrado e doutoramento en Estudos Ingleses Avanzados, tamén coa USC).

A USC é a máis antiga e de maior tamaño e, por iso, conta cun maior número de grupos de investigación radicados na súa Facultade de Filoloxía. Como na UDC, varios destes grupos desenvolven investigación sobre a lingua e literatura galega, española, inglesa etc., quizais cun maior peso relativo das linguas clásicas, dos estudos gramaticais teóricos e das aplicacións á ensinanza de linguas, ademais das liñas de orientación máis filolóxicas. Non faltan liñas de investigación relacionadas coa análise do discurso, a comunicación ou a lingüística de corpus. Á USC pertence tamén o Instituto da Lingua Galega (ILG) (<http://ilg.usc.gal>), con liñas de investigación relacionadas coa gramática, a dialectoloxía, a sociolingüística, a onomástica e a recompilación de diversos corpus da lingua galega.

En Santiago de Compostela (pero non como parte da súa Universidade) está situado o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH) (<http://www.cirp.gal>), con liñas de investigación lingüística parcialmente semellantes ás do ILG, relacionadas coa terminoloxía, a documentación da lingua medieval (latina e galega) e coa creación de corpus de referencia da lingua galega (Corga, por exemplo), entre outras.

A continuación, facilitamos información de redes, sociedades científicas e centros de investigación de Galicia:

**(i) Redes científicas:** Redes vinculadas ao perfil do iLingua que foron financiadas pola Xunta de Galicia (na actualidade, non existen convocatorias activas deste tipo de estruturas):

- Rede Galega de Lingüística de Corpus. Entidades participantes: Depto. de Informática (UVigo), Depto. de Tradución e Lingüística (UVigo), Depto. de Computación (UDC), Depto. de Lóxica (USC), Depto. de Filoloxía Española (USC). Investigador principal (IP): Guillermo Rojo Sánchez (USC).
- Rede Galega de Procesamento da Linguaxe e Recuperación da Información. Entidades participantes: Depto. de Informática (UVigo), Depto. de Tradución e Lingüística (UVigo), Depto. de Computación (UDC), Depto. de Lóxica (USC), Depto. de Electrónica e Computación (USC), Depto. de Filoloxía Española (USC). IP: Manuel Vilares Ferro (UVigo).
- Rede Recursos lingüísticos para unha Sociedade do Coñecemento (RELISCO). Entidades participantes: Lingua e Sociedade da Información (UDC), Gramática do español (USC), Filoloxía e Lingüística Galega (USC), Grupo de Investigación en Gramática e Léxico (UVigo), Compiladores e Linguaxes (UVigo), Grupo de Investigación de lingua española e linguas sinadas (UVigo). IP: Margarita Alonso Ramos (UDC).
- Rede TELGALICIA: Rede Galega de e-Learning. Entidades participantes: UVigo e USC. IP: Manuel Caeiro (UVigo).
- Rede de Investigación 'English Linguistics Circle' (ELC). Entidades participantes: USC e UVigo. IP: Teresa Fanego.
- Rede Temática Lingua e Ciencia. Entidade participante: grupo de investigación en Lexicografía GLEX (UDC).

A Axencia Galega de Innovación (GAIN) ofrece información sobre redes e proxectos europeos. Os que seguen están seleccionados por poder ser potencialmente de interese:

- ERRIN (<https://errin.eu>). Obxectivo: Incrementar as capacidades de Galicia en I+D+i e a súa visibilidade ante a Comisión e outras rexións europeas en materia de Innovación.

- PLACES (<https://www.openplaces.eu>): Rede europea de divulgación científica. Obxectivo: Desenvolver plans de acción locais entre as administracións locais e rexionais e as institucións de comunicación científica.
- Consorcio de Infraestrutura Común de Tecnología y Recursos Lingüísticos (CLARIN ERIC). Obxectivo: Participación activa neste consorcio de infraestruturas de investigación europeas.

**(ii) Centros de investigación:** Centros con liñas específicas en lingua/lingüística:

- Instituto da Lingua Galega da USC (<http://ilg.usc.gal>). Desenvolve unha intensa actividade investigadora nos ámbitos da lingüística e da Filoloxía galega e, ao mesmo tempo, en que o desenvolvemento de ferramentas e aplicacións tecnolóxicas que poñan a disposición da comunidade académica e da sociedade no seu conxunto o coñecemento xerado no marco das actividades de investigación. Ademais, contribúe decisivamente ao proceso de codificación ortográfica, gramatical, léxica e fonética do galego moderno.
- Seccións específicas da Real Academia Galega sobre investigación en terminoloxía (Termigal), lingua, onomástica, sociolingüística.
- Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades CRPIH (<https://www.cirp.gal>), “encargado de promover, desenvolver e dar difusión a proxectos e programas galegos de estudos lingüísticos, literarios, históricos e antropolóxicos”.

Outros centros:

- Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (CIFEX) da USC (<https://www.usc.gal/gl/institutos/cifex/index.html>), “un centro propio de investigación dende o que se coordinarán todos os proxectos e que facerán investigadores e docentes referentes á temática das relacións de xénero e das mulleres”.
- Instituto Universitario de Investigación Xustiza e Xénero (IXEX) da UVigo, instituto formado por profesionais de distintos ámbitos científicos (dereito, educación, historia, psicoloxía e economía) para a xeración e transmisión de coñecemento mediante a investigación sobre xénero e con perspectiva de xénero.
- Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, entidade mixta do CSIC e máis a Xunta de Galicia (IEGPS, Santiago de Compostela) (<https://iegps.csic.es>), con especialización en estudos científicos sobre arqueoloxía e historia.
- Instituto de Ciencias do Patrimonio CSIC (Incipit, Santiago de Compostela) (<https://delegacion.galicia.csic.es/presentacion>), da área de Humanidades e Ciencias Sociais, dedicado ao “estudo do patrimonio cultural como problema científico, abarcando a súa formación e orixe, a súa significación e sentido, os seus problemas de xestión, conservación e protección, o seu uso social e público, e as súas funcións e potencialidades para o desenvolvemento económico e sociocultural”.
- Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC), centro interuniversitario de investigación, integrado no SUG, con grupos do ámbito do iLingua como Estudos dos sistemas culturais galego, luso, brasileiro e africanos de lingua portuguesa (GALABRA) (IP: Elías Torres Feijo), Cátedra José Saramago (IP: Burghard Baltrusch) e proxecto Poesía actual e política II: conflito social e dialoxismos poéticos (IP: Burghard Baltrusch).

As opcións de colaboración con outros Centros ou Institutos de investigación galegos son factibles e moi positivas para o futuro do iLingua da UVigo. No que respecta ás sinerxías potenciais de traballo na investigación sobre a lingua galega, destacamos as opcións que ofrecerían os xa mencionados Instituto da Lingua Galega (ILG) e o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH). A

colaboración co ILG pode resultar doada e produtiva non só pola proximidade dalgúns dos seus proxectos e liñas de investigación, as cales conectarán con algunhas das desenvolvidas no iLingua, senón polo feito de que xa hai persoal investigador da UVigo que colaborou ou colabora nalgún deses proxectos do ILG, do mesmo xeito que persoal investigador do ILG colabora con proxectos promovidos por outras institucións. Algúns dos proxectos actualmente vixentes do ILG cos que se podería establecer sinerxías (xa non explicitamos aqueles corpus do galego oral, léxico e dialectal, que se poderían compartir nas investigacións do iLingua) son: interoperabilidade de recursos e produción automática de linguaxe natural (a través, por exemplo, do WordNet galego), cambio lingüístico e contacto de lingua na xuventude, e ferramenta en liña para experimentación perceptiva (FOLERPA). Xa no ámbito do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH), alén dos seus bancos de datos (Codolga, Palmed), corpus (Corga e Codolga) e de información bibliográfica (Bilega, Birmed), poden resultar especialmente interesantes os dous proxectos seguintes: Etiquetador/Lematizador do Galego Actual (Xiada 2.8) e Cotovía: Sistema de conversión texto-voz bilingüe para galego (nel xa participara a UVigo).

É igualmente relevante para o iLingua non só establecer relacións fluídas con tres institucións básicas para a lingua galega senón chegar a acordos con elas para desenvolver proxectos lingüísticos fundamentais para a lingua galega. Deste xeito, o persoal investigador do iLingua podería, por unha banda, colaborar cos resultados da súa investigación a un anovamento da lingüística galega e, por outra, aumentar a repercusión do seu traballo, sobre todo, dende a perspectiva da sociedade galega:

- Real Academia Galega (RAG). Dende o iLingua débese coordinar proxectos que, coa colaboración da RAG, signifiquen un avance e modernización en diferentes ámbitos do galego.
- Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia (SXPL): Algúns dos proxectos potenciais do iLingua poden encaixar de xeito preferente nos ámbitos promovidos dende a Xunta de Galicia a través da súa SXPL.
- Consello da Cultura Galega (CCG): Trátase dunha institución de referencia para a cultura galega e nin ela pode ser allea ao iLingua nin o iLingua poderá desenvolver algúns dos seus proxectos sen se (inter)relacionar con ela. O investigador vinculado Pablo Romero é membro deste organismo.

## **2.2. A investigación e maila transferencia no eido lingüístico na UVigo**

Os grupos de investigación da Universidade de Vigo situados na FFT (<http://fft.uvigo.es> > I+D+i; <https://bidi.uvigo.gal>) inclúen, como nas outras universidades galegas, liñas de investigación básica en lingua e literatura galega, española e outras linguas estranxeiras, así como na tradución e interpretación destas. A diferenza da UVigo máis visible está na presenza de estudos e investigacións sobre tradución e interpretación, ao ser a única Universidade galega con estudos de grao e posgrao neste ámbito. Igualmente, pódese constatar a presenza de liñas específicas sobre outros aspectos vinculados á mediación intercultural, as tecnoloxías aplicadas ao procesamento lingüístico, as relacións entre linguaxe, discurso e sociedade, a atención destacada á lingua de signos ou á variación lingüística (incluíndo a variación en, por exemplo, o inglés como lingua global). Todo isto configura un punto de partida idóneo para o desenvolvemento da investigación e a transferencia sobre a linguaxe e as linguas no mundo contemporáneo.

Nas convocatorias máis recentes de axudas de consolidación de grupos de investigación da Xunta de Galicia, os seguintes equipos da UVigo foron merecedores de:

- axudas Grupo de Potencial Crecedemento (GPC):
  - grupo GRADES: Gramática, Discurso e Sociedades
- axudas Grupo de Referencia Competitiva (GRC):
  - grupo Language Variation and Textual Categorisation (LVTC)
  - grupo de investigación en Estudos Literarios e Culturais, Tradución e Interpretación
  - grupo de investigación Compiladores y Lenguajes (COLE).

En resumo, na UVigo a investigación en lingüística conta cunha traxectoria consolidada e o seu persoal investigador ten presenza sólida e estable nos foros nacionais e internacionais de referencia. Esta posición pode e debe ser rendibilizada e potenciada dotando ao SUG dun foco de especialización en lingüística orientado á excelencia que optimice a cooperación e a masa crítica actualmente activas. Para facer realidade o Instituto, será imprescindible a colaboración e os apoios institucionais da UVigo e a Xunta de Galicia necesarios para proporcionar os recursos materiais e a estrutura de persoal necesaria e así poder reafirmar e materializar este plan estratéxico.

O persoal investigador vinculado ao Instituto está a transferir os resultados da súa investigación a numerosas institucións galegas, estatais e internacionais, coas que colabora e ás que asesora en diferentes proxectos. Son numerosos os exemplos da actividade de transferencia dos grupos de investigación mencionados con anterioridade mediante accións que poderán ser coordinadas e fornecidas dende o iLingua: actividades de divulgación mediante a impartición de conferencias e a participación en mesas redondas, a organización de congresos científicos ou exposicións abertos á sociedade, as publicacións de carácter divulgativo, as intervencións en medios de comunicación (televisión, radio, prensa escrita), a tradución de textos para unha audiencia non especializada ou a pertenza a comités e tribunais de premios non estritamente científicos. Unicamente como exemplos aleatorios, mencionaremos as colaboracións en informes sobre cuestións lingüísticas de María del Carmen Cabeza Pereiro no ‘II Informe sobre la situación lingüística de la LSE’ (Centro de Normalización Lingüística de la LSE, CNLSE), de Miguel Cuevas Alonso como membro do Consejo Independiente de Protección de la Infancia, de Dolores González Álvarez en accións de política lingüística como na creación do Documento Marco de Política Lingüística para la Internacionalización del Sistema Universitario Español para a Conferencia de Reitores das Universidades Españolas, de asesoría a autoridades educativas e políticas e a participación en mesas lingüísticas sobre acreditacións lingüísticas, ou de creación da proba de acreditación (lingüístico-metodolóxica) para a docencia nun idioma estranxeiro HELA – Higher Education Lecturing Accreditation, de Javier Pérez Guerra na elaboración do informe sobre la acreditación lingüística por encargo do British Council, ou de Maribel del Pozo Triviño en desenvolvementos lexislativos (transposición da Directiva 2010/64/UE do Parlamento Europeo e do Consello do 20 de outubro de 2010 relativa ao dereito a interpretación e a tradución nos procesos penais na Lei Orgánica 5/2015 e a Lei Orgánica 6/1985; lei do Rexistro de Tradutores e Intérpretes xudiciais) ou no asesoramento e formación dirixida a profesionais de seguridade, xudicatura, medicina, traballo social, psicoloxía, ONG etc. sobre como traballar con intérpretes para comunicarse con persoas estranxeiras o xordas. No que atixe á edición e/ou participación en materiais audiovisuais de divulgación, destacamos producións audiovisuais de eventos científicos e de difusión como a de Xosé Antonio Fernández Salgado (<https://www.youtube.com/watch?v=bduulq5FP7Q>), Rosalía Rodríguez Vázquez (<https://www.youtube.com/watch?v=85c-4Oy6Iuw>;

<https://tv.uvigo.es/video/6044be477f4538312376a202>), José Yuste Frías (pílulas ‘T&P’: <https://www.joseyustefrias.com/pildoras-tp>). Finalmente, exemplificamos a participación en iniciativas institucionais de divulgación a través das accións de Inmaculada C. Báez Montero no calendario dos grupos de investigación da UVigo como parte da campaña das mulleres na ciencia, ou de Rosalía Rodríguez Vázquez na Galician Night of Researchers G-NIGHT. No que respecta a recursos informáticos, tamén de xeito prospectivo, mencionamos o desenvolvemento de Miguel Cuevas Alonso do Artificial Intelligence Search Engine for Linguistic Gender Bias in Academic Texts, o UVigo Word Counter Tool, o Metadiscourse Analyzer; de Elena Sánchez Trigo, a creación do portal online recursos multilingües e acceso libre RERCOR (Recursos sobre enfermidades raras), con interface en catro linguas (inglés, español, francés, galego), a compilación de corpus (Nuria Yáñez Bouza: ‘Image to Text – The Mary Hamilton Papers (c.1750–c.1820); Elena Seoane: International Corpus of English–Gibraltar). As actividades de investigación contratadas con empresas (artigo 83) son numerosas; mencionamos aquí os numerosos contratos de Miguel Cuevas Alonso sobre terminoloxía, análise de datos lingüísticos, estándares da web semántica ou de corrección e revisión lingüística.

Dámos a continuación conta de moitas outras accións de transferencia desenvolvidas polos membros integrados no iLingua que merecen atención especialmente destacada. As investigadoras Lourdes Lorenzo García e Ana María Pereira Rodríguez, ademais dunha actividade intensa en tradución literaria para editoriais (Everest, Biblos Clube de Lectores), de asesoramento no ámbito (obradoiro de tradución de Queen’s College da Universidade de Oxford) e de xurado de premios de tradución (destacando aquí a súa participación en edicións dos premios ATRAE, galardóns españois outorgados ás mellores traducións audiovisuais), desenvolveron labores de transferencia en tradución audiovisual: grupo de traballo de persoas expertas en accesibilidade (subtitulado para xordos) na televisión dixital do Foro Técnico da Televisión Dixital (Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio), na revisión e elaboración da nova norma UNE 153010 (2012) de Subtitulado para persoas xordas e persoas con discapacidade auditiva para a Asociación Española de Normalización e Certificación (AENOR) –esta norma usarase para a formación de subtituladores/as profesionais en todos os graos e mestrados de tradución audiovisual na universidade do noso país e é a empregada tanto polas empresas que elaboran subtítulos para a televisión, cine, DVD e ademais produtos audiovisuais (Interpunct, SDI Media, Pangeanic, I-Disc, Cinescript, MQD, Teltek Video Research, Babalúvox etc.) como polos profesionais das cadeas de televisión españolas. Igualmente, estas investigadoras encargáronse da coordinación da subtitulación a distintas linguas, de realizar a accesibilidade (subtitulación para xordos, basicamente) ou o control de calidade en diversos ciclos de cine (Concello de Vigo, Deputación de A Coruña), festivais (FIC Bueu, Festival de Cine de Verín, Festival de Cans, Festival de Cine Inclusivo de Vigo) e para produtoras (Vía Láctea Filmes, Pixifilms). Non menos importante é o seu labor en colexios, institutos e na UNED na formación de docentes en temas de accesibilidade e inclusión social focalizando o uso pedagóxico de programas de subtitulación nas aulas de linguas, as bases da subtitulación para xordos, a audiodescrición para cegos e a lectura fácil para persoas con problemas de comprensión lectora. Recentemente, realizaron asesoramento técnico á CRTVG no proxecto “Sinxelo” (adaptación diaria de noticias para persoas con dificultades de comprensión lectora, segundo os protocolos de lectura fácil) e ás editoriais Galaxia (Vigo) e La mar de fácil (Barcelona), e nas adaptacións a lectura fácil de obras literarias. O grupo BiFeGa, mediante o traballo de principalmente a súa investigadora Maribel del Pozo Triviño no campo da interpretación de servizos públicos, colabora con organismos públicos como

Ministerios, Consello Xeral da Avogacía ou a Delegación do Goberno para a violencia de xénero, ademais de co terceiro sector sobre como mellorar a comunicación mediada por intérpretes. Inclúense colaboracións con Accem, Cruz Vermella, Air, Provivienda etc., así como con outras entidades implicadas na loita contra a violencia de xénero e a trata con fins de explotación sexual: Fundación Ana Bella, Faraxa, Rede Veciñal contra os malos tratos etc. Dende o grupo de investigación GALMA, dedicado á tradución e ás accesibilidade aos medios audiovisuais para todas as persoas, investigadores coordinados por Pablo Romero Fresco contan con colaboracións coas Nacións Unidas para mellorar a calidade do seu subtítulado, co Parlamento Europeo, mediante a asesoría para a introdución dos seus novos servizos de interpretación e accesibilidade, co goberno británico, para a avaliación da calidade dos subtítulos empregados nos principais canles de televisión, e co Goberno canadiano, coa introdución na súa lexislación de accesibilidade do modelo de avaliación de subtítulado NER, desenvolvido por membros do antedito grupo. Trabállase ademais nese grupo con empresas punteiras no mundo do audiovisual, como Netflix (mediante obradoiros de cine accesible impartidos nas súas oficinas de Hollywood e coa actualización das súas directrices de audiodescrición para persoas cegas), AiMedia (formación en subtítulado), Subti (formación en cine accesible) ou Sorenson, Vitac e JP Morgan, que precisan formar os seus equipos para que poidan avaliar os subtítulos co modelo NER. Estanse a facer ademais traballos de asesoría para canles de televisión, como TVE (avaliación da calidade do subtítulado automático en galego e castelán), Sky (avaliación da calidade do subtítulado automático en inglés), asociacións de usuarios como Royal National Institute for the Deaf, Royal National Institute of Blind People e Torino Cultura Accesible, así como para festivais de cine como Festival Internacional de Cine de Mar del Plata, Festival Ver Ouvindo (Recife, Brasil). En Galicia, colabórase neste ámbito da tradución audiovisual e accesibilidade con produtoras como Rebordelos, Maruxiña Films, Ledo Films ou co Festival de Cans. A profesora Sánchez Trigo, como experta en tradución de textos médicos, foi nomeada asesora de la Asociación española contra las enfermedades neuromusculares (ASEM) para a tradución de textos que permitan pór ao dispor de persoas afectadas e profesionais textos caracterizados pola súa calidade científica e actualidade. A profesora Inmaculada Anaya Revuelta creou o grupo Evágora, Servizo de Redacción e Revisión de textos da UVigo, que logo se ampliaría a asesoría en comunicación. Igualmente, asinou un convenio de colaboración entre o Círculo de Empresarios de Galicia. Entre os traballos levados a cabo destacan: a revisión e reelaboración dos Estatutos Sociais e a redacción dos boletíns internos, cartas, informes etc., así como diversas colaboracións co Instituto de Comunicación Empresarial (ICE), dirixido por Manuel Campo Vidal. A profesora Anaya, como experta en ictioloxía e ictionimia, colaborou na redacción do Catálogo de especies pesqueiras comerciais de 2017 (CONXEMAR, Asociación Española de Maioristas, importadores, transformadores e exportadores de produtos da Pesca e Acuicultura), presentado na Comisión de Pesca do Parlamento Europeo ante autoridades e expertos, que a definiron como “unha referencia para os profesionais do sector pesqueiro e unha mostra da importancia e vitalidade da industria pesqueira en Galicia”. Entre os traballos de consultaría e asistencia técnica en temas de comunicación oral, destaca o feito para o Grupo Radio Vigo Cadea SER (análise pormenorizada da expresión oral dos programas informativos emitidos pola cadea), para Artai corretoría de seguros S.A. (reformulación de folletos, funcións do corredor, produtos etc.), así como outros traballos de asesoría técnica e cursos de formación impartidos as entidades e empresas como Gamesa (parque empresarial Zamudio, Bilbao), Colegio de Ingenieros de Caminos, Canales y Puertos de Madrid e da Coruña, Área Portuaria de Vigo, Pescanova, Hospital Fátima, Zona Franca de Vigo, Tsolar (Madrid), Aldesa construcciones (Madrid), Aquagest (agora, Viaqua), Confederación de empresarios da Coruña (CEC), Confederación hidrográfica de

Porriño, ESADE Barcelona, Altran S.L., Escola de Negocios Caixanova, Aproín, Concello de Vigo ou Canal Uno comunicación.

A investigación e a transferencia desenvolvidas polo persoal integrado na presente solicitude do iLingua implica en ocasións unha serie de colaboracións externas que fornecen o posicionamento tanto dos recursos humanos como dos seus traballos e entregables. A continuación lístanse exemplos das anteditas colaboracións:

- Arquivo do Galego Oral (Instituto da Lingua Galega – USC) (Xosé Henrique Costas González)
- CELGA-ILTEC – Universidade de Coimbra (Susana Rodríguez Barcia)
- Centre de Recherche en Linguistique Appliquée (CeRLA), Université Lumière Lyon 2 (Alexandre Rodríguez Guerra)
- Centro Internacional de Estudios sobre el Romanticismo Hispánico Ermanno Caldera (Montserrat Ribao Pereira)
- CIELS, Bolonia (Maribel del Pozo Triviño)
- Clúster Creative, Liveable and Sustainable Communities, Whitaker Institute for Innovation and Societal Change (M. Teresa Caneda Cabrera)
- colaboracións continuadas con diferentes institucións/laboratorios de psicolingüística e multilingüismo en EEUU, América Latina, diferentes países de Europa, Asia, Australia (entre outros, Bilingualism Research Lab, University of Illinois at Chicago; ELEBILAB Bilingualism Lab, University of the Basque Country; Humanities Lab, Lund University; Polar Lab, Tromso; Code-switching group, Cambridge University; Bilingualism Center, Bangor University; Linguistics, Australian National University) (M. Carmen Parafita Couto)
- Consello Científico do Instituto da Lingua Galega (USC) (Xosé Antonio Fernández Salgado)
- Consorcio internacional ‘International Corpus of English’ (Elena Seoane Posse)
- Consorcio internacional ARCHER – A Representative Corpus of Historical English Registers (Nuria Yáñez Bouza)
- EALitES ULE (Grupo de Innovación Docente da Universidade de León (Montserrat Ribao Pereira)
- ENPSIT European Network for Public Service Interpreting & Translation (Maribel del Pozo Triviño)
- Grupo de investigación de AtlanTTic (UVigo): proxecto de recoñecemento automático de signos (María del Carmen Cabeza Pereiro)
- Grupo de investigación do Dicionario Etimolóxico da Lingua Galega (Xosé Henrique Costas González)
- Grupo de investigación Estudos Humanísticos em Migrações & Marginalização, Centro de Estudos Humanísticos da Universidade do Minho (Maribel del Pozo Triviño)
- Grupo de investigación GENTT, Universidade Jaime I (Maribel del Pozo Triviño)
- Grupo de Psicología Forense (Universidade de Santiago de Compostela) (Miguel Cuevas Alonso)
- Grupo Genre et littérature da Universidade de Rennes 2 (Antonio Chas Aguión)
- Grupo KOINE (Universidade de Santiago de Compostela) (Miguel Cuevas Alonso)
- grupo MORPHE – Texto e memoria do Centro de Estudos Comparatistas da Universidade de Lisboa) (Antonio Chas Aguión)
- Grupo VLCC (USC) (Javier Pérez Guerra)
- Grupos de investigación SIR 2014, RBSI14IDE8 e PRIN/Prot. 2017T2SK93\_004 (Italia) (Antonio Chas Aguión)
- ICAME Executive Board (Nuria Yáñez Bouza)
- Instituto Politécnico de Porto (Miguel Cuevas Alonso)

- KU Leuven (Javier Pérez Guerra)
- Laboratorio de Fonética Experimental (Universidad de Oviedo) (Miguel Cuevas Alonso)
- Monash University (Australia) (Maribel del Pozo Triviño)
- Northern Arizona University (Elena Seoane Posse)
- Proxecto Terminology Without Borders, Unidade de Coordinación Terminolóxica do Parlamento Europeo (Maribel del Pozo Triviño)
- Red interuniversitaria COMUNICA (Maribel del Pozo Triviño)
- Red TREC (Maribel del Pozo Triviño)
- Rede de Escolas asociadas á UNESCO, Cátedra UNESCO en Educación Transformadora: Ciencia, Comunicación y Sociedad (Miguel Cuevas Alonso)
- Rede interdisciplinar de Estudos Medievales (Antonio Chas Aguión)
- Research Center for World Englishes (Regensburg) (Elena Seoane Posse)
- Romanische Seminar da Universidade de Zúrich (Miguel Cuevas Alonso)
- Technische Universität Dortmund (Elena Seoane Posse)
- Trinity College Dublin (Maribel del Pozo Triviño)
- Universidad de Bamberg (Elena Seoane Posse)
- Universidad de Helsinki (Elena Seoane Posse)
- Universidade de Barcelona, Laboratori de Fonètica (Rosalía Rodríguez Vázquez)
- Universidade de Estambul (Maribel del Pozo Triviño)
- Universidade de Gante (Maribel del Pozo Triviño)
- Universidade de Graz (Javier Pérez Guerra)
- Universidade de Las Palmas de Gran Canaria, programa de doutoramento en Estudos Lingüísticos y Literarios en sus Contextos Socioculturales (DELLCOS) (Nuria Yáñez Bouza)
- Universidade de Lisboa, LabFon – Laboratório de Fonética e Fonologia (Rosalía Rodríguez Vázquez)
- Universidade de Mainz (Javier Pérez Guerra)
- Universidade de Neuchâtel (Javier Pérez Guerra)
- Universidade de Oslo (Nuria Yáñez Bouza)
- Universidade de Salamanca, proxecto ‘El Quijote Transnacional’ (José Montero Reguera)
- Universidade de Santiago de Compostela, grupo Eco-fictions: Emergent Discourses on Woman and Nature in Galicia and Ireland (M. Teresa Caneda Cabrera)
- Universidade de Santiago de Compostela, grupo VLCCG (Nuria Yáñez Bouza)
- Universidade de Santiago de Compostela, grupo Women’s Tales”: The Short Fiction of Contemporary British Writers, 1974-2013 (M. Teresa Caneda Cabrera)
- Universidade de Zurich (Elena Seoane Posse)
- Universidade do País Vasco (Nuria Yáñez Bouza)
- Universidade Pompeu Fabra, Grup d'Estudis de Prosòdia (Rosalía Rodríguez Vázquez)
- Università degli Studi di Udine (Montserrat Ribao Pereira)
- Universitat Pompeu Fabra, Centro Virtual del Instituto Cervantes con el Observatori de Neologia do grupo IULATERM (Inmaculada Anaya Revuelta).

Cando se trata de avaliar a viabilidade e posible traxectoria dun Instituto de investigación en lingüística como o iLingua debe tomarse en consideración o potencial da comunidade científica activa actualmente no SUG e concretamente na UVigo así como os indicadores de *input* e *output* asociados. Dende esa perspectiva, a UVigo conta, potencialmente, coas capacidades que fornecen os 38 investigadores/as actualmente interesados/as en adscribirse ao futuro iLingua. Este conxunto de persoal investigador xerou



no período de 2019–2022 90 sexenios investigación, 9 sexenios de transferencia, 37 teses doutorais codirixidas e defendidas no período; conseguiron 14 proxectos do plan estatal, 7 proxectos internacionais e 2 na categoría de outros proxectos; ademais participaron noutros 93 proxectos en que os membros non son investigadores/as principais. No período xeraron 127 publicacións de impacto en revistas WoS/JCR, SJR/Scopus, ERIH+; publicáronse 114 libros e capítulos publicados en editoriais de impacto con indicación relevante en SPI; participaron en 29 contratos de colaboración coa industria ou institucións; e conseguiron 10 contratos predoutorais competitivos supervisados e 5 contratos posdoutorais competitivos.

Como colofón, a investigación en lingüística levada a cabo en Galicia goza actualmente dun importante recoñecemento, tanto estatal como internacional, e dunha presenza sólida e estable nos foros internacionais. Coa iniciativa do iLingua, o persoal investigador en lingüística da UVigo ten a oportunidade de optimizar a coordinación, mellorar indicadores de desempeño e aumentar a súa visibilidade internacional conforme ás súas capacidades reais e acadar niveis sostibles de financiamento autonómico, estatal e internacional. Neste contexto, resulta estratéxico aproveitar as iniciativas da Xunta de Galicia, da UVigo e do persoal investigador en lingüística da institución para crear unha contorna multixeracional de excelencia en investigación con forte proxección internacional, capaz de atraer talento e recursos. A aplicación de políticas de captación e atracción de recursos humanos axeitadas asociadas a un centro constituído como unha contorna de investigación atractiva debera contribuír a corrixir a situación actual da comunidade investigadora, facilitando un relevo xeracional e poñer en relevancia a posición acadada pola comunidade científica neste ámbito. No contexto referido existe unha oportunidade para crear o iLingua co propósito de que teña un impacto significativo na sociedade e materialice unha axenda científica que propicie o acceso a fontes de financiamento competitivas.

## 3. PLAN ESTRATÉXICO

No contexto referido existe unha oportunidade para crear o iLingua, co obxectivo de que acade un impacto significativo na sociedade que poida constituír un referente nacional e internacional, materializando unha axenda científica que propicie o acceso a fontes de financiamento competitivas. A continuación, desenvolvemos os elementos centrais do plan estratéxico: motivación, accións, posicionamento e axenda científica, entre outros.

### 3.1. Motivación, misión, visión, valores e accións

Co obxectivo de manter e avanzar no posicionamento do ámbito lingüístico na UVigo, co compromiso institucional e co obxectivo estratéxico de conformar unha entidade de investigación referente e competitiva con capacidade para acceder no curto e medio prazo aos programas relevantes de fortalecemento institucional, a institución propón a creación e o establecemento do iLingua sobre a **motivación** de:

- compartir visión e estratexia para aproveitar a capacidade e a reputación actuais da lingüística na UVigo, creando unha entidade de I+D+i sostible, con relevante impacto académico, social e económico no seu ámbito xeográfico
- integrar as capacidades científicas e tecnolóxicas máis competitivas dos grupos, aliñadas cos retos globais definidos polos Programas Marco europeo (Horizon Europe), a Estratexia Estatal de Innovación e a RIS3 de Galicia
- rendibilizar a experiencia organizativa e colaborativa dos grupos e o seu impacto, asegurando a eficiencia nos procesos de transferencia e o obxectivo de converter os progresos na axenda científica común en impacto social e económico.

Derivada da motivación, a **misión** do iLingua non é outra que promover e realizar investigación en lingüística de primeiro nivel, ofrecendo infraestruturas científicas para fomentar os avances de vangarda, desenvolvendo investigación transnacional de excelencia, coa **visión** de que o Instituto:

- acade recoñecemento internacional como un centro líder en investigación e innovación científica e tecnolóxica no eido da lingüística, impulsando a multidisciplinariedade e atraendo talento
- contribúa ao benestar da sociedade mediante a aplicación do coñecemento e da tecnoloxía derivados da investigación desenvolvida
- reforce sinerxías entre a investigación básica e a aplicada para promover a investigación punteira en lingüística.

iLingua está constituído co impulso dun colectivo científico suficiente e solvente buscando a conformación de **activos** como:

- a excelencia, centrada na investigación, a innovación, a formación e a titoría solventes e sustentadas nunha xestión eficiente e unha gobernanza sólida
- a contorna atractiva para o desenvolvemento de carreiras científicas competitivas, con capacidade para atraer e reter talento, proporcionando unha formación completa e profesionalizante para a mocidade investigadora
- a cultura colaborativa, orientada internamente entre grupos de investigación e externamente con outros socios académicos, industriais e sociais, galegos, españois e internacionais
- a capacidade de impacto, na industria e na sociedade, a partir dun enfoque orientado á aplicación innovadora da lingüística para resolver desafíos industriais e sociais, e a capacitación de profesionais especializados
- a estratexia e compromiso de transferencia, proporcionando á industria autonómica e nacional unha vantaxe competitiva sostible a través dun fácil acceso á tecnoloxía habilitadora líder no mundo
- a avaliación continuada, o compromiso ético e maila rendición de contas.

Definidos os activos e as motivacións do Instituto para a consecución da súa misión dende a súa creación e posta en marcha, o plan estratéxico conta cunha serie de **valores transversais** que estarán presentes en todas as accións a desenvolver. Por unha banda, esta proposta inicial pretende reflectir os valores principais que subxacen á visión fundacional do Centro, aliñado cós mandatos da *European Charter for Researchers*:

- a *liberdade académica*, para a investigación e a innovación, permitindo a xeración de ideas novidosas e pouco convencionais e, por tanto, contribuíndo á expansión das fronteiras do coñecemento científico
- a *excelencia*, apoiando a iniciativa e a experiencia, así como a orientación á investigación e á innovación, a formación e o *mentoring* excepcional, a xestión eficiente e efectiva, e o goberno transparente
- a *igualdade de oportunidades e trato*, independentemente do sexo, a idade, a condición social ou relixiosa. Para iso, recoñecerase a diversidade e promoverase a equidade e as vocacións femininas, apoiando o desenvolvemento das diferentes capacidades, talentos e opinións dos membros do Instituto.
- a *orientación aos retos globais*, dirixindo os esforzos do Instituto para tratar con estes problemas que afectan á sociedade e ao seu benestar nun sentido global
- a *colaboración*, tanto internamente entre membros do Instituto, contribuíndo aos distintos programas e áreas de investigación, como externamente con socios do ámbito académico, industrial e social, galegos, españois e internacionais
- a *ética e rendición de contas* en todos os aspectos de cada actividade do Instituto, cunha actitude profesional e responsable, establecendo un código de boas prácticas
- o *compromiso coa ciencia en aberto* en todas as actividades, apoiando non só as publicacións en aberto senón tamén os datos e o código en aberto.

Igualmente, o iLingua comparte coa Axenda 2030 o seu compromiso coas ODS aliñadas co seu ámbito, con especial atención a:

- ODS4 (educación), polo desenvolvemento de programas dirixidos á captación de talento excelente e nas súas actividades de comunicación e divulgación científica, facilitando a través das súas actuacións no acceso igualitario a programas científicos de calidade
- ODS5 (igualdade de xénero), pola que o Instituto impulsará e fomentará as medidas necesarias para conseguir unha igualdade efectiva a nivel interno e nas actuacións que deriven das súas funcións

- ODS8 (promover o crecemento económico inclusivo e sostible, o emprego e o traballo decente para todos/as), pola que o iLingua fará unha aposta clara pola transferencia á sociedades, polo contacto con empresas e institucións e pola captación de recursos humanos nas condicións máis favorables para o/a traballador/a.

A estratexia de futuro establécese baixo catro **perspectivas claves** do Instituto: a excelencia científica, a atracción de talento, a internacionalización e a coordinación da xestión:

- *Estratexia 1: Axenda científica orientada e especializada:* O establecemento dunha axenda de investigación común que promova a multidisciplinariedade a través da colaboración entre grupos e institucións e o fortalecemento de relacións internacionais e coa industria promoverán a excelencia científica e o potencial de transferencia de coñecemento.
- *Estratexia 2: Talento:* A proposta pola incorporación e retención de talento fortalecerá as capacidades do iLingua e provocará a consecución do grao de competitividade necesario para o éxito na captación de financiamento competitivo.
- *Estratexia 3: Internacional:* Co obxectivo de aumentar a competitividade e a visibilidade da investigación desenvolvida no iLingua, avanza en:
  - incentivar as colaboracións internacionais con centros de referencia, proxectos, redes, grupos etc. en accións de I+D+i, co-dirección e co-tutela de teses de doutoramento
  - aumentar a presenza en foros internacionais e consolidando os eventos internacionais
  - aumentar a mobilidade dos recursos humanos do Instituto (persoal en formación e sénior)
  - fomentar o salto cuantitativo na participación de proxectos Horizon Europe
- *Estratexia 4: Impacto económico e social:* Achega de solucións aos retos propostos nas axendas de investigación e innovación galega, española e internacional.
- *Estratexia 4: Gobernanza:* O liderado, aliñamento, coordinación e capacidade de reacción inmediata serán claves para mellorar a xestión da actividade investigadora e innovadora. Os aspectos da operativa do Instituto estarán suxeitos á avaliación regular, independente e externa, de xeito que todos os membros disporán de avaliacións que permitan recompensar o bo rendemento.

Para despreñar a formulación estratéxica establécense sete **eixes** que describen o tipo de acción:

- E1. Cultura
- E2. Gobernanza, organización e xestión
- E3. Investigación
- E4. Recursos Humanos
- E5. Formación
- E6. Innovación e transferencia
- E7. Divulgación da ciencia

cos correspondentes sete **obxectivos estratéxicos**:

- OE1. Crear cultura de centro
- OE2. Poñer en funcionamento e organizar iLingua
- OE3. Desenvolver ciencia de excelencia multidisciplinar e competitiva
- OE4. Apoiar o desenvolvemento profesional de profesionais competentes

## Memoria de creación do Instituto de investigación LINGUA

- OE5. Contribuír a crear novas xeracións de científicos/as en lingüística
- OE6. Resolver retos sociais
- OE7. Incluír á sociedade nos avances científicos.

## Mapa de accións

EIXES	OBXECTIVO ESTRATÉXICO	ACCÍONS
CULTURA	OE1. Crear cultura de Centro	A1. Crear unha cultura de fortalecemento institucional A2. Deseñar a política de comunicación interna e externa do Instituto A3. Nomear membros e despregar a gobernanza
GOBERNANZA, ORGANIZACIÓN E XESTIÓN	OE2. Poñer en funcionamento e organizar iLingua	A4. Establecer política de Instituto: avaliación institucional, publicación, difusión e boas prácticas en investigación A5. Implantar dinámicas para a xestión eficiente: Regulamento de Réxime Interno; manual de procesos etc. A6. Definir prioridades no despregue da axenda científica
INVESTIGACIÓN	OE3. Desenvolver ciencia de excelencia multidisciplinar e competitiva	A7. Deseñar unha convocatoria interna iLingua de programas colaborativos A8 Definir a política de alianzas e de internacionalización A9. Elaborar un plan de financiamento competitivo
CAPITAL HUMANO	OE4. Apoiar o desenvolvemento profesional de profesionais competentes	A10. Incorporación de persoal investigador A11 Programa de mobilidade iLingua
FORMACIÓN	OE5. Contribuír a crear as novas xeracións de científicos/as en lingüística e as súas aplicacións	A12. Deseñar e implantar un programa posdoutoral A13. Deseñar e implantar programas de seminarios científicos internacionais e de profesorado visitante
INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA	OE6. Resolver retos sociais	A14. Potenciar as modalidades de investigación contratada
DIVULGACION DA CIENCIA	OE7. Incluir a sociedade nos avances científicos	A15. Deseñar e implantar un plan de divulgación e difusión da ciencia

## Fichas descritivas das accións

### CULTURA

#### **Acción 1      Crear unha cultura de fortalecemento institucional**

##### **Descrición:**

Crear unha cultura de fortalecemento institucional para que cada investigador/a asuma o compromiso de facer do iLingua unha organización orientada á excelencia e así consolidar o sentimento de pertenza ao centro, xerar sinerxías mediante o coñecemento mutuo.

##### *Medida 1*

**Xestión eficiente das reunións da xunta directiva e maila comisión científica.** Establecemento de dinámicas de xestión para profesionalizar a xestión, implicar o persoal na toma de decisións e asegurar a transparencia.

##### *Medida 2*

**Organizar reunións periódicas para crear sinerxías.** Os proxectos colaborativos deberán constituír un dos piares básicos da actividade do iLingua e teñen como obxectivo estimular a investigación cooperativa entre os distintos grupos de investigación, xuntando esforzos e buscando sinerxías e capacidades complementarias como o intercambio de recursos e coñecementos, de xeito que se poidan abordar cuestións complexas relacionadas. Serán requiridas medidas adicionais para fomentar a interacción entre os grupos, para o que se prevé a organización de reunións periódicas co persoal do Instituto, tanto con obxectivos de xestión e toma de decisión como para informar á comunidade científica. Inicialmente, están previstas as seguintes reunións, adoptando o formato que se definirá posteriormente:

1) **Happy Day iLingua:** Evento para crear comunidade. Trátase dunha reunión de presentación dos principais asuntos a toda a comunidade. Liderado dende a dirección, propóñense formatos dinámicos como *Elevator pitch* de predocs e postdocs sobre os seus ámbitos de investigación. Os contidos van mudando en cada edición, tendo en conta propostas innovadoras.

2) **Foro trimestral de investigadores/as** do iLingua para fomentar as reunións informais entre persoal sénior de distintos grupos e equipos para promover liñas de investigación conxuntas que poderían ter apoio dende o Instituto. Estes encontros teñen como obxectivos:

- potenciar a colaboración entre persoal investigador
- construír un espazo de encontro para o debate científico
- contribuír na formación de persoal investigador, favorecendo a transferencia de resultados de investigación.

**Acción 2      Diseñar a política de comunicación interna e externa do centro**

**Descrición:**

O novo Instituto require dun claro e ambicioso ‘Plan de comunicación interna e externa.

**Medida 1**

**Plan de comunicación interna:**

- establecemento dos mecanismos de comunicación interna entre a dirección e os investigadores/as, definindo para iso unha canle de comunicación interna (por exemplo, *newsletter* a través da lista de distribución, intranet etc.) na que se publicarán as noticias de interese para os membros do iLingua (por exemplo, oportunidades de financiamento, congresos internacionais).
- programación de reunións virtuais/físicas, notas das reunións da xunta directiva etc.

**Medida 2**

**Plan de comunicación externa:**


- crear a imaxe corporativa do iLingua creando logos normalizando documentos, presentacións etc. evitando o formato libre en todos os casos. Para isto, partirase do logo:

Instituto de investigación  
Lingua

---


Universidade de Vigo

e o símbolo, creados pola Área de Imaxe da UVigo:





- crear a web do iLingua manténdoa periodicamente actualizada, partindo da base xa dispoñible:



- presenza nas redes sociais, principalmente en X/Twitter, mediante comunicacións sobre os grupos e proxectos integrados no iLingua, eventos organizados polo persoal investigador, perfís do persoal investigador (edición de pílulas de vídeo de grupos, proxectos e investigadores/as) etc.
- establecer canles de comunicación con axentes claves e definir as accións correspondentes para cada colectivo:
  - outros centros de investigación, sociedades científicas, redes, asociacións. Dar a coñecer na comunidade científica nacional e internacional o novo iLingua.
  - estudantes. Promover contacto coas persoas candidatas a ser estudantes predoutorais de grupos integrados en iLingua, dando a coñecer as oportunidades profesionais en investigación e a axenda científica do Instituto.

- medios de comunicación. Establecer contactos duradeiros con medios tradicionais e dixitais de alcance galego e estatal, así como con axencias de divulgación da ciencia (SINC de FECYT etc).

**Medida 3**

**Rede Alumni iLingua.** A rede Alumni busca potenciar o contacto entre os/as profesionais, investigadores/as, estudantes e profesorado visitante vinculados ao iLingua dun xeito global. En plataformas de referencia (LinkedIn), identificaranse os/as profesionais dos últimos anos, definiranse accións concretas ás que vincular a rede Alumni, como por exemplo información (mediante *newsletters*, blogs etc.), eventos anuais, colaboracións científicas e empresariais etc.

## GOBERNANZA, ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

### Acción 3 **Nomear membros e despregar a gobernanza**

#### **Descrición:**

Emprender procesos de selección para os postos da estrutura organizativa.

#### *Medida 1*

Iniciar os procesos de selección para os postos da estrutura organizativa definida a partir da estrutura organizativa definida no apartado 'Recursos humanos' desta memoria:

- o/a director/a, posibles directores/as adxuntos/as (de, por exemplo, investigación, transferencia etc.) e secretario/a
- xunta directiva
- comisión científica
- comité asesor externo
- membros das comisións delegadas específicas para tratar asuntos concretos relacionados co apoio a programas de investigación, incorporación de perfís profesionais, mobilidade, divulgación etc. É desexable que estas funcións evolucionen no futuro a unidades dotadas de persoal profesionalizado nas funcións e de orzamento concreto.

Estes procesos serán acordes cunha política de adopción de medidas de acción positiva para acabar con situacións de desigualdade na xestión universitaria na institución.

### Acción 4 **Establecer política de Instituto: avaliación institucional, publicación, difusión e boas prácticas en investigación**

#### **Descrición:**

A política de Instituto implica o deseño do regulamento de réxime interno, o proceso de avaliación institucional, as políticas de publicacións e difusión de coñecemento e as boas prácticas en investigación.

#### *Medida 1*

**Proceso de avaliación institucional:** As avaliacións externas terán lugar a diferentes niveis:

- O Instituto, incluíndo aspectos relativos ao liderado, xestión, colaboracións, recursos e planificación estratéxica. O comité asesor externo avaliará o iLingua e o desempeño do/da director/a e dos seus membros dende unha perspectiva internacional, o desempeño do Instituto no seu conxunto e, en particular, a súa contribución ao plan estratéxico e á súa visión e misión a longo prazo, tendo en conta as aspiracións e a dispoñibilidade de fondos para financiar o seu plan de actuación, así como o impacto

acadado pola implementación da axenda científica. Esta completárase coa avaliación anual por parte da xunta directiva, a cal poderá solicitar un informe e unha presentación ao/a director/a nas que se describa con detalle o progreso realizado en relación cos obxectivos e accións do plan estratéxico, así como a execución do orzamento e a consecución de fitos. Estes fitos serán aprobados pola xunta directiva á proposta da comisión científica.

- O persoal investigador do Instituto, recoñecendo as súas contribucións científicas, de innovación e de transferencia de coñecemento. Inclúe as avaliacións institucionais (ás que xa se someten os/as investigadores/as) e as avaliacións do comité asesor externo. Debe desenvolver os criterios de avaliación de investigadores e o percorrido profesional no iLingua, aliñado co HRS4R da UVigo.

#### *Medida 2*

**Establecemento dunha política de publicación:** Estableceranse uns criterios respecto das prioridades para publicar, asegurando que os resultados de investigación e transferencia son comparables a outros Centros de referencia. Isto implicará o establecemento dos criterios de publicación, determinando un marco de referencia para publicar en fontes editoriais de impacto científico, definindo a obrigatoriedade de incluír a filiación iLingua-UVigo nas publicacións, solicitude de proxectos etc.

#### *Medida 3*

**Establecemento dunha política de difusión científica:** O iLingua adoptará os mandatos da Ley 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación (artigo 2. *Objetivos generales*) e de EOSC, asumíndoos como estándar, incluíndo Open Science, fomentando publicacións de acceso aberto (Open Access) e facilitando datos abertos (Open Data) e código aberto (Open Code) para unha ampla comunidade científica e a sociedade en xeral.

#### *Medida 4*

**Adoptar un código de boas prácticas en investigación** recoñecido internacionalmente, como por exemplo o código Allea (Código Europeo de Conducta para a Integridade na Investigación), para regular as actividades no entorno da investigación, formación, supervisión, titoría, así como medidas de acción positiva para acabar con situacións de desigualdade na carreira investigadora.

### **Acción 5      *Implantar dinámicas para a xestión eficiente: regulamento de réxime Interno, manual de procesos etc.***

#### **Descrición:**

As dinámicas de xestión eficiente prepararán o Instituto para afrontar os retos derivados dunha nova dimensión e orientación, e implica as seguintes medidas.

**Medida 1**

**Regulamento de réxime interno:** Deberá recoller, entre outros, os seguintes aspectos:

- designación, funcionamento e competencia dos órganos de goberno, órganos de dirección, xestión e consultivos
- tipos de persoal, entre os que se identifican a priori:
  - persoal investigador vinculado
  - persoal investigador non permanente
  - persoal investigador en formación
  - persoal investigador colaborador
  - persoal investigador garante
  - persoal técnico de apoio á investigación
  - persoal de administración
- réxime económico, avaliación e seguimento
- principios de adscrición/cese. Seguindo os criterios de adscrición e a axenda científica, promoverase a asignación de investigadores/as nas áreas científicas e funcionais do iLingua, consolidando a coherencia temática e acadando a masa crítica requirida. A organización final será publicada na web, coas actualizacións necesarias.

**Medida 2**

**Deseño e implementación dun cadro de mando de indicadores** operativo e funcional como ferramenta de xestión que facilita o aliñamento da organización e o seguimento dos resultados a acadar. Debe permitir establecer procedementos para o *reporting* de información, facilitar o seguimento da actividade e da implantación de iniciativas singulares (plan estratéxico etc.). A información preséntase á xunta directiva e ao consello asesor externo.

**Medida 3**

**Establecer un proceso de acollida física e virtual**, especialmente ao persoal investigador visitante, durante os primeiros días para facilitar a súa integración no Instituto e na cidade, poñendo en valor a virtualidade.

**Medida 4**

**Redactar o manual de benvida** para o persoal que se incorpora ao iLingua, xa sexa a través de estadias temporais como con propósito de permanencia.

## INVESTIGACIÓN

### Acción 6 Definir prioridades no despregue da Axenda Científica

#### Descrición:

O iLingua considera a investigación lingüística de calidade tanto nos seus propósitos fundamentais como na transferencia a outras ciencias, á industria, á educación e á sociedade. Isto reflíctese na configuración dunha axenda científica organizada en liñas de investigación e transferencia aliñados cós retos do programa marco Horizonte Europa (véxase Axenda Científica) e da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación (artigo 2. *Objetivos generales*). Igualmente, a acción parte da convicción de que a perspectiva de xénero é un elemento fundamental no sistema de ciencia e de innovación para favorecer a igualdade entre mulleres e homes, a fin de alcanzar unha ciencia de maior excelencia e calidade.

#### Medida 1

A **axenda científica** do iLingua avaliarase anualmente e será actualizada, adaptándoa ás áreas priorizadas segundo os resultados, oportunidades de financiamento e respectando o equilibrio entre liñas consolidadas e emerxentes. Na axenda establécense as áreas prioritarias e fundamentalmente a aposta de liñas de investigación conxuntas entre membros de grupos; ademais, incluíranse as propostas formativas para o persoal investigador.

### Acción 7 Diseñar unha convocatoria interna iLingua de programas colaborativos

#### Descrición:

Os proxectos colaborativos deberán constituír un dos piares básicos da actividade do iLingua e reunirán esforzos, sinerxías e capacidades complementarias que impliquen o intercambio de recursos e coñecemento.

#### Medida 1

Consiste en dotar con orzamento propio unha **convocatoria competitiva de programas** de investigación aliñados coa axenda científica. Preténdese identificar proxectos de investigación en colaboración de marcado carácter innovador. Na definición da convocatoria deberanse definir criterios tales como: composición da comisión xulgadora, criterios de selección, duración etc.

## Acción 8 **Definir a política de alianzas e de internacionalización**

### **Descrición:**

Para apoiar o obxectivo de situar o Instituto como referencia internacional e atraer talento exterior, debe incrementar a visibilidade internacional, as colaboracións internacionais e a captación de persoal investigador estranxeiro. Por tanto, faise necesario establecer unha política de internacionalización que acade a actividade investigadora e de transferencia, a captación de persoal e as relacións institucionais e que reforcen a axenda científica mediante as seguintes medidas.

#### *Medida 1*

**Establecemento de alianzas estratéxicas** con Centros internacionais comprometidos nas colaboracións científicas, na participación de proxectos europeos, programas de formación, estancias científicas, seminarios internacionais etc. O iLingua implicarase na participación en redes temáticas e institucionais, considerándoas unha oportunidade para establecer colaboracións e incrementar a súa visibilidade nacional e internacional. Ademais, configuraranse alianzas estratéxicas con diferentes Centros da contorna do SUG.

#### *Medida 2*

**Organización de eventos internacionais, obradoiros e cursos avanzados**, esmerándose en atraer a participación de persoal investigador de recoñecido prestixio a nivel internacional.

#### *Medida 3*

**Colaboración internacional.** Unha das claves para a promoción da colaboración é a interacción directa. Para iso, fomentaranse diversos mecanismos como:

- estadias de persoal investigador externo no iLingua e estadias do persoal investigador vinculado ao iLingua noutros Centros, tanto de longa como de curta duración, en xeral, en entidades académicas coas que o iLingua pretenda establecer colaboracións estables.
- apoio á mobilidade internacional de todos os seus membros, especialmente de investigadores/as pre- e posdoutorais, dándolles a oportunidade de establecer unha rede de colaboracións e de traballar en distintos ambientes.

## Acción 9 **Elaborar un plan de financiamento competitivo**

### **Descrición:**

Esta acción é complementaria á axenda científica, xa que priorizará as fontes de financiamento para facer cumprir a axenda.

*Medida 1*

**Redactar e poñer en marcha o plan de financiamento** competitivo do iLingua: Este plan contemplará accións que levarán a:

- o liderado e/ou participación en consorcios europeos
- a (co-)financiamento para a captación de recursos humanos predoutorais e posdoutorais, redes de formación doutoral etc.
- outras fontes de financiamento de I+D+i, *networking*, divulgación e comunicación
- ERA Nets, Life, Erasmus+, EIT Culture & Creativity
- Interreg (SUDOE, POCTEP, ATLÁNTICO), S3 de Galicia
- plan estatal da Axencia Estatal de Investigación: xeración de coñecemento, retos da sociedade etc.

*Medida 2*

En colaboración con servizos centrais da UVigo, crear un **programa de mentoring interno** con expertos/as en redacción de proxectos para convocatorias de excelencia: ERC, Marie Curie etc., dando soporte, formación e compartindo boas prácticas.



## CAPITAL HUMANO

### **Acción 10 Incorporación de persoal investigador**

#### **Descrición:**

O iLingua colaborará cos grupos de investigación representados polos investigadores/as involucrados/as no iLingua para incrementar o número de candidaturas competitivas en postos vacantes. Nas medidas especificadas a continuación adoptaranse medidas de acción positiva para acabar con situacións de desigualdade detectadas na carreira investigadora.

#### *Medida 1*

**Difusión de convocatorias externas de incorporación de persoal investigador.** A través das vías de comunicación interna, o iLingua ofrecerá información actualizada e perfilada de convocatorias externas de captación de recursos humanos e facilitará o apoio administrativo e técnico dispoñible para a concorrencia dos grupos de investigación.

#### *Medida 2*

**Facilitar infraestruturas e medios materiais** para o persoal investigador incorporado. A través do seu presuposto ordinario, o iLingua acordará unha política de asignación de espazos para o persoal investigador incorporado, que disporán de infraestruturas e equipamentos básicos que permitan o desenvolvemento da súa actividade investigadora.

#### *Medida 3*

**Deseño e captación de recursos para programas propios de contratos de apoio á investigación.** O iLingua, a través do seu orzamento, fondos externos proporcionados por entidades externas e da UVigo, poderá ofrecer contratos de apoio á investigación a novos/as investigadores/as. Para iso, o Instituto redactará as bases de ditos programas, convocatorias e perfís obxectivos. As ofertas, xestionadas a través da Unidade de Contratación do Persoal Investigador da UVigo, serán anunciadas en foros internacionais e serán promovidas a través da rede internacional de contactos do iLingua. Para incrementar o atractivo das ofertas, o Instituto elaborará un paquete de beneficios non económicos, como horario flexible, ambiente de traballo agradable, formación en competencias transversais e xestión de proxectos, e oportunidades para colaborar coa industria e outras entidades non académicas. Estes programas buscarán a captación de talento nas áreas de investigación prioritarias da axenda científica do iLingua e cumprirán os criterios de HRS4R da UVigo.

### **Acción 11 Diseñar e implantar un programa de mobilidade iLingua**

#### **Descrición:**

Deseño dun programa de mobilidade destinado a investigadores do iLingua para realizar estancias curtas de investigación nunha selección de institucións de referencia internacional.

#### *Medida 1*

Deseñar una **convocatoria competitiva de mobilidade** en liñas prioritarias e centros internacionais para consolidar a Axenda Científica. Esta acción estará ligada ás alianzas estratéxicas establecidas con centros. Este programa permitirá aos investigadores/as e ao estudantado desenvolver unha parte do seu traballo ou estudo nun centro estranxeiro, beneficiándose deste modo da posibilidade dun enriquecemento académico e persoal. Para poder beneficiarse dun bolseiro de mobilidade do iLingua será necesario cumprir con determinados requisitos que serán establecidos nas bases da convocatoria.

## FORMACIÓN

### Acción 12 **Deseñar e implantar un programa posdoutoral**

**Descrición:**

Oferta de un programa posdoutoral propio para investigadores/as externos/as.

*Medida 1*

Deseñar e poñer en marcha un **programa posdoutoral** iLingua, coa finalidade de atraer e acoller talento e ofrecer a doutores/as a oportunidade de desenvolver proxectos nas áreas máis innovadoras da investigación, contribuíndo a consolidar a axenda científica do Instituto. Neste programa, iLingua comprométese a contribuír ao desenvolvemento científico das próximas xeracións de investigadores/as posdoutorais para a academia e a industria. A creación do programa implicará deseñar unha oferta formativa posdoutoral aliñada coa axenda científica do iLingua, mediante a participación no MSCA: RISE (Research & Innovation Staff Exchange), COFUND (Post-Docs) (Acción 17).

### Acción 13 **Deseñar e implantar programas de seminarios científicos internacionais e de profesorado visitante**

**Descrición:**

Proponse o deseño e a implantación de programas de seminarios científicos internacionais como boa práctica científica e de atracción de talento, co gallo de reforzar as áreas de coñecemento centrais do iLingua.

*Medida 1*

Establecer un **programa de seminarios** presenciais e/ou *online* coa participación de investigadores/as internacionais para fortalecer as novas liñas de investigación. O seu deseño, como proposta educativa destinada a mellorar a investigación no ámbito da lingüística, abordará temas de máximo interese para o iLingua. Ademais, o contacto con expertos/as nacionais e internacionais non se limitará ao seminario, xa que o programa tamén busca crear novas sinerxías científicas; cada orador/a poderá reunirse con equipos de investigación e propor colaboracións futuras.

*Medida 2*

Crear un **programa estable de profesorado visitante**: iLingua apoiará un programa no que profesorado de outras institucións, galegas, estatais ou estranxeiras, realice estadias no Instituto. Estas estadias terán diferente duración e facilitarán a interrelación cos membros do iLingua.

## INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA

### **Acción 14    Potenciar as modalidades de investigación contratada**

**Descrición:**

iLingua promoverá as oportunidades de colaboración co material produtivo a través de diversas modalidades de investigación contratada.

*Medida 1*

**Programa de proxectos competitivos.** Revisión regular das liñas de financiamento do I+D+i empresarial de cara á identificación de oportunidades de colaboración coas empresas, xa sexa en proxectos individuais (Programa Retos) e a través de consorcios de investigación (Programa CIEN). En todos os casos, promoverase o diálogo en termos de aceptabilidade ética, sostibilidade e conveniencia social da investigación e a innovación, promovendo unha fluída interacción co sector produtivo, axentes sociais e de innovación.

## DIVULGACIÓN DA CIENCIA

### Acción 15 **Deseñar e implantar un plan de divulgación e difusión da ciencia**

#### **Descrición:**

As actividades de divulgación promovidas polo iLingua estarán destinadas a chegar a unha grande audiencia de diferentes eidos científicos, así como á sociedade en xeral, proporcionando coñecemento, experiencia e difusión sobre os temas incluídos na axenda científica.

#### *Medida 1*

O iLingua deseñará un **calendario de divulgación e difusión**, que recollerá as diferentes actividades participadas ou organizadas polos seus membros. Este calendario será dinámico e será accesible a través da web do iLingua. Incluirá actividades de divulgación orientadas a difundir a lingüística dende unha perspectiva ampla a un público non especializado (charlas públicas impartidas polos membros do Instituto en foros non especializados e/ou medios de comunicación, participación dos membros do Instituto en presentacións ou eventos científicos escolares, en programas específicos de divulgación, en actividades educativas en colaboración con centros educativos, museos, asociacións educativas, fundacións etc.), así como eventos científicos como feiras, concursos ou certames.

#### *Medida 2*

**Fomento de iniciativas no contexto galego.** As actividades de comunicación incluirán a participación dos membros do Instituto nos medios de comunicación, de tal xeito que o iLingua poida aspirar a converterse en referencia para os medios concernentes á investigación en lingüística en Galicia.

#### *Medida 3*

Creación dunha **serie editorial** de volumes colectivos e monografías no Servizo de Publicacións da UVigo. A serie 'iLingua' do Servizo de Publicacións proporcionará un foro de debate e análise para os membros do Instituto, aberto a outros/as investigadores/as de Universidades alleas á UVigo. Acolleá iniciativas sobre temas derivados das propias actividades dos/as investigadores/as, cunha perspectiva teórica e metodolóxica ampla, na que debe prevalecer a multidisciplinidade e a diversidade de linguas. Os volumes e os seus capítulos serán revisados de acordo cun sistema de *peer review* externo. O Instituto acordará a política de publicacións nesta serie. O Servizo de Publicacións da UVigo encargárase de editar e distribuír os exemplares, así como de preparar os contratos de edición e da difusión por bibliotecas universitarias e outras institucións investigadoras.

## 3.2. Indicadores

Os indicadores acadados no período de 2019-2022 dos investigadores/as que potencialmente foron adscritos ao iLingua (véxase ‘Recursos humanos’) son os que se describen na seguinte táboa:

Indicadores da actividade de I+D+i			
Indicador	Valor	Ratio anual	Ratio anual /investigador/a
Nº investigadores/as	38		
Homes	19		
Mulleres	19		
Sexenios de investigación	90	22,5	2,37
Sexenios de transferencia	9	2,25	0,24
Teses co-dirixidas defendidas	37	9,25	0,97
Nº proxectos Plan Estatal concedidos	14	3,5	0,37
Nº proxectos internacionais concedidos	7	1,75	0,18
Outros proxectos concedidos	2	0,5	0,05
Proxectos en que os membros non son IPs	93	23,25	2,45
Nº publicacións de impacto WoS/JCR, SJR/Scopus, ERIH+	127	31,75	3,34
Nº libros e capítulos publicados en editoriais de impacto con indexación relevante en SPI	114	28,5	3,00
Contratos de colaboración con industria, institucións etc.	29	7,25	0,76
Nº contratos predoutorais competitivos supervisados	10	2,5	0,26
Nº contratos posdoutorais competitivos supervisados	5	1,25	0,13

A continuación ofrécese información detallada dos proxectos de investigación, redes de excelencia e axudas á consolidación de grupos, con financiamento da Xunta de Galicia, estatal e europeo.

## **Financiamento da Xunta de Galicia**

### ***Proxectos***

- ‘EDUBILMO: Formación teórica e metodolóxica e aplicación de modelos de educación bilingüe en docentes de Mozambique’ (PR815A 2019/7, Susana Rodríguez Barcia), 90.000€
- ‘GALMA Galicia (Galician Observatory for Media Accessibility)’ (2017/6-H722, Pablo Romero Fresco), 115.000€
- ‘Mediación lingüística para a cooperación ao desenvolvemento (MELINCO)’ (PR 815A 2019/6, Maribel del Pozo Triviño), 31.578,94 €

### ***Redes***

- ‘Rede de Lexicografía (Relex)’ (ED341D R 2016/046, Xosé Antonio Fernández Salgado, Alexandre Rodríguez Guerra), 120.000€
- ‘Rede de Lingua e Literatura Inglesa e Identidade III’ (R2014/043, M. Teresa Caneda Cabrera), 120.000€

## **Axudas de consolidación de grupos de investigación**

### ***Grupos de Potencial Crecemento***

- GPC-ED431B2017/71 (grupo H06), 75.000€
- GPC-ED431B2020/09 (grupo H06), 75.000€

### ***Grupos de Referencia Competitiva***

- ED431C2020/04 (grupo BiFeGa), 200.000€
- ED431C2017/50 (grupo HI19), 200.000€
- ED431C2018/50 (grupo H719), 200.000€
- ED431C2021/52 (grupo HI19), 200.000€

## **Contratos-programa na Universidade de Vigo**

- grupo H719, 20.000€

## **Financiamento do plan estatal**

### ***Proxectos***

- ‘Adquisición fónica y Corpus. Tratamiento en phon del Corpus Koine de habla infantil’ (FFI2017-82752-P, Miguel Cuevas Alonso), 60.500€
- ‘Análisis audiovisual de los canales de comunicación verbal y no verbal’ (RTI2018-101372-B-I00, María del Carmen Cabeza Pereiro), 123.057€

- ‘Avances en Nuevos Sistemas de Extracción de Respuestas con Análisis Semántico y Aprendizaje Profundo (ANSWER-ASAP)’ (TIN2017-85160-C2-2-R, Elena Sánchez Trigo), 66.792,00€
- ‘Cancioneiros galego-portugueses. Da Paleografía dixital á Gramática histórica’ (PID2020-113491GB-I00, Alexandre Rodríguez Guerra), 61.347€
- ‘CORALSE. Conocimiento y reconocimiento de la lengua de signos española a través de un corpus interuniversitario anotado’ (FFI2017-86309-P, Inmaculada C. Báez Montero), 60.500€
- ‘Corpus de textos gallegos escritos por estudiantes en el ámbito académico. Herramienta para el análisis de la competencia escrita’ (PGC2018-096069-B-I00, Xosé Antonio Fernández Salgado), 20.000€
- ‘Debates electorales televisados en España: modelos, proceso, diagnóstico y respuesta’ (Inmaculada Anaya Revuelta), 42.350€
- ‘Diccionario histórico e etimolóxico da lingua galega (I): Preparación de recursos, deseño e test inicial’ (PID2019-105411GB-I00, Alexandre Rodríguez Guerra), 48.400€
- ‘Estructuras argumentales complejas en discurso signado: estudio basado en un corpus de la lengua de signos española’ (FFI2016-78194-P, María del Carmen Cabeza Pereiro, José María García-Miguel Gallego), 60.500€
- ‘EU-VOS (Patrimonio Cultural Inmaterial. Para un programa europeo de subtítulo en linguas non hexemónicas)’ (CSO2016-76014-R, Pablo Romero Fresco), 61.426€
- ‘Fragments: constructionalising non-canonical expressions in written English’ (PID2020-117541GB-I00, Javier Pérez Guerra), 60.000€
- ‘Inconvenient Truths 2: La articulación de las vulnerabilidades individuales y comunitarias en la literatura irlandesa contemporánea’ (PID2020-114776GB-I00, M. Teresa Caneda Cabrera)
- ‘Inconvenient Truths: Prácticas Culturales del Silencio en la Ficción Irlandesa Contemporánea’ (FFI2017-84619-P, M. Teresa Caneda Cabrera), 39.930€
- ‘ITACA (Inclusión social, Traducción Audiovisual y Comunicación Audiovisual)’ (Pablo Romero Fresco), 30.250€
- ‘La calidad de los subtítulos en directo: un estudio regional, nacional e internacional. Qualisub’ (PID2020-117738RB-I00, Ana María Pereira Rodríguez, Pablo Romero Fresco), 40.000€
- ‘Los sistemas fonemáticos del español: reexamen teórico y contribución al análisis fonológico del español americano’ (FFI2017-88367-P, Miguel Cuevas Alonso), 24.200€
- ‘Re-ViEW: A register approach to morphosyntactic variation in World Englishes and compilation of resources for its study (The International Corpus of English – Gibraltar)’ (FFI2017-82162-P, Seoane Posse, Elena), 60.500€
- ‘Tecnologías de la lengua para análisis de opiniones en redes sociales TELEPARES’ (FFI2014-51978-C2-1-R, Elena Sánchez Trigo), 82.280€
- ‘The Quality of Live Subtitling (QuaLiSub): A regional, national and international study’ (PID2020-117738RB-I00, Luis Alonso Bacigalupe), 243.643,00€
- ‘Nobles, oficiales y cortesanos en el entorno literario del Cancionero de Baena’ (FFI2015-64107-P, Antonio Chas Aguión), 28.435€
- ‘La poesía de cancionero en tiempos de los primeros trastamara castellanos: textos, contextos, ecos y relecturas’ (PGC2018-093619-B-100, Antonio Chas Aguión), 26.620,00€
- ‘Variation in Micro-diachrony: Linguistic Choice in 21st-century English’ (FFI2016-77018-P, Javier Pérez Guerra, Rosalía Rodríguez Vázquez, Nuria Yáñez Bouza), 60.500€
- ‘ViEW+: Morphosyntactic variation in International Englishes and elaboration of resources for its study (International Corpus of English–Gibraltar)’ (PID2020-117030GB-I00, Elena Seoane Posse), 30.250€



### ***Redes de excelencia***

- ‘ALMA, red de excelencia sobre I+D+I para accesibilidad y lenguas minoritarias en los medios audiovisuales’ (RED2018-102475-T, Ana María Pereira Rodríguez, Pablo Romero Fresco), 28.400€

### ***Infraestructura científica***

- ‘Laboratorio de Cognición y Lenguaje’ (EQC2018-004934-P, Miguel Cuevas Alonso, Javier Pérez Guerra, Rosalía Rodríguez Vázquez), 291.000€

## **Financiamento europeo**

### ***Proxectos***

- ‘Broadcasting Accessibility Fund, English Broadcasters Group y Captioning Consumer Advocacy Alliance’ (Pablo Romero Fresco), 191.570€
- ‘Democratization, Mediatization and Language Practices in Britain, 1700–1950 (DEMLANG)’ (Academy of Finland, referencia 285381, Elena Seoane Posse)
- ‘EASIT (Easy Access for Social Inclusion Training)’ (Erasmus+, Ana María Pereira Rodríguez, Pablo Romero Fresco), 455.342€
- ‘European Culture: a contribution for a new narrative of Europe’ (Erasmus+ Jean Monnet, Luis Alonso Bacigalupe, Lourdes Lorenzo García, Ana María Pereira Rodríguez), 60.000€
- ‘Galician Night of Researchers – GNIGHT’ (H2020-MSCA-NIGHT-2020bis–01035979, Miguel Cuevas Alonso), 58.000€
- ‘G-Book 2: European teens as readers and creators in gender-positive narratives’ (616773-CREA-1-2020-1-IT-CULT-COOP1, Ana María Pereira Rodríguez), 53.768€
- ‘Gulf Arabic-English Code-Switching’ (Faculty Research Grant, American University of Sharjah, M. Carmen Parafita Couto), 27.000€
- ‘Interlingual Live Subtitling for Access (ILSA)’ (2017-1-ES01-KA203-037948. Erasmus+, Pablo Romero Fresco), 245.643€
- ‘Introduction of NER model in Canada’ (Canadá: Broadcasting Accessibility Fund, English Broadcasters Group e Captioning Consumer Advocacy Alliance, Pablo Romero Fresco), 46.547€
- ‘JUSTISIGNS 2 - Empowering Victims of Gender-Based Violence through VET for Multiagency Actors’ (2019-1-IE01-KA202-051558, Erasmus+, Maribel del Pozo Triviño), 373.980€
- ‘Leiden Linguistic Diversity Corpora’ (Leiden Language Diversity in the World Call III, M. Carmen Parafita Couto), 207.000€
- ‘Multilingualism for social inclusion in the European classroom’ (Seed Funding Call 2020, European University EUniWell, M. Carmen Parafita Couto), 23.000€
- ‘SMART (Shaping Multilingual Access through Respeaking Technology)’ (Economic and Social Research Council, Reino Unido, Pablo Romero Fresco), 465.000€
- ‘The expression of mitigation in Spanish-English code-switching contexts. A multifactorial and multimethod account’ (Research Foundation Flanders, M. Carmen Parafita Couto), 135.000€

- ‘Understanding User Responses to Live Closed Captioning in Canada’ (Canadá: Broadcasting Accessibility Fund, English Broadcasters Group e Captioning Consumer Advocacy Alliance, Pablo Romero Fresco), 95.245€
- ‘Unlocking the Mary Hamilton Papers’ (AH/S007121/1, Arts and Humanities Research Council, Reino Unido, Nuria Yáñez Bouza), 1.100.000€
- ‘Worldplaces - Workplaces working for women's integration (WORLDPLACES)’ (101038328, Asylum, Migration and Integration Fund (AMIF) – Comisión Europea, Maribel del Pozo Triviño), 1.001.307,07€

### 3.3. Benchmarking e posicionamento

A lingüística é unha disciplina moi ampla na que entran diferentes áreas de investigación. Ante a falta de datos cuantitativos públicos nacionais/internacionais en canto a financiamento, número de investigadores/as ou produción científica, optouse por estudar unha selección de Institutos e Centros renomeados nacional e internacionalmente polas súas áreas de estudo para avaliar as posibles sinerxías que o iLingua podería ter con estes Centros de investigación. Na seguinte táboa están listados os Centros seleccionados, segundo a súa especialización.

*Ámbitos de estudo en lingüística*

LINGÜÍSTICA	LINGUAS REXIONAIS E DIALECTOS	COMPUTACIONAL	PSICOLINGÜÍSTICA	Actividade destacada en TRANSFERENCIA
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Instituto de Lingua alemá e lingüística</li> <li>• Utrecht Institute of Linguistics OTS</li> <li>• Psychology and Language Sciences – University College London</li> <li>• CLUNL: Centro de Lingüística da Universidade NOVA de Lisboa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Instituto da Lingua Galega</li> <li>• Instituto de Lingüística Aplicada da Pompeu Fabra</li> <li>• Centre de Dialectologie de Grenoble</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Institute for Computational Linguistics «A. Zampolli»</li> <li>• Instituto de Enxeñaría do Coñecemento</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Max Planck Institute for Psycholinguistics</li> <li>• Basque Center for Cognition, Brain and Languajes</li> <li>• Psychology and Language Sciences – University College London</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Instituto de Lingüística Aplicada de Cádiz</li> </ul>

As prioridades de investigación dos Centros dedicados ao estudo de lingüística amósanse na seguinte táboa.

Áreas de investigación dos Institutos centrados en lingüística

Instituto de lingua alemá e lingüística Universidade de Berlín	Instituto de lingüística de Utrech	University College London	Centro de Lingüística da Universidade Nova de Lisboa
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lingüística xeral</li> <li>• Sintaxe</li> <li>• Corpus lingüístico e morfolóxico</li> <li>• Fonética e fonoloxía</li> <li>• Comparativa de linguas indoeuropeas</li> <li>• Lingüística histórica</li> <li>• Psicolingüística</li> <li>• O alemán nunha contorna multilingüe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Estrutura da linguaxe, variación e cambios</li> <li>• Linguaxe, lóxica e información</li> <li>• Adquisición da linguaxe, procesamento e desordes</li> <li>• Linguaxe e educación</li> <li>• Linguaxe e comunicación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Neurociencia cognitiva</li> <li>• Linguaxe e coñecemento</li> <li>• Lingüística</li> <li>• Fala, escoita e ciencias fonéticas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lingüística formal e experimental</li> <li>• Lexicoloxía, lexicografía e terminoloxía</li> <li>• Gramática e texto</li> </ul>

Ao revisar as prioridades de investigación dos centros con actividades en “linguas rexionais e dialécticas”, obsérvanse as seguintes áreas de estudo, segundo esta táboa.

Áreas de investigación dos centros enfocados en linguas rexionais e dialectos

Instituto da Lingua Galega (USC)	Instituto de Lingüística Aplicada (UPF)	Centre de Dialectologie de Grenoble
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dialectoloxía e xeografía lingüística das linguas galega e portuguesa</li> <li>• Percepción da lingua</li> <li>• Sociolingüística</li> <li>• Corpus da lingua actual</li> <li>• Gramática</li> <li>• Onomástica</li> <li>• Galego-portugués antigo</li> <li>• Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional</li> <li>• Fitofaladoiro</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Léxico e tecnoloxía</li> <li>• Información lexicográfica</li> <li>• Morfoloxía e variación lingüística</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Atlas Lingüístico Romano (ALiR)</li> <li>• Atlas prosódico multimedia do espazo romántico (AMPER)</li> <li>• Atlas lingüístico multimedia de Ródano-Alpes (ALMURA)</li> <li>• Documentación Sardo</li> <li>• Inventario microtoponímico do macizo de Chartreuse</li> <li>• Exploración de ferramentas xeomáticas para o tratamento e análise de datos xeolingüísticos: aplicación á dialectoloxía</li> <li>• Extracción de información semántica e xeográfica de datos xeolingüísticos</li> <li>• Extracción de contidos xeolingüísticos a partir de ATLAS e análise espacial: aplicación á dialectoloxía</li> </ul>

As prioridades de investigación dos Centros focalizados nos estudos de lingüística computacional amósanse de seguido.

Áreas de investigación dos Institutos centrados en lingüística computacional

Institute for Computational Linguistics «A. Zampolli» Pisa	Instituto de Lingüística Computacional UAM
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recursos lingüísticos, normas e infraestruturas de investigación</li> <li>• Procesamento da linguaxe natural e extracción de coñecemento</li> <li>• Modelos (bio)computacionais do uso da linguaxe</li> <li>• Humanidades dixitais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Big data</li> <li>• Intelixencia artificial</li> <li>• Procesamento da linguaxe natural</li> <li>• Machine learning e Deep learning</li> <li>• Aprendizaxe por reforzo e optimización</li> </ul>

As prioridades de investigación dos Centros especializados nos estudos de psicolingüística amósanse na seguinte táboa.

Áreas de investigación dos Institutos centrados en psicolingüística

Max Planck Institute for Psycholinguistics	BCBL. Basque Center on Cognition, Brain and Language
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Linguaxe e xenética</li> <li>• Linguaxe e desenvolvemento</li> <li>• Neurobioloxía da linguaxe</li> <li>• Psicoloxía da linguaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Desenvolvemento da linguaxe ao longo da vida</li> <li>• Percepción, produción e trastorno da fala</li> <li>• Lectura e dislexia</li> <li>• Multilingüismo</li> <li>• Neurodexeneración, dano cerebral e rehabilitación</li> <li>• A linguaxe e outros sistemas cognitivos</li> <li>• Métodos avanzados en neurociencia cognitiva</li> </ul>

O Centro con marco foco en transferir os resultados de investigación centra a súa actividade segundo aparece nesta táboa.

Áreas de investigación dos Centros focalizados en transferencia

Instituto de lingüística aplicada Cádiz
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Gabinete de asesoría lingüística</li> <li>• Gabinete de lingüística clínica</li> <li>• Gabinete de lingüística forense</li> <li>• Gabinete de industrias da lingua</li> <li>• Laboratorio de fonética</li> <li>• Laboratorio de lingüística computacional e dixital</li> </ul>

Das conversas mantidas con líderes de opinión de Centros de investigación en lingüística tanto no estado español como no espazo internacional sobre as áreas de investigación que poden ter unha maior proxección a medio e longo prazo, pódense identificar as seguintes áreas de investigación:

Áreas de investigación cunha maior proxección a medio prazo

Lingüística computacional	Utilidades	Humanidades dixitais	Multimedia
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lingüística computacional para Intelixencia Artificial e machine learning</li> <li>• Lingüística de textos con outros sistemas que non se inicien por un etiquetado de textos</li> <li>• Infraestruturas lingüísticas en rede</li> <li>• Procesamento de Linguaxe Natural</li> <li>• Sistemas de conversa con máquinas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Buscadores</li> <li>• Desenvolvementos cara ao resumo de textos</li> <li>• Transcrición de linguaxe oral con léxico difícil</li> <li>• Tradución automática</li> <li>• Ensinanza de linguas estranxeiras</li> <li>• Adquisición dunha segunda linguaxe</li> <li>• Big data</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aspectos sociolóxicos da lingüística</li> <li>• Elaboración de corpus lingüísticos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sincronización automática de texto e son</li> <li>• Dixitalización</li> <li>• Comunicación audiovisual</li> <li>• Comunicación á sociedade</li> </ul>

### 3.4. Análise DAFO

Das análises anteriores pódense enunciar as seguintes debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades do iLingua para as principais áreas de análise:

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<p><b>ACTIVIDADE CIENTIFICA</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Grupos de investigación moi atomizados e con pouca colaboración entre eles</li> <li>2. Infraestruturas limitadas ou de acceso restrinxido</li> <li>3. Pouca integración das TIC na investigación</li> <li>4. Diferente calidade na investigación desenvolvida polos distintos grupos</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>5. Reducido acceso a financiamento</li> <li>6. Os grupos tiveron sempre unha traxectoria moi independente</li> <li>7. Alta competitividade nalgúns temas por grandes empresas de comunicación (Google, Microsoft etc.)</li> <li>8. A actual categorización dos índices de impacto non favorece as disciplinas de humanidades</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>9. Masa crítica de excelencia en todas as áreas de lingüística a nivel interuniversitario</li> <li>10. Experiencia de cooperación e relacións activas con outros grupos galegos, estatais e internacionais</li> <li>11. Boa disposición e impulso das autoridades académicas á creación do iLingua</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>12. Maior posibilidade de interacción e financiamento tanto interno como de convocatorias estatais e internacionais</li> <li>13. Maior posibilidade de obtención de axudas para a adquisición ou renovación de infraestruturas ou laboratorios</li> </ol>
<p><b>FINCIAMENTO</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>14. Dependencia dos programas estatais e autonómicos de financiamento do I+D+i</li> <li>15. Limitado financiamento europeo e reducida actividade competitiva</li> <li>16. Pouca información sobre as convocatorias de financiamento</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>17. Falta de financiamento para contratar investigadores/as</li> <li>18. Alta competencia na captación de fondos</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>19. Complementariedade e capacidade de interacción multidisciplinar entre liñas de investigación e retos globais</li> <li>20. Amplo espectro de liñas de investigación</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>21. Desenvolvemento de estruturas organizativas máis colaborativas</li> <li>22. Acceso a outras convocatorias destinadas ao financiamento de Institutos</li> </ol>
<p><b>RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>23. Falta de persoal de apoio en xestión</li> <li>24. Dificultades para captar talento (Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, Marie Curie) e limitada atracción de persoal investigador en formación</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>25. Crecente competencia polo talento nacional e internacional fronte a outros organismos con maior visibilidade e estruturas máis competitivas e atractivas</li> <li>26. Necesidade de renovación xeracional por envellecemento e redución dos cadros de persoal</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>27. Facilitade de incorporar estudantes predoutorais como continuación da súa formación de posgrao na UVigo</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>28. Grupos de investigación con capacidade tractora que poden liderar proxectos de investigación</li> </ol>

Memoria de creación do Instituto de investigación LINGUA

<p>GESTIÓN DA INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA</p>	<p>29. O persoal investigador descoñece os mecanismos de transferencia e protección de resultados de investigación</p>	<p>30. Limitada colaboración co tecido produtivo</p>	<p>31. Mellorable capacidade de transferencia dos resultados de investigación á sociedade</p>	<p>32. Crecente demanda social de recursos lingüísticos</p>
<p>POSICIONAMENTO E VISIBILIDADE</p>	<p>33. Visibilidade e posicionamento colectivo da actividade científica moi reducidos</p>	<p>34. Con algunha excepcións, poucos contactos dos grupos con financiadores privados</p>	<p>35. Núcleos de investigación colaborativos a nivel autonómico consolidados e de referencia estatal</p>	<p>36. A UVigo impulsa e reconece as capacidades científicas e tecnolóxicas da lingüística na súa estratexia</p>
<p>INTERNACIONALIZACIÓN</p>	<p>37. Liderado científico nacional e internacional moi heteroxéneo entre as áreas</p>	<p>38. Non todos os grupos teñen experiencia en proxectos colaborativos con outros grupos internacionais</p>	<p>39. Liderado estatal e internacional dalgúns/as investigadores/as e disciplinas</p>	<p>40. Numerosas oportunidades de colaboración por explorar</p>

## 3.5. Axenda científica

Organizamos as áreas prioritarias de investigación en sete liñas.



### **Liña 1. Lingüística interna e variación lingüística**

Esta ampla liña de investigación céntrase en dous grandes eidos complementarios: por unha banda, na análise e estudo das particularidades internas que caracterizan as diferentes linguas e, por outra, nos procesos de variación e cambio lingüístico. Deste xeito, garántese a comprensión de todas aquelas peculiaridades intralingüísticas que modelan as linguas tal e como as coñecemos hoxe, así como a identificación daqueles factores ou patróns de variación que interveñen ou condicionan os procesos de cambio lingüístico e que nos permitirán entender como e por que se chega á variación actual ou, mesmo, futura.

As linguas obxecto de estudo abranguen dende as linguas máis próximas, coma o galego, español, inglés ou portugués, ata outros idiomas románicos coma o catalán, francés, italiano, romanés, ou non románicas coma o alemán, éuscaro etc. En non poucas ocasións a perspectiva das investigacións é contrastiva.

No seo do iLingua, a cerna desta gran liña de investigación está constituída por estudos sobre os diferentes niveis de análise interna das linguas. Os principais niveis que se desenvolven son: fonética, fonoloxía, morfoloxía, sintaxe, léxico, semántica, análise da conversa, prosodia, análise do discurso e pragmática.

As linguas son intrinsecamente dinámicas e cambiantes. Descubrir a complexa interacción entre os determinantes intralingüísticos e extralingüísticos que modelan a variación e o cambio no uso ou na estrutura dunha lingua constitúe todo un desafío ao que se encara a investigación no eido da variación e do cambio lingüístico. Este ámbito de estudo, consolidado na disciplina da lingüística, ten como obxectivo, polo tanto, a identificación dos diversos patróns de variación léxica, fonética, semántica, sintáctica etc. e os condicionantes internos e externos que a determinan e que, en ocasións, producen un cambio lingüístico. No iLingua examinamos o cando, o onde, o como e o por que da variación e o cambio mediante un estudo sistemático que adopta e combina diversos achegamentos teóricos e metodolóxicos.

A variación e o cambio en todos os niveis da análise interna xa enumerados trátanse dende unha perspectiva estrutural, social, sincrónica, diacrónica, diatópica e actitudinal. A integración de diferentes achegas permítenos abordar unha cuestión central: como os factores internos (estruturais, formais, funcionais, semánticos e pragmáticos) interactúan cos factores externos (socioculturais e históricos) e dan forma á variación e ó cambio lingüístico.

O persoal investigador do iLingua conta cunha dilatada experiencia tanto nas principais metodoloxías asociadas a esta gran liña de investigación coma na elaboración de recursos lingüísticos para o estudo interno das linguas e mais da súa variación. Entre estes inclúense recursos textuais (corpus lingüísticos orais e escritos), recursos léxicos (bancos de datos,



dicionarios e glosarios), aplicacións (webs integradoras de recursos, correctores ortográficos etc.) e outras ferramentas, tales como etiquetadores morfosintácticos e semánticos.

### **Subliña 1.1. Lingüística interna: descrición e estudo**

O estudo sincrónico das linguas constitúe un dos alicerces da investigación en lingüística e como tal conta cunha gran tradición investigadora neste campo. Certamente, dende o iLingua afrontarase o reto de estudar internamente as linguas tanto dende perspectivas ben consolidadas ou innovadoras (por exemplo, lingüística clínica e patoloxías da linguaxe, linguaxe probatoria ou evidencial no ámbito da lingüística forense etc.), coma con metodoloxías e ferramentas innovadoras (computacionais, laboratorio de cognición e linguaxe etc.).

*1.1.1. Fonética e fonoloxía.* Un dos contextos máis evidentes de estudo dunha lingua constitúeno os seus sons, aos que se pode chegar dende unha perspectiva de fonética articulatória, acústica, experimental ou perceptiva. A fonoloxía permite estudar, dende a abstracción, os sistemas de sons e a súa organización. O iLingua ten capacidade para desenvolver investigación fonolóxica ou fonética dende calquera das ópticas enumeradas xa que se dispoñen das ferramentas adecuadas (por exemplo, con cabina insonorizada, micrófonos e gravadores profesionais no laboratorio de linguaxe e cognición na FFT etc.). Dende unha vertente máis aplicada destaca tamén a síntese e o recoñecemento da fala.

*1.1.2. Análise da conversa e prosodia.* A conversa, entendida como unha actividade verbal oral interactiva e estruturada en quendas, pode ser analizada cando menos dende as seguintes perspectivas: da organización da conversa (baseándose nas quendas de palabra), das máximas conversacionais, da comunicación non verbal e dos parámetros prosódicos. Situados no nivel suprasegmental, entre estes elementos prosódicos poden ser obxecto de estudo a entoación, a acentuación, o ton, o volume, a intensidade, a velocidade, as pausas etc.

*1.1.3. Léxico e semántica.* O estudo léxico e semántico dunha lingua, de xeito individual ou comparado, engloba múltiples ámbitos como os da lexicografía (Diccionario CLUVI inglés-galego, Diccionario de sinónimos do galego, Diccionario Galnet etc.), lexicoloxía, fraseoloxía comparada, neoloxía (Observatorio de Neoloxía da lingua galega na UVigo; Neoteca – Banco de Datos de Neoloxismos da UVigo), onomástica (Toponimia galega – Aquén), terminoloxía (Termodoteca – Banco de Datos Terminolóxico da UVigo), redes semánticas (Galnet - WordNet 3.0 do Galego), papeis e roles semánticos (etiquetador semántico de ADESSE, SLI-Tagger – Etiquetador morfosintáctico e semántico) etc. Como se pode observar, a meirande parte dos recursos e ferramentas están dispoñibles na rede de Internet.

*1.1.4. Morfoloxía e sintaxe.* Estas son as dúas grandes áreas que adoitan constituír a gramática dunha lingua. Son múltiples os estudos e enfoques posibles, por exemplo, factores determinantes nos procesos de formación de palabras, criterios de identificación e análise das grandes clases de palabras, morfoloxía flexiva ou redes morfolóxicas; tipos de unidade da análise sintáctica (frases, cláusulas, oracións), funcións sintácticas frásticas e oracionais, orde de constituíntes frásticos e oracionais (clíticos e non clíticos), esquemas sintácticos, tipoloxías verbais etc. Os/as integrantes de iLingua dispoñen xa de recursos coma ADESSE: Base de datos de Verbos, Alternancias de Diátesis y Esquemas Sintáctico-Semánticos del Español, Lingaliza – Análise lingüística automática do galego, FreeLing do galego, SLI-Tagger – Etiquetador morfosintáctico e semántico etc.

*1.1.5. Análise do discurso e pragmática.* O estudo da lingua en uso desenvólvese esencialmente a partir de discursos escritos, orais e audiovisuais. É calidoscópica a aproximación nestes ámbitos con estudos sobre a textura discursiva, evidencialidade, indireccionalidade, unidades discursivas, marcadores do discurso, estratexias para o control discursivo, a ideoloxía, discurso e sociedade, paralelamente a investigación sobre as funcións informativas, a cortesía, ciberpragmática etc. Verbo de ferramentas de análise automática do discurso dispoñemos, por exemplo, de DContado - Análise textual.

## **Subliña 1.2. Variación e cambio lingüístico**

Esta segunda liña parte da premisa de que a lingua é un construto social e, como tal, é susceptible de variar e mudar nos diferentes niveis da súa estrutura interna atendendo a factores sociais, históricos, xeográficos e temporais. As achegas teóricas e metodolóxicas máis salientables desta liña no iLingua explican os contextos de variación e cambio, e aínda que tamén se moven en áreas coma a arqueoloxía e a xenética, atinxen fundamentalmente a diacronía, a diatopía, os factores sociais que caracterizan as/os falantes e as súas actitudes cara á lingua.

*1.2.1. Perspectiva diacrónica.* Esta achega deseña a variación e o cambio lingüístico historicamente ó longo do tempo (pasado, presente e futuro), e a análise pódese realizar en tempo real ou en tempo aparente. Abrangue todos os niveis do estudo lingüístico interno (véxase subliña 1.1, arrequcidos con algún outro como o paleográfico e grafemático –para os manuscritos medievais, por exemplo –), así como o estudo de tipoloxías textuais (poesía, prosa literaria, prosa científica, prosa notarial, cartas persoais etc.), de rexistro (formal/informal) e de contexto comunicativo (textos orais e/ou escritos). Por exemplo, o cambio tipolóxico do inglés ou do latín cara as romances de linguas sintéticas a linguas analíticas trala debilitación da morfoloxía flexiva e o consecuente desenvolvemento de novas estratexias sintácticas, a variación nas expresións de cortesía en cartas do século XVIII, o cambio nas características textuais no discurso da lingua científica, os esquemas sintácticos no galego medieval, as funcións sintácticas oracionais en galego e español medievais etc. No iLingua contamos con recursos que permiten abordar esta perspectiva, incluíndo recursos de acceso mediante subscrición e recursos compilados por membros do Instituto (por exemplo, A Representative Corpus of Historical English Registers, 1600-1900; APU Writing and Reading Corpus 1979-1988; RILG – Recursos integrados da lingua galega etc.).

*1.2.2. Perspectiva diatópica.* Esta achega céntrase no estudo das variedades diatópicas dunha lingua, ben a nivel local, rexional, nacional ou internacional. Por exemplo, no eido da dialectoloxía galega son especialmente relevantes as investigacións sobre as tres grandes áreas dialectais incluído o galego exterior e as veciñas falas portuguesas do norte, así como a representación dialectal a través de mapas multidimensionais ou mapas interactivos. No ámbito da lingua inglesa, estúdanse as distintas variedades de inglés do mundo, os angloversais lingüísticos e o uso do inglés como lingua franca. No iLingua contamos con algún recurso compilado ou coordinado por membros do Instituto (por exemplo, Internacional Corpus of English: ICE-Gibraltar, O valego: as falas de orixe galega do Val do Ellas (Cáceres-Estremadura), A lingua galega no Eo-Navia, Bierzo Occidental, As Portelas e Calabor e o Val do Ellas etc.).

*1.2.3. Factores relacionados coas persoas falantes.* A lingua evoluciona e cambia nas sociedades en que hai interacción entre persoas dunha comunidade lingüística ou entre diferentes comunidades lingüísticas. Xa que logo, outro campo de investigación relevante para determinar

as causas de variación e cambio é o estudo de factores que atinxen as persoas falantes, entre os que se inclúe caracteristicamente a idade, o sexo, o estrato social, o nivel educativo ou a súa etnia. Estes metadatos adoitan estar etiquetados nos corpus lingüísticos xa mencionados e permiten a súa análise empírica e sistemática, tanto a nivel de variación interpersoal (entre diferentes falantes) coma intrapersoal (nas/os propias/os falantes).

*1.2.4. Actitudes cara á lingua.* Os contextos de cambio e variación a miúdo entrañan unha avaliación social das formas lingüísticas, de xeito consciente ou inconsciente, debido á súa asociación con certos trazos das/os falantes (idade, sexo, estrato social etc.) ou co rexistro do uso lingüístico (oral/escrito; formal/informal). Mediante a análise das actitudes das/os falantes podemos identificar os contextos que derivan na posible estigmatización de certas variantes e na selección e aceptación doutras como forma estándar. No iLingua contamos con experiencia na elaboración de recursos que facilitan esta achega dende a óptica histórica (como, por exemplo, Eighteenth-Century English Grammars Database, Eighteenth-Century Phonology Database).



## **Liña 2. Sociedade, ideoloxía e política lingüística**

O estudo e análise da relación entre as linguas e as sociedades ou comunidades humanas que as falan –ou que as deixan de falar– é unha das pólas máis apaixonantes da lingüística. Pescudarmos no cando, no onde, no como, no por que e no para quen se usan as linguas no seo dun determinado colectivo humano convértese non só nun apetecible obxecto de estudo de seu, senón nunha valiosa e imprescindible ferramenta para coñecer, regular, legislar e equilibrar a convivencia social, para procurarmos colectivos e individuos máis sabios, felices, solidarios e respectuosos coas comunidades nas que se integran e desenvolven.

Realidades sociolingüísticas complexas hainas por todo o mundo, pois temos preto de 7.000 linguas en case 200 países. En Europa, dende Fisterra ata os Urais, fálanse non menos de 300 linguas, das cales o 90% está nunha situación de esmorecemento e grave risco de desaparición. O galego, por exemplo, con millón e medio de falantes activos, é un deses idiomas en graves dificultades de supervivencia e reprodución na súa sociedade, e por iso Galicia e os territorios exteriores de lingua galega teñen sido nos últimos 40 anos un inmenso, intenso e vizoso laboratorio de análises sociolingüísticas moi variadas. Os resultados son moi dispares, pois diferentes eran os puntos de partida sociais, lexislativos, administrativos e culturais entre Galicia e as outras tres comunidades autónomas fronteirizas onde existen minorías galegofalantes sen recoñecemento de dereitos lingüísticos: Asturias, Castela-León e Estremadura.

A Constitución española de 1978 cedulles ás comunidades autónomas a capacidade de legislar sobre o recoñecemento ou oficialidade das linguas faladas en cadanseus territorios. Deste xeito o galego foi declarado oficial unicamente en Galicia, en Castela-León foi recoñecido estatutariamente, nunha lei autonómica de Asturias foi citado brevemente e en Estremadura só foi recoñecido como Bien de Interés Cultural (BIC). Unha mesma lingua con catro lexislacións distintas con diferentes graos de recoñecemento, oficialidade e (des)protección lingüística en función do territorio onde a/o falante resida.

A ciencia lingüística, neste caso a sociolingüística, despois de exhaustivas análises, demostración e estudo de datos empíricos, debe por todo o seu saber ao servizo dunha sociedade máis solidaria, pluralista, coñecedora e igualitaria. A sociolingüística adopta así unha achega fundamentalmente ecolingüística.

### **Subliña 2.1. Sociolingüística das linguas minorizadas**

Dende a experiencia primeira en Galicia co traballo sociolingüístico no eido da lingua galega (enquisas, análises evolutivas de usos e actitudes, ensaios sobre prexuízos lingüísticos etc.) e por comparación e cotexo de situacións análogas, o campo de estudo esténdese vizosamente a linguas e minorías lingüísticas próximas, partindo das iberorrománicas e achegándose á análise comparativa doutras situacións de re-emerxencia en contextos de minorización lingüística, dende o traballo colaborativo co programa europeo MERCATOR (investigación da UE en lexislación e educación en minorías lingüísticas europeas sediada na Fryske Akademy) e en permanente contacto coa ELEN (European Language Equality Network, rede de 174 asociacións cívicas representantes de 50 linguas en 25 estados europeos que traballan polas linguas minorizadas). No grupo de linguas e minorías lingüísticas iberorrománicas inclúese, por exemplo, o mirandés ou asturleonés de Portugal; asturiano; galego de Asturias, León, Zamora e Cáceres; catalán de Cataluña, Valencia, Baleares, Aragón e Murcia; aranés ou occitano de Cataluña; e aragonés. E no grupo doutros contextos de minorización lingüística pódese mencionar o catalán de Sardeña; friulano de Udine-Venezia Giulia; alemán do Sud-Tirol; éuscaro de País Vasco, Navarra, Castela-León e Iparralde; sardo, corso, bretón, galés, frisón de Holanda, gaélico de Escocia, arromanés de Grecia etc.

Tense publicado nos últimos estudos que, dentro dunhas realidades sociolingüísticas tan diversas e diferentes como complexas, existen uns “universais sociolingüísticos”, unhas características comúns a todas elas: os mesmos prexuízos inoculados historicamente nos falantes desas linguas, as mesmas inercias históricas de imposición das linguas estatais ou internacionais, as mesmas ou semellantes estratexias oficiais para acabar co uso das linguas minorizadas. Outramente, tamén existen uns universais para a re-emerxencia: integración das linguas minorizadas no eido escolar, estandarizacións, neoloxizacións e elaboracións léxicas, estudos e investigacións puramente lingüísticos, visibilidade na paisaxe lingüística e nos medios de comunicación local, valorización da lingua minorizada para o acceso ao mundo laboral dentro do territorio de lingua minorizada etc.

Nesta liña, a achega á sociolingüística das linguas minorizadas será, pois, unha lingüística implicada. No iLingua preténdese crear un Observatorio de Reemerxencia das linguas minorizadas, establecer relacións fluídas e estables con outras institución análogas (Selminariu de Filoloxía Asturiana, Anstituto de la Lhéngua Mirandesa, Grup Catalá de Sociolingüística, CIEMEN, Garabide etc.) e ser unha canle de comunicación permanente para se compartillaren avances, noticias, campañas sectoriais exitosas, abranxencia da paisaxes lingüísticas, modificación lexislativas favorables ás linguas minorizadas, novos materiais pedagóxicos e didácticos (en rede e en papel), música cantada en linguas minorizadas, congresos e encontros e, sobre todo, avances científicos no estudo da reemerxencia e revitalización das linguas minorizadas.

### **Subliña 2.2. Políticas lingüísticas e lexislación lingüística**

A intención do rumbo que quere tomar toda sociedade en dereitos e deberes, a ideoloxía social, maniféstase nas leis, decretos e normas emanados dos parlamentos e centros de decisión administrativos e nas orientacións e interpretacións destas normativas que elaboren os órganos xudiciais.

Os estudos sociolingüísticos poden alcanzar unha enorme utilidade social e unha aplicabilidade lexislativa inmediata. Por exemplo, a raíz dun estudo sociolingüístico publicado pola UVigo sobre o mirandés en que se demostraba que esta lingua, nas actuais condicións sociais, non chegaría ao ano 2050, Portugal asinou a *Carta Europea para as Linguas Rexionais e Minorizadas* do Consello de Europa, decretou unha partida orzamentaria para a investigación e o ensino do mirandés, e chamou a consultas ao Parlamento a diversos sociolingüistas para os lexisladores ouviren de primeira man a opinión dos expertos con vistas á declaración de oficialidade do mirandés na reforma da Constitución portuguesa.

Os contextos de elaboración e aplicación de normativa protectora de linguas son diversos e cambiantes. Por exemplo, o 13/02/2017 o grupo parlamentario socialista do Congreso dos Deputados rexistrou o PLORAPLE: *Proyecto no de Ley Orgánica de reconocimiento y amparo de la pluralidad lingüística española*. Este texto supoñía un avance nos dereitos das/os falantes das linguas oficiais e non oficiais do estado español. Para a elaboración desta norma, solicitouse a opinión de sociolingüistas, grupos de investigación e outras institucións das linguas. No trámite parlamentario expertos/as e institucións serán citadas para achegaren os últimos datos científicos sobre a realidade das linguas en España, con vistas a unha axeitada redacción e posterior aplicación dese tan necesario PLORAPLE.

Por iso, antes de calquera acción en favor dunha lingua minorizada, cómpre que as persoas lexisladoras coñezan os resultados dos estudos xeo-, demo- e sociolingüísticos, que sempre ofrecen unha comparación con estudos anteriores para poder observar a evolución da vitalidade ou do esmorecemento das linguas. Con esta liña, o persoal investigador do iLingua – en colaboración con Institutos de estudos e persoal investigador en sociolingüística das linguas minorizadas– afondará nas análises comparativas e seguimento das situacións das minorías lingüísticas de Europa, nomeadamente as iberorrománicas, para fornecer ferramentas de estudo igualmente aplicables noutras partes do planeta en situacións semellantes de minorización e emerxencia lingüística. Por exemplo, boa parte das medidas e acción legais adoptadas para estas minorías europeas tamén o serían para os minorizados portugués do norte do Uruguai, mapudungún de Chile, nahuatl de México, alemán de Romenia, húngaro de Serbia, turco de Grecia, español de Puerto Rico, ruso de Lituania etc.

### **Subliña 2.3. Revitalización lingüística, neofalantismo e refalantismo**

Esta terceira subliña de investigación visa estudar os fenómenos sociais, políticos e culturais que conducen á revitalización ou emerxencia lingüística de linguas esmorecentes, dende as políticas educativas (inmersión lingüística, reintrodución, estandarización, ferramentas informáticas, presenza na rede, lecer educativo etc.) ata as políticas máis xerais na sociedade (reversión mediática, combate dos prexuízos sociais incrustados na poboación por séculos de minorización, introdución da lingua na etiquetaxe dos produtos de consumo, factores de prestixio etc.). Secasí, cumprirá un estudo previo das linguas minorizadas por sectores (escola,

administracións, xustiza, comercio, industria, publicidade, medios escritos, radio e TV, asociacionismo, lecer, audiovisual etc.) e da medida en que converxen ou inciden na revitalización lingüística.

Para poder debullar nesta liña de investigación cómpre primeiramente establecer con claridade as fronteiras e os conceptos de bilingüismo, semilingüismo e monolingüismo en contextos plurilingües (vid. subliña 3.2), así como os de diglosia, diglosia inversa, lingüicidio, alternancia de código, normalización e dinamización lingüística, revitalización, interferencia, corrección, cesión lingüística contextual, reconstrución e neoloxía léxica etc. Só con todos estes ingredientes socio-lingüísticos, políticos e culturais se poderán analizar a evolución (emerxente ou esmorecente) das linguas minorizadas.

A investigación nesta liña abranguerá os fenómenos sociolingüísticos derivados da revitalización en cada unha das linguas minorizadas obxecto de estudo e, comparativamente, entre elas. Referímonos aos fenómenos denominados: (a) Diglosia inversa: uso da lingua minorizada (B) en contextos oficiais ou laborais onde ten certa ou moita presenza e da lingua maiorizada (A) –e familiar da/o falante– en contextos informais. (b) Neofalantismo: pasaxe ao uso total ou maioritario en todos os contextos –formais e informais– da lingua minorizada (B) por parte dunha persoa procedente dun contexto lingüístico familiar e social na lingua maiorizada (A). (c) Refalantismo: pasaxe ao uso total ou maioritario en todos os contextos da lingua minorizada (B) por parte dunha persoa que a deixou de falar durante unha serie de anos –normalmente, no período escolar– cando esa persoa proviña dun contexto lingüístico familiar e social na lingua minorizada (B).

Así mesmo, tamén se estudarán as características lingüísticas (interferencias da lingua familiar A, fonéticas, morfosintácticas, léxicas e prosódicas, na lingua de adopción B) e a aceptabilidade social destas categorías sociolingüísticas. Para a análise do primeiro grupo de características deberase contar co apoio necesario de especialistas en estatística, fonética experimental, morfosintaxe e prosodia, así como das ferramentas de corrección lingüística que ten calquera falante na rede ao seu dispor. Para os segundo grupo delas serán precisas achegas da historia contemporánea, da socioloxía e da antropoloxía.



### **Liña 3. Linguas, cognición e educación**

#### **Subliña 3.1. Lingua(s) e cognición**

Aínda que xeralmente se dá por asumido o significado de *lingua/linguaxe* e *cognición*, estes termos teñen diferentes sentidos. Por unha banda, *lingua/linguaxe* refírese ao sistema lingüístico, ás características estruturais dos seus compoñentes e ás súas interrelacións. Por outra banda, *lingua/linguaxe* refírese ao uso da lingua, isto é, ao comportamento verbal nas súas diferentes formas (por exemplo, ler e falar) e aos procesos mentais e ás estruturas de coñecemento involucradas nese comportamento. É máis complicado describir a cobertura do termo *cognición* en liñas xerais. Se se busca unha definición nas obras de psicoloxía cognitiva ou ciencia cognitiva, a maioría destas comeza coa afirmación de que a psicoloxía cognitiva trata da estrutura e funcións

da mente, pero o certo é que non está claro onde remata a psicoloxía cognitiva e comezan outras áreas da psicoloxía ou onde se sitúa a demarcación entre *cognición* e *linguaxe*. A psicoloxía cognitiva abrangue unha diversidade de fenómenos; trata temas como percepción, aprendizaxe, memoria, *linguaxe*, emoción e formación de conceptos e pensamento. É especialmente notable que a *linguaxe* estea nesta lista, o que indica que a *linguaxe* non está separada da *cognición*, senón que é un dos seus ingredientes.

Como subdisciplinas lingüísticas relativamente recentes, a psicolingüística e a lingüística cognitiva actuais comprenden unha ampla gama de enfoques e teorías dentro do campo interdisciplinario da lingüística, a ciencia cognitiva e a psicoloxía. O principal interese compartido entre psicolingüística e lingüística cognitiva é a investigación da *linguaxe* como un instrumento para organizar, procesar e transmitir información. Moitos dos puntos converxentes entre ambas sub-disciplinas resultan de particular interese para os proxectos desenvolvidos dentro do iLingua:

- Que representacións mentais ou conceptualizacións cognitivas se reflicten na *linguaxe*? Como se organiza o coñecemento lingüístico na mente dos falantes (léxico mental, gramática mental, predición probabilística etc.)?
- Que procesos mentais se activan durante a produción e a comprensión lingüísticas? Como e cando se accede ás representacións mentais dos elementos lingüísticos ou estas adquiren relevancia?
- Cales son as representacións e procesos mentais particulares da *linguaxe* e cales pertencen ás capacidades cognitivas xerais?
- En que medida están as representacións e procesos mentais suxeitos a variacións no desenvolvemento do individuo (adquisición da *linguaxe* en nenos con desenvolvemento típico fronte a nenos con desenvolvemento atípico) ou a cambios ao longo da vida (envellecemento, trastornos adquiridos)?
- En que se diferencian a *linguaxe* e a *cognición* humanos das capacidades cognitivas e os sistemas de comunicación doutras especies?
- Cal é a relación entre *linguaxe* e pensamento (relatividade lingüística)? Inflúe a *linguaxe* no pensamento e, en caso afirmativo, de que maneira (por exemplo, preferencias sintácticas ou articulatorias)?
- Que representacións e procesos mentais son lingüisticamente universais e cales son específicos de cada lingua, é dicir, en que se diferencian entre as distintas linguas do mundo?
- Como adquiren a *linguaxe* os/as nenos/as (adquisición da primeira lingua)? Que ocorre na mente dos/as falantes que falan varias linguas (multilingüismo) ou aprenden unha segunda lingua (adquisición de segundas linguas ou linguas estranxeiras)?
- Que procesos mentais, lingüísticos e sociais dan forma á creatividade lingüística? Como se procesa a creatividade lingüística dende o punto de vista dos/as falantes dunha primeira lingua, segunda lingua ou multilingües?

Na última década, a investigación lingüística baseada no procesamento lingüístico e no uso (*lingua* como 'uso') acadou un alcance moito maior, ao incorporar ideas e métodos da psicoloxía e a neurociencia ao estudo de probas da produción e percepción reais da *linguaxe*. No modelo de gramática cognitiva baseado no uso, cada tipo de elemento lingüístico (lexema, categoría ou construción) constitúe un nodo mental que está vinculado a outros nodos mediante conexións asociativas formadas por procesos cognitivos de dominio xeral. Estes procesos cognitivos xerais responden á frecuencia de aparición/uso, que reforza a activación de

determinados vínculos entre os nodos e aumenta a súa probabilidade de ser (re)utilizados no futuro. Un suposto dos enfoques da linguaxe baseados no uso é, pois, que os usuarios da lingua crean unha representación mental dun elemento lingüístico a partir de cada experiencia con ese elemento. Esta representación cognitiva inclúe por exemplo as variantes de pronuncia, que son categorías formadas sobre a base da frecuencia e a similitude das diferentes realizacións fonéticas percibidas; os elementos frecuentes causan a memorización de máis variantes de pronuncia, e tamén terán máis variantes reducidas foneticamente. A forma das variantes de pronuncia almacenadas mentalmente para unha palabra ou secuencia afectará, igualmente, á produción subseguinte destes elementos en contexto.

Un dos principais argumentos do enfoque baseado no procesamento e o uso é que, para comprender a toma de decisións lingüísticas (inconscientes) en contexto, é fundamental analizar a competición entre os procesos mentais implicados orientados ao individuo (relacionados coa memoria) e os orientados aos demais (cognición social). Influenciados pola interacción entre os procesos cognitivos, os conceptos gramaticais son pois entidades dinámicas que xorden da asociación entre nós dentro dunha rede cognitiva aniñada (*network*), na que os nós se converten á súa vez en sub-redes nun nivel de análise diferente.

Con estas premisas, os obxectivos primordiais dentro da liña *lingua(s) e cognición* serán o estudo das representacións mentais dos elementos lingüísticos, dentro dun modelo de rede aniñada, e a investigación de (ir)regularidades no seu procesamento produtivo e perceptivo. Ambas tarefas constitúen a porta principal de acceso para comprender mellor a organización cognitiva e as capacidades lingüísticas do ser humano (nativo, aprendiz ou multilingüe), que veñen sempre marcadas pola interacción social e a experiencia comunicativa previa.

### **Subliña 3.2. A mente multilingüe**

Ao igual que ocorre co significado de lingua/linguaxe e de cognición, normalmente supoñemos que o significado do termo bilingüismo/multilingüismo é evidente, facendo referencia á capacidade dun individuo de comunicarse en dúas ou máis linguas, e ao conxunto de coñecementos lingüísticos que posibilitan esta capacidade (nótese o uso do termo con referencia ao bilingüismo ou multilingüismo individual, non ao bilingüismo ou multilingüismo dunha comunidade). Ao mesmo tempo, esta descrición é insuficiente, xa que non especifica as múltiples vías para adquirirmos esta habilidade de usar varias linguas (como o bilingüismo ou multilingüismo simultáneo, secuencial temperán e secuencial tardío, ou a aprendizaxe dunha segunda lingua nun entorno natural ou na escola). A rota de adquisición das diferentes linguas e o grao de experiencia con cada una delas poden influír na profundidade do coñecemento das linguas, no xeito en que este coñecemento se almacena na memoria e na natureza das expresións lingüísticas dos falantes. Noutras palabras, bilingüismo/multilingüismo é un termo xeral que abrangue moita heteroxeneidade tanto na representación das linguas como no seu uso. Que diferenza supón ter unha lingua no cerebro ou ter máis dunha? Esta é unha pregunta intrigante que nos pode axudar a resolver máis dun misterio sobre a mente multilingüe. Neste momento, só coñecemos fragmentos da resposta. A evidencia dispoñible suxire que existe un fenómeno común a todos os bilingües/multilingües, incluídos os aprendices de segundas linguas: a interacción entre os diferentes subsistemas lingüísticos é común, de tal xeito que o uso de calquera das linguas se ve influenciado pola(s) outra(s) e as expresións lingüísticas dos falantes multilingües normalmente difiren das expresións correspondentes dos falantes monolingües. Como xa dixo



François Grosjean no 1989, o falante bilingüe non é dous monolingües nunha persoa. Noutras palabras, o bilingüismo ou multilingüismo é un termo ‘paraugas’ que abrangue moita heteroxeneidade tanto na representación lingüística como no uso lingüístico.

Pódense examinar os efectos do bilingüismo tanto na cognición verbal como na non verbal. Unha liña principal de estudo ten as súas raíces na investigación interlingüística sobre a relatividade lingüística, a idea de que a maneira específica na que un sistema lingüístico codifica aspectos do entorno afecta o pensamento dos seus falantes, co efecto de que os falantes de diferentes linguas pensan de maneira diferente. A investigación con bilingües/multilingües aborda a cuestión de como a relatividade lingüística se manifesta nestes falantes, cuxas linguas poden conter diferentes solucións estruturais para representar o mundo que os rodea. Isto é, trata da cuestións relativas a como os trazos opostos dos diferentes sistemas lingüísticos afectan á cognición non verbal dos falantes. Unha segunda liña de investigación no estudo da cognición bilingüe/multilingüe céntrase na cognición verbal, en concreto, en como o dominio de varias linguas afecta o seu uso, o seu procesamento mental e en como as expresións lingüísticas dos bilingües ou multilingües se comparan coas dos falantes monolingües. Un dos obxectivos é entón obter coñecemento de como se adquire, representa e organiza a facultade da linguaxe no cerebro dos falantes multilingües, os mecanismos de control e cambio de linguas, os efectos de coactivación de linguas, así como o impacto da estrutura gramatical no procesamento lingüístico, dependendo do perfil do falante multilingüe. Para investigar cales son as características universais da representación e procesamento da linguaxe, e cales varían dependendo das especificacións de cada lingua, empregamos técnicas experimentais condutuais (tempos de reacción), medidas electrofisiolóxicas de potenciais evocados (ERPs) e rexistro de movementos oculares. O iLingua, neste sentido, dispón non só de recursos humanos capacitados para desenvolver estas liñas de investigación senón tamén de recursos materiais no Laboratorio de Linguaxe e Cognición (véxase ‘Recursos materiais’).

### **Subliña 3.3. Adquisición e aprendizaxe de linguas**

Na década dos 80, Krashen (1981) propuxo o modelo monitor onde establecía a diferenza entre adquisición e aprendizaxe. A primeira determina que adquirimos unha lingua mediante a exposición a mostras desa lingua mentres que a aprendizaxe dunha lingua faise de maneira consciente a través da atención a forma e a aprendizaxe das regras. Se ben durante esa década facíase a distinción entre os termos adquisición e aprendizaxe, na actualidade utilízase o termo adquisición para cubrir estes dous ámbitos ou ben utilízanse os dous termos indistintamente.

A adquisición de segundas linguas ocúpase da análise do proceso polo que os/as falantes dunha lingua adquiren unha segunda lingua ou outras linguas adicionais. Historicamente, os primeiros estudos nesta área ocupábanse da análise contrastiva entre dúas linguas e da análise de erros ata a chegada da hipótese da interlingua que supuxo considerar a lingua que fala un/ha aprendiz coma un sistema independente. A partir dese momento, a evolución na investigación alcanzou o concepto actual de multicompetencia. Esta indica que existe un sistema xeral na mente do/a aprendiz que coñece e usa máis dunha lingua. O/A aprendiz de linguas xa non se compara cun idealizado falante nativo, non é falante de inferior categoría senón que posúe as súas propias características.

Como sinalamos no apartado anterior, ao igual que ocorre no bi/multilingüismo, a adquisición e segundas linguas posúe unha liña principal de estudo que une lingua e cognición e

trata a interacción entre as distintas linguas na mente do aprendiz e a relación entre lingua e pensamento. Dende a perspectiva do relativismo lingüístico e a hipótese de “pensar para falar” (Slobin, 1996) trátase de responder as seguintes preguntas: son os/as aprendices capaces de aprender os patróns de pensamento para falar nunha segunda lingua?, está esa aprendizaxe influenciada pola orientación verbalizada específica da súa primeira lingua?, pode a segunda lingua influír nos patróns de pensamento da primeira lingua? E finalmente, os/as falantes da segunda lingua mostran unha representación conceptual unificada ou ben unha distinta para cada lingua? Os estudos levados a cabo ata o momento indican que se pode conseguir a reestruturación de patróns da primeira a segunda lingua, pero tamén conviven con patróns adquiridos da primeira lingua. Tamén existe influencia da segunda lingua na primeira a través de transferencia inversa e a bidireccionalidade. Inflúe a segunda lingua na primeira e ambas inflúen unha na outra. Por outra banda, marcos coma a multicompetencia indican que os/as falantes dunha segunda lingua son usuarios/as de máis dunha lingua e todas as linguas que falan foman parte dese sistema lingüístico. Deste xeito, o/a usuario/a non pode desconectarse da súa primeira lingua, xa que forma parte deste sistema común. A multicompetencia non afecta unicamente a lingua senón a todo o sistema cognitivo xa que a lingua non se considera un proceso cognitivo illado.

Na súa vertente orientada ao ensino, reflíctese o interese do campo teórico da lingüística cognitiva en tratar a aprendizaxe coma un proceso de adquisición de construcións, é dicir, pares de lingua e significado, nos que non existe liña divisoria entre a forma e o significado. Neste sentido, actualmente promóvese o uso de modelos que van máis alá dos métodos tradicionais de aprendizaxe de linguas como a gramática-tradución. Destacan os enfoques que se enmarcan dentro do “lingüística baseada no uso”. Non se trata dun marco homoxéneo senón dun conxunto de enfoques que comparten unha visión da aprendizaxe de linguas que parte da lingüística cognitiva e considera que a lingua consiste nun inventario estruturado de construcións utilizadas con fins comunicativos. Nestes enfoques o significado adquire un papel fundamental e a lingua considérase intrinsecamente conectada coa cognición humana. A aprendizaxe está guiada polo input e baseada na experiencia e as estruturas emerxen do uso repetitivo da lingua en contextos concretos. O que determina a aprendizaxe é a frecuencia do input, o grado de fortaleza que se percibe nos estímulo e a consistencia do mapeo entre forma e significado. Como afirma Tomasello (2003), a estrutura lingüística emerxe do uso. Por exemplo, o actual método da aprendizaxe baseada en tarefas parte desta concepción da aprendizaxe contextualizada e das necesidades comunicativas, polo que se enmarca dentro da aprendizaxe orientada á forma, na que se dá máis importancia aos procesos cognitivos que sustentan a aprendizaxe de linguas. En resumo, os principios centrais destes enfoques parten da natureza situada, contextualizada e variable da aprendizaxe, do papel central do significado, da experiencia coma a base da aprendizaxe da gramática, e a frecuencia coma impulsora de mecanismos de aprendizaxe. Dende esta perspectiva adquire relevancia a frecuencia de exposición ao input dos aprendices. Recentemente, o amplo uso da internet e o avance das novas tecnoloxías abriu paso a unha área de estudo denominada “aprendizaxe informal” que se ocupa de analizar os efectos da exposición a plataformas coma YouTube, TikTok, a series e películas en versión orixinal etc. Os estudos céntranse en analizar os tipos de actividades que os aprendices fan fora da aula, a frecuencia de exposición a esas actividades e os efectos desa exposición na competencia lingüística. Tamén inclúen os efectos de outras variables individuais coma a idade, a motivación ou a ansiedade nos resultados da aprendizaxe informal.



#### **Liña 4. Tradución e interpretación**

A tradución e a interpretación son dúas actividades cruciais na mediación comunicativa que están presentes en todas as áreas xeográficas e períodos temporais. Caracterízanse pola súa natureza práctica e unha dilatadísima historia que se remonta a tempos inmemoriais. Dado que se trata de produtos sociais, mostran unha constante evolución o que levou a ampliación dos seus campos iniciais de actuación e a creación de novas modalidades. Fronte a esta vertente práctica, a análise sistemática da tradución e interpretación é, porén, moi recente. Á diferenza do que sucede con outros ámbitos do coñecemento, o seu desenvolvemento iníciase na segunda metade do século XX. A súa orixe vincúlase á creación dos primeiros centros universitarios de formación para tradutores e intérpretes profesionais. Buscábase dar resposta así ás novas necesidades de comunicación derivadas dos profundos cambios socioeconómicos que se produciron despois da Segunda Guerra Mundial. Esta progresiva institucionalización da tradución e interpretación co obxectivo de atender as demandas da sociedade tivo como consecuencia a estruturación dun ámbito de estudo diferenciado e multidisciplinar que permitise unha análise axeitada de ambas as actividades. Nun breve período de tempo, especialmente nos anos 80 e 90 do século pasado, os estudos de tradución construíron e delimitaron un espazo propio de desenvolvemento. Non hai que esquecer que a primeira organización do mesmo foi a realizada por Holmes (1972) e non se deu a coñecer ata 1988. Para a creación deste novo ámbito interdisciplinar acudiuse a aqueles elementos procedentes de diversas disciplinas (lingüística contrastiva, lingüística textual, análise do discurso, pragmática, antropoloxía, sociolingüística, literatura comparada etc.) que se consideraron os máis axeitados para o estudo dunhas actividades complexas nas que interveñen múltiples factores. Deste xeito, fóronse desenvolvendo todas as posibles vertentes (estudos puros e aplicados) e orientacións de estudo (produto, proceso, didáctica, historiografía, entre moitos outros). Como resultado, na actualidade, os estudos de tradución convertéronse nun campo prolífico e de gran vitalidade que alcanzou o seu recoñecemento como disciplina autónoma.

A vinculación da UVigo coa tradución e interpretación iníciase no ano 1992 coa implantación duns estudos que seguen sendo os únicos existentes no contexto do SUG. Nese momento créase así mesmo a actualmente denominada área de Tradución e Interpretación. Este feito constituíu o punto de partida para o inicio da investigación sobre tradución e interpretación na nosa Universidade, unha investigación que se foi desenvolvendo paulatinamente e achegou diversos resultados ao longo destes anos.

Tendo en conta estas cuestións, o obxectivo desta liña é dobre. Por unha banda, pretende fortalecer e consolidar os fitos de investigación que están a desenvolver os diferentes grupos do ámbito da tradución e interpretación. Por outra, impulsar a creación de sinerxías para incrementar a capacidade de colaboración entre os diferentes grupos e investigadores/as que se integren nesta proposta. Búscase deste xeito xerar coñecemento e achegar resultados de interese en relación con estes ámbitos para unha sociedade multilingüe e multicultural na que a tradución e a interpretación sitúanse “at the heart of the global economy” (House, 2015: 106). Neste eixe xeral inclúense os seguintes eixes de investigación:

a) Tradución audiovisual. A tradución audiovisual é unha actividade profesional que engloba todos os tipos de transferencia lingüística e semiótica entre textos audiovisuais, como por exemplo a dobraxe, a subtitulación, a voz en off ou a localización de videoxogos. Aínda que o salto ao ámbito académico produciuse relativamente tarde –a finais do século XX –, a eclosión de modalidades, plataformas, dispositivos electrónicos, opcións de consumo e interacción e tendencias incrementaron exponencialmente a atención tanto dos/as profesionais como dos/as formadores/as e investigadores/as de distintas procedencias. En consecuencia, a tradución audiovisual pasou de ser unha área incipiente e periférica a erixirse como unha das ramas máis importantes dentro dos estudos de tradución. A investigación no campo da tradución audiovisual comprende calquera estudio centrado na transferencia interlingüística, intralingüística ou intersemiótica dun texto audiovisual ou multimedial, é dicir, dos textos cuxos signos, estruturados e organizados en varios códigos de significación, se transmiten a través de polo menos dúas canles de comunicación: o acústico e o visual. No caso dalgúns videoxogos, intervén un terceiro canle, o táctil, a través do cal se transmiten signos codificados que tamén impactan nas operacións de tradución. As cuestións que recibiron máis atención na investigación sobre tradución audiovisual ao longo dos anos son, entre outras, a historia da tradución audiovisual, as distintas modalidades de tradución audiovisual, o enfoque didáctico, así como as grandes metodoloxías da investigación coas que se ten abordado o obxecto de estudo deste campo académico: aspectos técnicos e profesionais, normas e convencións, restricións ou xéneros textuais, entre outros.

b) Tradución de textos biomédicos. A tradución de textos biomédicos, unha das ramas máis antigas da actividade tradutora, presenta na actualidade un gran potencial e moi boas expectativas de crecemento no mercado da tradución. Céntrase nunha área complexa e moi extensa xa que inclúe numerosas especialidades nas que o coñecemento evoluciona de maneira vertixinosa. Caracterízase, así mesmo, por presentar unha gran variedade de situacións comunicativas — dende as de maior especialización ata as de divulgación — e pola existencia dun amplo volume de contactos multilingües (vinculados á difusión do coñecemento científico, venda de fármacos, colaboración de redes de investigadores etc.). Neste contexto, fórmulase de maneira específica, aínda que non exclusiva, o desenvolvemento das seguintes liñas de investigación de natureza multilingüe :

- análise da terminoloxía que permita mellorar o coñecemento sobre os usos lingüísticos propios de diferentes subdominios do ámbito biomédico. Coñecer o funcionamento da terminoloxía é esencial para facilitar a comprensión dos mecanismos utilizados polas linguas para a transmisión do coñecemento.
- estudo das convencións dos xéneros textuais utilizados no ámbito biomédico para mellorar o coñecemento sobre as súas características; sistematizar as características dos textos do ámbito biomédico é necesario para poder realizar un tradución adecuada

Ambos os eixes están vinculados e abordan aspectos centrais para a tradución que permitirán a creación e implementación de:

- corpus multilingües paralelos e comparables
- recursos lingüísticos multilingües
- aplicacións de utilidade para traducir
- programas de extracción de terminoloxía
- análises comparativas entre diferentes linguas de traballo
- estudos sobre tradución asistida.

Dende o punto de vista da transferencia, as liñas e orientacións que se propoñen poden ser, así mesmo, xeradoras de valor social por contribuír, mediante a difusión do coñecemento, a visibilización de áreas que reclaman unha maior atención por parte da sociedade. Nestes momentos xa se obtiveron resultados neste ámbito como, por exemplo, o portal RERCOR que reúne recursos lingüísticos sobre enfermidades raras.

c) Interpretación de conferencias. O obxectivo principal da interpretación de congresos é facilitar a comunicación entre especialistas ou políticos que necesiten adquirir ou intercambiar información. As modalidades habitualmente empregadas son a audioconferencia (en casetas insonorizadas) durante as presentacións e o monólogo consecutivo para reunións de pequenos grupos ou cando non se dispoña de instalación electrónica. Os contextos que permiten que se produza este tipo de interpretacións son congresos, conferencias, seminarios, simposios ou eventos caracterizados por unha duración determinada de tempo. A investigación nesta área adoita centrarse, entre outros aspectos, no proceso (por exemplo, aspectos cognitivos do procesamento do intérprete) e no produto (estudos de calidade da interpretación).

d) Interpretación para os servizos públicos. A interpretación para os servizos públicos refírese á comunicación interlingüística e intercultural que serve á comunidade e ten lugar nos servizos públicos, sexan legais (policía, asilo, prisións), médicos ou educativos. Algunhas das vías de investigación máis importantes en interpretación para os servizos públicos son a combinación dos avances tecnolóxicos cos descubrimentos das ciencias cognitivas, o enfoque cienciométrico das achegas académicas no campo da interpretación comunitaria ou a dimensión psicolóxica (emocións, traumas vicarios ou empáticos) que caracteriza a interpretación comunitaria a diferenza doutras áreas.

e) Paratradución. A noción de ‘paratradución’ céntrase nas circunstancias e nos elementos que, na era dixital, rodean, acompañan, envolven, presentan e introducen a tradución e a interpretación tanto no papel como na pantalla. Sitúase no espazo moitas veces esquecido na concepción da tradución e da interpretación exclusivamente como pontes, pasos, transferencias ou circulacións entre linguas e culturas. Algunhas das liñas de investigación exploradas dende a noción de paratradución son a relación entre a tradución e a filosofía, a imaxe, a literatura, a lingüística, a memoria, a migración, a mestizaxe, a identidade, a antropoloxía, a pantalla e os sectores profesionais estratéxicos.



### **Liña 5. Lingua e literatura**

Lingua e literatura son dúas caras dunha mesma moeda. Como unha especie de Xano bifronte, constitúen aspectos dunha única realidade lingüística cuxos elementos constitutivos comúns son os signos cos que se crea o sistema que denominamos linguaxe. A segunda constrúese a partir da primeira e esta fíxase, historicamente, grazas á segunda, que autoriza o significado de cada unha das palabras dunha lingua e a prestixia. Hai, ademais, unha zona (bastante extensa) en que conflúen: de igual maneira que, por exemplo, o/a especialista no estudo diacrónico da lingua (e aínda o sincrónico) utiliza xeralmente como corpus de referencia fundamental textos literarios,

así mesmo, o/a investigador/a en literatura ten que posuír uns axustados, sólidos coñecementos lingüísticos que lle eviten cometer determinados erros innecesarios, se se domina ese campo. Noutras palabras, non hai literatura sen lingua e esta non se pode coñecer ben sen aquela.

É certo que partir destas premisas esenciais, ambos os campos poden adquirir perspectivas moi distintas: a crítica literaria baseada en correntes filosóficas; a investigación dialectolóxica de campo, a partir de enquisas *in situ*; o estudo do discurso oral; a teoría literaria a partir de determinados presupostos científicos etc. Pero son moitos os aspectos en que conflúen de maneira que dan lugar a un proveitoso campo de traballo que é o que se quere percorrer nesta liña de investigación. Dende unha perspectiva histórica, o estudo dun momento concreto dunha lingua debeu acudir, necesariamente, a cantos documentos lexicográficos estean ao alcance da investigación; ata ben avanzado o século XX, a maior parte deste tipo de recursos atopábanse en textos literarios. De igual maneira, o grao de literaturización dun texto só se pode calibrar a partir da súa desviación da lingua estándar, de maneira que hai que coñecer ben esta para valorar aquela. Por outra banda, a lingua da política, do xornalismo, da comunicación e aínda a estándar están invadidas de recursos e motivos literarios que, mesmo, chegaron a lexicalizarse e formar parte do acervo lingüístico común: expresións como “coa igrexa topamos” ou “leoncitos a min” úsanse de maneira habitual aínda que xa moi poucos lembren que a súa orixe é literaria (*Don Quixote da Mancha*).

Tres son os camiños que, a partir destas premisas, quere percorrer esta liña de investigación. O primeiro conxuga lingua e textos literarios. O segundo fai o propio coa cultura literaria. O terceiro percorrerá un dos eidos onde a imbricación de lingua e literatura se produce de maneira máis estreita: a edición de textos literarios.

### **Subliña 5.1. Literatura é texto literario**

Fundamentalmente escrito, en soportes moi diversos, aínda que dende o final do século XIX e, sobre todo, no XX poden coñecerse por outros medios: rexistros sonoros, reproducións videográficas etc. Non é o mesmo, pero é posible gozar dunha representación teatral a través de fondos documentais televisivos, escoitar a voz dalgúns dos grandes poetas do século XX recitando os seus propios poemas ou novelistas lendo en voz alta pasaxes das súas propias creacións. Estudar os textos literarios dende unha perspectiva lingüística, a súa desviación da norma, o seu grao de literaturización, o modo en que recrean, manexan e distorsionan a lingua común; a maneira en que o escritor manexa o dicionario e innova a linguaxe ofrecendo novas creacións lingüísticas que unhas veces triunfan (as “greguerías” de Ramón Gómez da Serna) e outras non (as “charlas” de Federico García Sanchiz); o modo no que a literatura se fai eco dunha determinada innovación lingüística ou acolle préstamos doutras linguas (“petimetres” no século XVIII; “brandy”, “yankee”, no XIX) etc. Todo iso ten cabida nesta subliña de investigación.

### **Subliña 5.2. Lingua e cultura literaria**

O estudo detido da lingua literaria pode e debe, así mesmo, contribuír a un mellor coñecemento do fenómeno cultural no transcurso da historia. De feito, os textos literarios constitúen en non poucos casos unha fonte primordial, e mesmo única, de documentación de acontecementos históricos, transformacións sociais, movementos políticos e, en xeral e dende

unha ampla perspectiva, revolucións culturais de moi diferente orde, dende a Idade Media ate a mais recente actualidade.

A partir dunha rigorosa análise lingüística de textos literarios pertencentes ao corpus das diferentes linguas, cuxo estudo incluímos neste Instituto, e do uso metafórico de boa parte do léxico empregado será posible atender a fenómenos de interese relevante para a caracterización oportuna do contexto de creación incluído baixo esa ampla e heteroxénea complexidade multicultural. Haberá, entón, que atender, entre outros fenómenos, á conformación das linguas literarias; ao descubrimento de novos horizontes xeográficos e culturais e ás reaccións suscitadas no seu contexto de recepción; ás mutacións políticas derivadas de conflitos xeopolíticos; ás crises relixiosas ou, en suma, á discriminación ao longo da historia de certas minorías étnicas, políticas ou sociais por parte das clases dominantes, pois só un estudo deste tipo pode reflectir a auténtica dimensión que en cada época e en cada lugar supuxeron estas relacións na conformación dos sucesivos movementos culturais.

O estudo lexicográfico dará conta do proceso de creación no que emerxen as novas estéticas, correlato das transformacións socioculturais, así como da contribución de neoloxismos, primeiras documentacións ou todo tipo de procedementos metafóricos que servirán para unha mais completa comprensión non só do texto, senón do contexto de creación en que xorde o corpus obxecto do noso estudo.

### **Subliña 5.3. Edición de textos**

Pero non vale calquera texto literario. Este debe chegar nas mellores condicións posibles para que a súa lectura non conduza a interpretacións equivocadas ou deformadas. Para iso, faise imprescindible a edición (crítica e filolóxica, sobre todo) dos textos literarios. Convén afacerse ao uso dos bos textos e fuxir das edicións feitas sen conciencia ou con escasa responsabilidade; amosar as vantaxes do texto crítico. Nin sempre os textos falan por si sós, nin a depuración e aclaración daqueles é cousa de pedantería intelectual, nin abonda moitas veces cos coñecementos históricos ou a sensibilidade dun “bo lector/a”; é unha necesidade imperiosa dispoñer de edicións solventes que, xeralmente, implican unha investigación moi prolongada. A elaboración de boas, rigorosas edicións críticas constitúe un dos camiños máis importantes para seguir avanzando na investigación literaria moi directamente relacionado co saber lingüístico de quen leve a cabo esta tarefa. A edición de textos –en formatos moi variados, impresos ou electrónicos– constitúe unha liña de investigación ben frutífera na que os recursos da lingua (corpus diacrónicos e sincrónicos proporcionados por academias, universidades e entidades de diverso tipo; dicionarios e léxicos distintos) están ao servizo dunha mellor comprensión da literatura (sen adxectivos de lugar, pois é aplicable para todas).



## **Liña 6. Lingua e accesibilidade: Accesibilidade aos medios e lingua de signos**

A accesibilidade aos medios é o campo de investigación que se ocupa de teorías, prácticas, servizos, tecnoloxías e instrumentos que proporcionan acceso a produtos, servizos e contornos multimedia ás persoas que non poden acceder a eles. As modalidades máis habituais de accesibilidade aos medios son a subtitulación, a interpretación en lingua de signos (ambas pensadas, en principio, para persoas xordas) e a audiodescrición, dirixida a persoas cegas, aínda que actualmente se entende que a accesibilidade afecta a un colectivo moito máis amplo, formado por todos aqueles que por diferentes motivos non poden acceder ao contido audiovisual na súa totalidade. A localización de videoxogos tamén pode entenderse como unha forma de accesibilidade. Nos últimos anos, o foco da accesibilidade aos medios ampliouse. Dende este punto de vista, a accesibilidade non consiste só en eliminar as barreiras de acceso a unha obra audiovisual, senón tamén en contribuír a un movemento social que denuncia a exclusión das persoas con discapacidade da sociedade, especialmente da toma de decisións en materia de accesibilidade a os medios de comunicación (contra o lema “nada sobre nós sen nós”), denuncia o capacitismo como unha forma de discriminación prevalente na sociedade e defende a accesibilidade como motor de xustiza social.

As primeiras investigacións neste campo centráronse principalmente en cuestións legais e historia da accesibilidade dos medios, convencións e prácticas profesionais sobre subtitulado e audiodescrición, diferenzas entre modalidades accesibles e tradicionais, calidade, didáctica e enfoques teóricos, como a multimodalidade. Nos últimos anos, os/as investigadores/as centráronse nas necesidades e características das persoas destinatarias realizando estudos de recepción mediante cuestionarios e eyetrackers, así como a interpretación en lingua de signos. Outra área de investigación relevante é a produción cinematográfica accesible, que fai referencia ás posibles formas de integrar a tradución audiovisual e a accesibilidade no proceso de produción cinematográfica mediante a colaboración entre cineastas e tradutores/as. A produción cinematográfica accesible céntrase nos elementos visuais e verbais que os/as cineastas deben ter en conta para que as súas películas sexan accesibles non só para espectadores/as con discapacidade visual ou auditiva, senón tamén para espectadores/as doutras linguas. Nos últimos anos, o aspecto máis político e social da accesibilidade activista está a orixinar unha accesibilidade aos medios alternativa, que deu lugar a un emerxente e frutífero campo de investigación aberto a terreos ata agora alleos a este ámbito como os estudos críticos da discapacidade.

Canto á lingua de signos, a investigación céntrase na súa descrición propiamente dita, así como na análise dos factores sociais, políticos e culturais que inciden no seu estatus, as actitudes cara a eles e, nomeadamente, o desenvolvemento dos dereitos lingüísticos das persoas xordas. Asemade, o coñecemento dos fenómenos da gramática e o discurso das linguas de signos contribúe á comprensión da natureza da linguaxe humana en toda a súa complexidade. As persoas vinculadas con esta liña achegan ao iLingua unha longa experiencia investigadora e unha consolidada colaboración con persoas e entidades que pertencen á comunidade xorda para



impulsar estudos que, por unha banda, implican o colectivo meta e, por outra, xeran sinerxías no ámbito da atención á diversidade. Ademais, as investigacións en torno ás linguas de signos complementan os estudos de tradución e interpretación, estendendo o seu foco cara ás linguas de modalidade visuoxestual, e apoian iniciativas dirixidas á tradución automática desenvolvidas no ámbito do recoñecemento automático de vídeo. Máis concretamente, as liñas de traballo son:

- investigacións sobre léxico, gramática e discurso que se asentan sobre usos reais da lingua de signos española (LSE) e sobre as súas variedades, nomeadamente a de Galicia. A metodoloxía é fundamentalmente a da lingüística de corpus e as análises teñen en conta as perspectivas cognitiva e social da linguaxe.
- traballos orientados á política e a planificación lingüística, en colaboración co Centro de Normalización Lingüística da LSE, un órgano estatal que se ocupa de mellorar o status da LSE e procurar a súa estandarización e co cal existe unha ben asentada colaboración
- proxectos que atenden a mellorar a imaxe social das mulleres xordas e reducir a súa vulnerabilidade
- apoio ao deseño de modelos e aplicacións de recoñecemento automático de lingua de signos.



## **Liña 7. Humanidades dixitais**

Seguramente, a máis importante revolución acontecida nas últimas décadas deriva do desenvolvemento dos computadores e das tecnoloxías da información e da comunicación, que nos permiten acceder, almacenar, transmitir e manipular información. O desenvolvemento tecnolóxico recente cambiou a nosa vida diaria e as nosas formas de comunicación, coas vantaxes (e os perigos) que iso conleva. Actualmente, sen necesidade de moverse do seu domicilio, calquera persoa pode acceder a inxentes cantidades de información (e desinformación) e pode comunicarse activa ou pasivamente con persoas de calquera parte do mundo.

Esta revolución tecnolóxica cambiou as formas de facer ciencia, porque pon ao dispor dos investigadores unha cantidade de datos até hai pouco impensable, xunto con ferramentas para procesar rapidamente esa inxente cantidade de datos. Isto provocou unha revolución en todas as ciencias, incluídas todas as ciencias humanas. Para estas últimas, o reto é dobre: por unha banda, entender como afectan ás diferentes facetas do ser humano os desenvolvementos tecnolóxicos recentes e, por outra, aproveitar os desenvolvementos tecnolóxicos para o propio avance das ciencias humanas. É habitual o uso da expresión ‘Humanidades dixitais’ para referirse a un campo interdisciplinar de investigación no que converxe o uso da informática con ciencias humanas, como a filosofía, a historia, a arte ou a literatura. Esta converxencia mudou tamén a maneira de enfrontarnos aos problemas centrais deste ámbito de coñecemento. En calquera destas disciplinas a informática permite o procesamento de datos a grande escala, a recuperación e visualización de datos e información, a aplicación de métodos estatísticos etc. E para todas elas xorden novos problemas relacionados coa representación do mundo e da humanidade a través das novas tecnoloxías e coa natureza do coñecemento humano. Pero ningunha faceta humana é tan central para as tecnoloxías da comunicación como a linguaxe e as linguas. Moitas das aplicacións máis relevantes (a recuperación de información, os sistemas de diálogo, a tradución automática, o recoñecemento de voz etc.) implican necesariamente procesamento da linguaxe ‘natural’. Neste

campo interdisciplinar, o das tecnoloxías da linguaxe ou enxeñería lingüística, no que converxen diversas disciplinas, entre elas a lingüística, do que se trata é de aplicar os coñecementos sobre as linguas ao desenvolvemento de sistemas informáticos capaces de recoñecer, analizar, interpretar e xerar linguaxe. O resultado son máquinas que se comportan como se comprendesen a linguaxe humana e fosen capaces de falar e escribir como un ser humano.

A linguaxe non é un problema resolto para a informática. Os sistemas de intelixencia artificial baseados en modelos probabilísticos de gran tamaño (LLMs) conseguen simular bastante ben o comportamento lingüístico, pero aínda están lonxe (polo de agora?) de acadar unha competencia lingüística como a dos seres humanos. A linguaxe humana é dunha extraordinaria complexidade, e require, por tanto, un longo e profundo labor de investigación básica.

A continuación, fórmulanse subliñas de investigación concretas que poden orientar a actividade, tanto teórica como aplicada nos próximos anos.

### **Subliña 7.1. Lingüística de corpus**

A lingüística de corpus é unha rama destacada da lingüística que conta con case un século de tradición, dende a aparición dos primeiros ordenadores. Un corpus é unha colección de textos producidos no seu contexto comunicativo natural, representativos dunha lingua ou variedade lingüística, almacenados en soporte informático e compilados para servir de base para a investigación lingüística. A lingüística de corpus aproveita a capacidade de almacenamento e procesamento dos ordenadores, e varios colectivos do Instituto levan décadas traballando neste campo.

O proceso de investigación lingüística derivado de corpus ten certos paralelismos cos procesos empregados polos sistemas de Intelixencia Artificial que aplican técnicas de deep learning en grandes cantidades de textos (extraídos para extraer regularidades estatísticas que permitan xerar textos cribles (non necesariamente verdadeiros). Porén, estes modelos baseados en grandes cantidades de datos (Large Language Models, LLM) son xeralmente opacos canto á composición dos datos de adestramento e aos procesos de ‘aprendizaxe’ que lles permiten extraer regularidades deses datos. E isto introduce limitacións e rumbos de distintos tipos. Por iso segue sendo necesaria a investigación básica, realizada por lingüistas expertos, sobre os corpus no sentido tradicional:

- **Mostras representativas e equilibradas:** Unha das grandes vantaxes dos corpus, no sentido tradicional, é que sabemos de onde proceden os textos, que propiedades teñen, e que proporcións de cada tipo existen no corpus total, de xeito que podemos comparar directamente unhas variedades con outras (vid. liña 1).
- **Atención a linguas e variedades pouco descritas:** É necesario recoller corpus con datos textuais, non só de linguas maioritarias como o inglés e o español, senón tamén de linguas minoritarias pouco descritas, como é o caso das linguas de signos (vid. liña 6). No iLingua intégranse grupos que levan anos traballando na constitución de corpus de Lingua de Signos Española (LSE), contribuíndo á mellorar as descrições da lingua, e colaborando con outros grupos no desenvolvemento de aplicacións prácticas, por exemplo, no ámbito da saúde. Canto á linguas máis estendidas, é preciso tamén recoller datos de variedades menos descritas, como por exemplo a linguaxe oral coloquial ou as variedades de certos enclaves como Xibraltar.
- **Análise interpretativa.** Aínda que certas tarefas analíticas (como a análise morfolóxica e sintáctica) poden automatizarse, segue sendo necesaria a intervención humana para obter

datos estruturados de calidade. A análise interpretativa é necesaria tanto para avanzar na comprensión da linguaxe e as linguas como para obter mellores conxuntos de datos nos que adestrar os sistemas de aprendizaxe automática.

### **Subliña 7.2. Humanidades dixitais e literatura**

Constitúe xa unha evidencia a pegada que a achega das ferramentas e perspectivas propias das tecnoloxías da información e comunicación teñen suposto ao estudo e á investigación de diferentes disciplinas; entre outras, a historia, a música, as artes visuais, pero tamén a lingua e a literatura. Neste sentido, o desenvolvemento das humanidades dixitais é imparabile e, polo marcado carácter interdisciplinario, fan especialmente atractiva e multiparticipativa a súa presenza entre as liñas de traballo do iLingua.

Se a interdisciplinaridade é un dos principios definitorios das humanidades dixitais, do que dan boa proba xa moitas das investigación en curso, non o é menos a procura de novas colaboracións noutras esferas do saber así como aspectos que xa se están a integrar plenamente o quefacer da investigación literaria, como a minería de datos ou o acceso libre e universal aos resultados obtidos polos nosos grupos de investigación.

Así, no noso ámbito, xa estamos en condicións de ofertar as posibilidades que amosa a Biblioteca Dixital TECER, que alberga contidos relacionados coa poesía castelá tardomedieval e as relecturas e reescrituras modernas e contemporáneas do seu contexto. A biblioteca constrúese sobre unha base de datos relacional dende a que se poden cruzar datos de autores/as, títulos, mediateca (en formato de pímulas polimedia de creación propia, coa tecnoloxía de UVigo-TV, en español e en lingua de sinais), ilustracións literarias, galerías de imaxes, enlaces aos nosos estudos específicos ao respecto e os enlaces ás fontes literarias, artísticas e historiográficas pertinentes. Unha das salas desta biblioteca, a sala MULIER, recompila os nomes de muller citados ou aludidos na poesía tardomedieval de Castela e permite relacionalos coas súas reescrituras a partires dos diferentes parámetros de busca que articula a base de datos. Ademais, en TECER vaise aloxar, ademais, un espazo dedicado ás edicións dixitais de textos dramáticos dos séculos XIX e principios do XX, de temática medieval e protagonizados por mulleres, dos que non existe edición actual ata o de agora. Estas e outras ferramentas dixitais e a difusión en aberto, que posibilitan que calquera colectivo, especializado ou non, coñeza os nomes propios (homes e mulleres) que deron forma ao contexto de creación que facilitou a eclosión da poesía tardomedieval en español, implementan espazos culturais que desenvolven, entre outros, os ODS Educación de calidade, Igualdade de xénero e Redución das desigualdades, da Axenda 2030.

## **3.6. Carteira de servizos**

Adicionalmente á captación de financiamento mediante convocatorias competitivas, está previsto desenvolver unha carteira de servizos de interese para a academia, sociedade e industria galega, española e internacional, baseada nas accións xa en marcha, implementadas polos investigadores/as involucrados no iLingua. En aplicación do artigo 97 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da UVigo, “[a] creación e a transmisión do coñecemento, como actividade propia da Universidade, instrumentase a través da docencia, da investigación, da transferencia, da extensión universitaria e da divulgación científica”. Xa que logo, asociada ás liñas da axenda científica do iLingua, a carteira de servizos que o persoal

vinculado ao iLingua pode ofrecer á comunidade científica e á sociedade inclúe accións como as que se listan a continuación.

- **Liña 1. Lingüística interna e variación lingüística:**
  - asesoramento científico en gramática, fonética e léxico do galego, español, inglés etc.
  - edición lingüística de textos e comunicación académica oral e escrita
  - modelaxe de factores lingüísticos en contextos de variación lingüística
  - asesoramento en investigación no eido da sociolingüística histórica
- **Liña 2. Sociedade, ideoloxía e política lingüística:**
  - sociolingüística do contexto galego, español, dos ‘novos ingleses’ etc.
  - deseño de materiais e proxectos de ciencia cidadá co fin de fomentar a convivencia de linguas nos seus territorios
  - asesoramento ás administracións sobre políticas relacionadas cos dereitos lingüísticos e sobre accións de normalización en contextos de minorización
  - avaliación lingüística de proxectos culturais
  - estudos e análises sobre minorías lingüísticas cara á implementación de estratexias de recuperación lingüística
  - deseño de plans de internacionalización lingüística: intercambio virtual, internacionalización de contidos, interculturalidade
- **Liña 3. Linguas, cognición e educación:**
  - asesoramento sobre o funcionamento da mente bilingüe, sobre como aprender e ensinar unha segunda lingua
  - estudo e implementación de estratexias de innovación docente no ámbito do ensino de segundas linguas
  - combinación de métodos de corpus e métodos experimentais no estudo das gramáticas monolingües e multilingües
  - asesoramento sobre cuestións éticas nos estudos de multilingüismo en diferentes comunidades
- **Liña 4. Tradución e interpretación:**
  - desenvolvemento de recursos multilingües en liña para diversos tipos de persoas usuarias (en especial, no ámbito biomédico)
  - tradución de textos para demandas sociais específicas (por exemplo, asociacións de doentes, organismos turísticos)
  - formación para profesionais da tradución e a interpretación en ámbitos especializados (xudicial, policial, sanitario, social, educativo, empresarial)
  - control de calidade de traducións (literarias e audiovisuais), adaptacións, subtítulos e tradución audiovisual; elaboración de protocolos e ferramentas para a busca da calidade en tradución
  - deseño de plans de boas prácticas na comunicación mediada por intérpretes
  - tradución de videoxogos
  - tradución literaria (en concreto, de textos de literatura infantil e xuvenil)
  - audiodescricións
  - deseños didácticos para a aprendizaxe da interpretación; proxectos que combinen os avances da psicoloxía e a socioloxía co exercicio da profesión de intérprete

- **Liña 5. Lingua e literatura:**

- edicións solventes de textos en plataformas de ampla difusión
- edición literaria de textos
- corrección de estilo, corrección editorial
- informes de atribucións
- colaboracións con empresas para traballos de publicidade baseados en materiais literarios
- traballos de recuperación de corpus cultural e literario
- adaptación de obras literarias á 'lectura fácil'
- asesoría sobre literatura infantil e xuvenil
- formación xeral en literatura: actualización docente, formación inclusiva

- **Liña 6. Lingua e accesibilidade: accesibilidade aos medios e lingua de signos:**

- asesoramento e formación en accesibilidade aos medios: transcripción e subtitulado (público, privado, internacional) en directo; subtitulado para persoas xordas; audiodescripción para invidentes; adaptacións de todos tipo de textos a 'lectura fácil'; métodos automáticos, semiautomáticos e exclusivamente humanos
- asesoría sobre accesibilidade (para museos, bibliotecas, centros de ensino)
- asesoría lingüística e formación investigadora en linguas signadas

- **Liña 7. Humanidades dixitais:**

- asesoramento e formación sobre lingüística de corpus e estudos baseados en corpus; formación en recursos informáticos: CQPweb, Teitok, XML, Oxygen
- asesoramento sobre léxico e neoloxía computacionais
- labores de compilación de corpus (monolingües, multilingües) e de bases de datos lingüísticas (deseño, principios editoriais; escritas, orais)
- creación de dicionarios
- revisión de analizadores de sentimento
- asesoramento en lingüística forense
- aplicación do coñecemento lingüístico ás tecnoloxías da linguaxe

### **3.7. Seguimento externo**

O seguimento da actividade do Instituto farase mediante a elaboración das memorias de actividade anual do centro e á súa avaliación por parte do consello asesor externo (véxase definición, características e funcións en Estrutura de goberno). En cumprimento do indicado na normativa vixente, a xunta directiva do iLingua elevará ao reitor/a da UVigo unha proposta inicial de persoas de recoñecido prestixio internacional, tendo algunhas delas filiación en organizacións internacionais.

Tal e como está recollido na Medida 1 da Acción 4 do Obxectivo estratéxico 2, a avaliación externa do iLingua versará sobre aspectos relativos ao liderado, xestión, colaboracións, recursos e planificación estratéxica. O comité asesor externo avaliará o Instituto e o desempeño do/da director/a e dos membros cada catro anos, dende unha perspectiva internacional, o desempeño do Instituto no seu conxunto e, en particular, a súa contribución ao plan estratéxico e a súa visión e misión a longo prazo, tendo en conta as aspiracións e a dispoñibilidade de fondos para financiar o seu plan de actuación, así como o impacto acadado pola implementación da axenda científica. Esta complementarase cunha avaliación anual por parte da xunta directiva, que solicitará un informe e unha presentación ao/á director/a no que estea detallado o progreso realizado en relación aos obxectivos e accións do plan estratéxico, así como a execución do presuposto e a consecución de fitos.

## 4. ESTRUCTURA DE GOBERNO

A estrutura de goberno do iLingua está condicionada pola condición de Instituto universitario de investigación propio, isto é, creado e xestionado exclusivamente pola UVigo, atendendo á Orde de 26 de marzo de 2021 pola que se regula o procedemento de aprobación de Centros e Institutos de investigación do Sistema universitario de Galicia (*Diario Oficial de Galicia*, 13 de abril) e ao Regulamento para a creación e xestión dos Institutos de investigación da UVigo, aprobado en claustro o 17 de decembro de 2021.

Descríbese a continuación a estrutura básica operativa definida co obxectivo de dotalo con mecanismos de dirección executiva e autonomía de xestión, que incluirá:

- A xunta directiva
- A comisión científica
- O director/a
- O secretario/a
- O comité asesor externo.

### 4.1. Descrición

#### 4.1.1. A xunta directiva

A xunta directiva do iLingua estará integrada por:

- a) o/a reitor/a da UVigo, ou vicerreitor/a en quen delegue, que a presidirá e a convocará
- b) un/ha vogal en representación do Consello Social da UVigo
- c) un/ha vogal en representación do persoal investigador vinculado ao Instituto
- d) un/ha vogal en representación do persoal do centro que non sexa persoal investigador vinculado
- e) un/ha representante, se houbese, das institucións públicas ou privadas que contribúan de xeito substancial e estable ao financiamento ou á actividade do Instituto
- f) o/a director/a do Instituto
- g) o/a secretario/a do Instituto, que o será tamén da xunta directiva.

Os membros universitarios deberán constituír sempre a maioría da xunta directiva. A xunta directiva reunirse, polo menos, unha vez ao ano en sesión ordinaria e en sesión extraordinaria, de acordo co que estableza o seu regulamento de réxime interno. Ademais, no regulamento de réxime interno poderá considerarse a participación doutros membros.

Serán as súas funcións principais:

- a) aprobar a elección do/a director/a do Instituto á proposta da comisión científica e, se fose o caso, propoñerlle o seu cese ao reitor/a, mediante o acordo adoptado pola maioría absoluta dos seus membros
- b) aprobar a proposta de orzamento e a programación do Instituto

- c) aprobar a memoria anual de actividades e a memoria económica, das que se lle dará conta ao Consello de Goberno da UVigo
- d) promover o financiamento e a dotación do Instituto
- e) enviarlle ao Consello de Goberno da UVigo a proposta da incorporación á xunta directiva do Instituto de novos membros, en representación da comunidade universitaria ou de institucións públicas ou privadas
- f) enviarlle ao Consello de Goberno da UVigo a proposta da modificación do regulamento de réxime interno do Instituto.

#### **4.1.2. A comisión científica**

A comisión científica estará composta por:

- a) o/a director/a do Instituto, que a convocará e a presidirá
- b) o/a secretario/a do Instituto, que o será tamén da comisión científica
- c) o persoal investigador vinculado do Instituto que especifique o regulamento de réxime interno
- d) unha representación do persoal investigador non permanente e en formación vinculado ao Instituto, equivalente ao 15 % do total da comisión científica.

A comisión científica reunirse polo menos dúas veces ao ano en período lectivo.

Son funcións da comisión científica:

- a) propoñerlle á xunta directiva a persoa que exerza a dirección do Instituto
- b) aprobar o ingreso de novos membros do persoal investigador do Instituto e o seu cesamento. O acordo correspondente deberá contar co informe previo do consello asesor externo e deberá ser ratificado pola xunta directiva do Instituto.
- c) preparar as propostas de programas, orzamento, memoria económica e actividades do Instituto
- d) programar as actividades científicas, docentes e de asesoramento técnico do Instituto e a vixilancia do seu desenvolvemento
- e) informar dos contratos do Instituto ou do seu persoal
- f) asesorar a dirección do Instituto
- g) elaborar a proposta de regulamento de réxime interno, así como as súas modificacións, para a súa aprobación polo Consello de Goberno da UVigo
- h) outras funcións que dispoña o seu regulamento en desenvolvemento dos Estatutos da UVigo.

#### **4.1.3. O director ou directora**

O/A responsable do iLingua será elixido entre o persoal investigador doutor vinculado a tempo completo á UVigo e ao Instituto, por un máximo de dous mandatos consecutivos. A duración do cargo será de tres anos. O/A responsable do Instituto será elixido/a pola xunta directiva, á proposta da comisión científica. A primeira persoa que ocupe este cargo poderá ser designada directamente polo reitor/a como director/a-comisario/a no momento da constitución do Instituto, co fin de constituír a primeira xunta directiva.

É responsabilidade do director/a:

- a) convocar e presidir a comisión científica, a execución dos seus acordos e a súa representación perante o Consello de Goberno da UVigo



- b) representar o Instituto no ámbito da súa competencia
- c) executar os acordos adoptados pola xunta directiva do Instituto e velar polo seu cumprimento
- d) organizar e coordinar, de conformidade coa xunta directiva, os medios persoais e materiais e de que se cumpran os obxectivos do Instituto
- e) elaborar as propostas de orzamento e a programación do Instituto
- f) presentar a memoria de actividades e a memoria económica
- g) propoñer ao reitor/a o nomeamento da persoa que exerza como secretario/a
- h) autorizar os gastos dentro do orzamento anual
- i) todas as tarefas que non estean expresamente atribuídas a outros órganos de goberno.

#### **4.1.4. O secretario ou secretaria**

A persoa que actúa como secretario/a do iLingua dá fe dos actos administrativos e acordos dos órganos de goberno deste. Para esta tarefa, custodiará as actas e expedirá as certificacións nos documentos oficiais do Instituto. Do mesmo xeito, exercerá as demais funcións que lle encomende a dirección, de acordo co regulamento interno e cos Estatutos da UVigo.

O secretario/a será designado/a polo reitor/a, á proposta da dirección, de entre o persoal científico vinculado ao Instituto que cumpra cos requisitos establecidos no artigo 71 dos Estatutos da UVigo ou do funcionariado dos subgrupos A1 e A2 que presten servizos no Instituto, por un máximo de dous mandatos consecutivos.


#### **4.1.5. O consello asesor externo**

O consello asesor externo será un órgano consultivo integrado por científicos/as de prestixio no ámbito de actuación do iLingua. Será designado polo reitor/a á proposta da xunta directiva, a cal establecerá o seu réxime de funcionamento. O nomeamento dos membros do consello asesor externo farase por un período de catro anos, renovables.

Serán funcións do consello asesor externo:

- a) asesorar a xunta directiva e a dirección do Instituto sobre a orientación da investigación que se vai desenvolver nel, así como sobre calquera outro aspecto que se considere oportuno
- b) asistir a dirección e a xunta directiva sobre o seguimento da evolución da investigación e da transferencia dos resultados da investigación
- c) avaliar periodicamente a actividade de I+D+i dos grupos do persoal investigador vinculado co Instituto e emitir os correspondentes informes de valoración
- d) informar sobre o interese da vinculación de novos investigadores/as ao Instituto.

Organigrama



## 4.2. Áreas científicas e funcionais

Con independencia de como se articule definitivamente no regulamento de réxime interno, o persoal investigador, de administración e de servizos involucrado no iLingua adscribirase a áreas científicas e/ou funcionais. Como exemplo, propónse a seguinte estrutura de áreas:

- áreas científicas, asociadas ás liñas da axenda científica (dado o carácter transversal da liña 7, esta non se materializaría nunha área específica):
  - lingüística interna (liña 1)
  - variación lingüística e sociedade (liñas 1 e 2)
  - adquisición e multilingüismo (liña 3)
  - tradución, interpretación e accesibilidade (liñas 4 e 6)
  - lingua e literatura
- áreas funcionais:
  - apoio técnico á investigación
  - administración básica do iLingua

## 5. RECURSOS HUMANOS

### 5.1. Membros do Instituto

Poderán ser membros do iLingua:

- a) investigadores/as **vinculados**: persoal docente e investigador (PDI) doutor vinculado a tempo completo á UVigo e/ou investigadores/as doutores/as doutras institucións adscritos á UVigo mediante acordos institucionais que recoñezan a súa relación formal co Instituto
- b) investigadores/as **non permanentes**: persoal investigador contratado especificamente con cargo a programas ou a proxectos de investigación de acordo co marco laboral e normativo aplicable
- c) investigadores/as **en formación**: persoal investigador matriculado nalgún programa de doutoramento da UVigo que conte coa dirección ou coa codirección dun investigador/a vinculado ao Instituto
- d) **persoal de administración e servizos**: persoal do cadro da UVigo ou contratado para programas específicos de investigación
- e) investigadores/as **garantes**: Para garantir a solvencia científica do iLingua, o regulamento para a creación e xestión dos Institutos de investigación da UVigo establece a figura do investigador/a garante como persoal investigador con vinculación permanente e a tempo completo na UVigo que, cumprindo os criterios de excelencia e competencia científica, avala e garante o desenvolvemento do programa e os obxectivos definidos para o Instituto na súa constitución. Para os efectos desta proposta, enténdese que cada investigador/a garante debe cumprir os requisitos para acadar a cualificación B no apartado de investigación, ou condicións equivalentes tomadas dos criterios de acreditación a catedrático/a de Universidade establecidos pola ANECA para o ámbito de coñecemento.

Ademais do membros das categorías anteriores, o iLingua poderá contar con investigadores/as **colaboradores**, isto é, persoal investigador non incluído nos apartados anteriores que colabore nalgún proxecto ou programa do Instituto. O regulamento de réxime interno recollerá os requisitos e a modalidade de participación destes colaboradores e colaboradoras na actividade do Instituto.

### 5.2. Recursos humanos iniciais de investigación

Como resultado dos procedemento de consulta interna xa descritos, o iLingua parte dos recursos humanos determinados inicialmente por todas as mostras de interese do persoal académico e investigador da FFT da UVigo, así como da selección de investigadores/as garantes acordada polo grupo de traballo, seguindo as indicacións da Vicerreitoría de Investigación,

Transferencia e Innovación da UVigo no seu momento (catedráticos/as e/ou persoas vinculadas que gozasen de contratos posdoutorais de excelencia –Ramón y Cajal, María Zambrano –).

Tralos procedementos de consulta externo e trala aplicación dos criterios de membros promotores e garantes, os recursos humanos iniciais son os que seguen:

### **Investigadores/as vinculados/as:**

En cumprimento da normativa da UVigo, actúa como investigador/a vinculado/a todo o persoal investigador que manifestou o seu desexo de vinculación ao iLingua nos procedementos de consulta interna. En Anexo 1 inclúese o resumo da traxectoria académica dos seguintes membros vinculados:

- Alonso Alonso, Rosa
- Alonso Bacigalupe, Luis
- Anaya Revuelta, Inmaculada
- Báez Montero, Inmaculada C.
- Cabeza Pereiro, M<sup>a</sup> del Carmen
- Caneda Cabrera, María Teresa
- Chas Aguión, Antonio
- Costas González, Xosé Henrique
- Cuevas Alonso, Miguel
- Del Pozo Triviño, María Isabel
- Domínguez Araújo, Lara
- Fernández Pena, Yolanda
- Fernández Salgado, Xosé Antonio
- Ferreiro Vázquez, Óscar
- Figueroa Dorrego, Jorge Juan
- García-Miguel Gallego, José María
- González Álvarez, María Dolores
- Lorenzo García, María Lourdes
- Martínez Insua, Ana Elina
- Montero Domínguez, Xoán Manuel
- Montero Reguera, José
- Parafita Couto, M. Carmen
- Pereira Rodríguez, Ana María
- Pérez Guerra, Javier
- Rama Martínez, María Esperanza
- Ribao Pereira, Montserrat
- Rodríguez Barcia, Susana
- Rodríguez Guerra, Alexandre
- Rodríguez Rodríguez, Beatriz María
- Rodríguez Vázquez, Rosalía
- Romero Fresco, Pablo
- Sánchez Trigo, Elena

- Seoane Posse, Elena
- Tizón Couto, David
- Urdiales Shaw, Martín
- Valado Fernández, Liliana
- Yáñez Bouza, Nuria
- Yuste Frías, José

### **Investigadores/as promotores/as**

Xa que o regulamento de creación e de xestión dos Institutos de investigación da UVigo establece no seu artigo 16 que “o cociente entre o número de sexenios total dos investigadores/as promotores e o número destes/as deberá ser superior a 2”, para a identificación e selección da proposta inicial de investigadores/as promotores acordouse un requisito de dous sexenios de investigación. En consecuencia, actúa como investigador/a promotor/a todo o persoal investigador vinculado que manifestou o seu desexo de vinculación ao iLingua nos procedementos de consulta interna, que contase cos dous sexenios de investigación no procedemento de consulta interna. O Anexo 2 contén os currículos abreviados dos seguintes membros promotores:

- Alonso Bacigalupe, Luis
- Anaya Revuelta, Inmaculada
- Báez Montero, Inmaculada C.
- Cabeza Pereiro, M<sup>a</sup> del Carmen
- Caneda Cabrera, María Teresa
- Chas Aguión, Antonio
- Cuevas Alonso, Miguel
- Del Pozo Triviño, María Isabel
- Fernández Salgado, Xosé Antonio
- Figueroa Dorrego, Jorge Juan
- González Álvarez, María Dolores
- Lorenzo García, María Lourdes
- Martínez Insua, Ana Elina
- Pereira Rodríguez, Ana María
- Ribao Pereira, Montserrat
- Rodríguez Barcia, Susana
- Rodríguez Guerra, Alexandre
- Rodríguez Vázquez, Rosalía
- Urdiales Shaw, Martín
- Yuste Frías, José

### **Investigadores/as garantes**

En cumprimento da normativa da UVigo, actúa como investigador/a garante todo o persoal investigador catedrático de Universidade que manifestou o seu desexo de vinculación ao iLingua cando se implementou o procedemento de consulta interna, así como aqueles/as investigadores/as

emerxentes procedentes dos programas de captación de talento máis competitivos no sistema de I+D español (programas Ramón y Cajal e María Zambrano) que igualmente declararan o seu interese en participar no Instituto. O Anexo 3 proporciona os currículos abreviados dos seguintes membros garantes:

- Costas González, Xosé Henrique
- García-Miguel Gallego, José María
- Montero Reguera, José
- Parafita Couto, M. Carmen
- Pérez Guerra, Javier
- Romero Fresco, Pablo
- Sánchez Trigo, Elena
- Seoane Posse, Elena
- Yáñez Bouza, Nuria

### **5.3. Proceso de vinculación/desvinculación**

O regulamento de réxime interno do iLingua definirá os criterios de avaliación para a incorporación ou desvinculación do persoal investigador. Os órganos de goberno do Instituto validarán este proceso e o/a investigador/a solicitante asumirá un compromiso de vinculación mínimo de tres anos. A vinculación de cada membro ao iLingua realizarase necesariamente sobre a base dos criterios de méritos de investigación e idoneidade, respectando os principios de igualdade de oportunidades e tendo en conta os fines do Instituto.

O persoal investigador poderá estar vinculado formalmente a un só Instituto, entendéndose que a súa actividade investigadora e a súa produción científica (investigadora e de transferencia), aos efectos de filiación e valoración de indicadores, estarán vinculadas ao Instituto. Ademais, poderá visibilizarse a súa adscrición complementariamente a outras unidades académicas ou de investigación (Departamentos, grupos, Facultades, Escolas) ás que poida estar adscrito.

Excepcionalmente, poderase considerar o recoñecemento de investigadores/as vinculados/as a un Instituto a tempo parcial cando a súa contribución sexa determinante na incorporación de capacidades disciplinares de interese para o desenvolvemento do Instituto e a súa axenda científica.

A vinculación e maila desvinculación dun membro do iLingua poderá ter lugar á instancia da comisión científica do Instituto, do consello asesor externo, da dirección do Instituto ou da persoa interesada, e deberá ser resolta pola súa xunta directiva no prazo de seis meses dende a presentación da instancia correspondente.

Despois da súa creación, o Instituto realizará unha convocatoria para a adscrición de novos/as investigadores/as, aberta ao conxunto do profesorado e investigadores/as da institución. Seguindo os protocolos de gobernanza xa mencionados, avaliaranse as solicitudes, en concreto o aliñamento das liñas de investigación das persoas solicitantes coas da axenda científica do iLingua.

## **5.4. Colaboracións**

Propónse dende un principio manter unha liña aberta de colaboración activa cos Institutos e Centros da UVigo e do SUG á hora de organizar actividades e/ou de intercambiar ideas e metodoloxías e, naqueles casos en que sexa de interese, establecer acordos particulares. Véxanse na sección 2.2 os exemplos de colaboracións externas mantidas polo persoal investigador inicialmente adscrito ao iLingua.

## **5.5. Recursos humanos técnicos e administrativos**

Por iniciativa da Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación da UVigo, nas anualidades de 2022 e 2023 o Instituto participou na oferta do programa Investigo, co obxectivo de destinar financiamento europeo á contratación de persoal técnico mozo. En concreto, o iLingua dispuxo de contratacións anuais a tempo completo de persoal técnico informático, con labores de apoio a proxectos de investigación vixentes no iLingua sobre análise lingüística de corpus electrónicos de textos en diversas linguas (galego, español, francés, inglés), instalación e optimización de servidores específicos, manexo de bases de datos informáticas en web, extracción de resultados mediante as linguaxes de programación habituais, instalación de aplicacións lingüísticas en servidores e web, bases de datos, extracción de datos proporcionados por diferentes recursos textuais multilingües baseados en corpus, subtítulo etc.

## 6. RECURSOS MATERIAIS

O iLingua na actualidade con espazo propio de traballo e investigación na Facultade de Filoloxía e Tradución, co acceso ás dependencias do Laboratorio de Linguaxe e Cognición da UVigo e cun orzamento funcional nas anualidades de 2022 e 2023 que permitiron desenvolver unha base de páxina web, un proxecto de dinamización en redes sociais (X/Twitter) e proporcionar equipamento informático e mobiliario.

En primeiro lugar, no ano 2019 xorde, como ampliación do Laboratorio de Fonética e Fonoloxía da FFT e despois da obtención dunha axuda do programa de infraestruturas do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades de 291.000€, o **Laboratorio de Linguaxe e Cognición**. O seu obxectivo fundamental é a investigación, e a súa transferencia á sociedade, relacionada co procesamento da linguaxe natural dende o punto de vista neuro- e psicolingüístico a partir de diversos enfoques, tanto dende a perspectiva exclusiva da linguaxe como desta capacidade na súa interrelación con outras e, mesmo, dende unha perspectiva multimodal. Para acadar este obxectivo, o laboratorio ten á súa disposición un equipamento de última xeración para a exploración neurocognitiva. Dispón de instrumental para a exploración da actividade neurofisiolóxica, fisiolóxica e hemodinámica:

- encefalógrafo (EEG) actiChampPlus de 128 canles de EEG e 8 de poligrafía (coas súas sondas) e sistema de posicionamento de electrodos e compatible con NIRS
- sistema de Espectroscopía por infravermello cercano (NIRX NIRS Scout Xtended) con 32 fontes e 32 detectores compatible co EEG

O laboratorio tamén conta con dous sistemas de eyetracker:

- gafas Tobii glasses 2 cunha frecuencia de mostreo de 100Hz que permiten realizar investigación en interacción polo ecolóxico do seu uso
- eyetracker fixo Tobii Pro Fusion cunha frecuencia de mostreo de 250Hz que é ideal para a investigación baseada na presentación de estímulos en pantalla.

Finalmente, o laboratorio conta, ademais, cunha cámara insonorizada coas características máis vangardistas. As liñas de investigación que se están desenvolvendo no marco do laboratorio son as seguintes:

- procesamento de aspectos relativos á compoñente fónica, tanto segmentais como suprasegmentais
- linguaxe e emoción
- linguaxe e música (compoñente rítmico-melódico)
- adquisición de primeiras e segundas linguas
- conciencia fonolóxica
- comprensión e metacompreensión lectora.




Na actualidade estanse a abrir novas liñas de traballo:

- procesamento da linguaxe en falantes bilingües
- produción e comprensión da linguaxe en enfermidades e síndromes.


As posibles colaboracións externas, algunhas delas xa en proceso son as seguintes:

- Grupo de investigación en Procesos Cognitivos e Conducta da USC
- Unidade de Psicoloxía Forense da USC
- Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo
- Laboratorio de Fonética e Fonoloxía da Universitat de Barcelona
- Laboratorio de Fonética e Fonoloxía da Universitat Autònoma de Barcelona
- Laboratorio de Fonética e Fonoloxía do CSIC
- Grupo de investigación Psylex da Universidade de Zaragoza
- Instituto de Lingüística Aplicada da Universidade de Cádiz
- Centro de Neurociencia da Universidade de La Laguna
- BCBL – Basque Centre On Cognition, Brain and Language
- Division of Medical Sciences da Universidade Victoria (Canadá)
- Romanische Seminar da Universidade de Zúrich
- Centro de Investigación en Ciencias Cognitivas (México)
- Centre for Linguistics da Universidade de Leiden
- Linguistic Development Lab da Universidade de Florida
- Centro de Estudos Humanísticos da Universidade do Minho
- Escola Superior de Educaçao do Instituto Politécnico do Porto
- Research Centre on Didactics and Technology in the Education of Trainers da Universidade de Aveiro
- inED - Centre for Research and Innovation in Education do Instituto Politécnico do Porto
- Lisbon Baby Lab da Universidade de Lisboa
- Laboratorio de Psicolingüística do Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa.





En segundo lugar, o iLingua dispón de **espazos** que permiten o traballo en común de investigadores/as dos diferentes grupos involucrados na iniciativa. Despois dos labores de acondicionamento, para os que se dispuxo de financiamento institucional nas anualidades de 2022 e 2023, o Instituto dispón de espazo administrativo (reducido) e dunha sala de traballo multidisciplinar para investigadores/as na planta segunda do pavillón Newton, anexo á FFT, cun total de aproximadamente 120 m<sup>2</sup>. En concreto, cóntase cunha rede de comunicacións e equipamento informático que permite o traballo de investigadores/as en formación, posdoutorais e visitantes, así como a celebración de reunións de traballo, seminarios e obradoiros de investigación.





Finalmente, no que respecta ao software e materiais electrónicos, contamos con recursos externos como o Oxford English Dictionary (edición online), o editor XML Oxygen, SketchEngine, corpus multilingües e bases de datos lingüísticas: <http://bangortalk.org.uk>,

<https://dataverse.nl/dataset.xhtml?persistentId=doi:10.34894/C65E2R>, <http://leiland.ullet.net/> (en progreso), así como ferramentas propias como ADESSE: Base de datos de verbos, alternancias de diátesis y esquemas sintáctico semánticos del español (<http://adesse.uvigo.es>), iSignos: Interfaz de datos de la lengua de signos española (LSE) (<http://isignos.uvigo.gal>), LDM: Linguas do mundo e tipoloxía lingüística (<http://sys.uvigo.es/ldm>), entre outros.



## 7. FONTES DE FINANCIAMENTO

A creación e establecemento do iLingua permitirá acceder a convocatorias da Xunta de Galicia a través do plan de financiamento universitario 2022–2026. Este financiamento adicional estará supeditado, tal e como indica o mesmo programa, ao cumprimento de determinados obxectivos que foron establecidos no presente plan estratéxico. Igualmente, as sinerxías creadas en torno ao iLingua mellorarán e ampliarán as oportunidades de financiamento estatal e internacional de carácter competitivo, aumentando así as posibilidades de éxito. Xa que logo, aspírase a manter e potenciar a capacidade de financiamento demostrada en convocatorias autonómicas, nacionais e internacionais, así como a consecución de contratos de investigación con empresas, e ao mesmo tempo abrir novas vías de financiamento que permitan intensificar as capacidades investigadora e de transferencia.

O financiamento basal é moi importante para este Instituto de nova creación, especialmente na fase de implementación, asegurando un correcto despregue organizativo e o desenvolvemento axeitado do mesmo. O financiamento basal debe servir para cubrir os custes do persoal técnico de xestión e apoio á investigación así como as actividades colaborativas, formación etc. A este respecto, cómpre sinalar que o iLingua se presentará ás convocatorias de Centros e Institutos da Xunta de Galicia e que a UVigo debe comprometerse ás achegas necesarias tanto de medios económicos, técnicos como humanos para un correcto despegue do Instituto.

Preséntanse a continuación algunhas oportunidades de financiamento procedente maioritariamente de fondos europeos. Alén as convocatorias autonómicas e do plan estatal (Axencia Estatal de Investigación), inclúense aquí tanto iniciativas en marcha, nas que investigadores/as do iLingua se atopan involucrados/as, coma opcións abertas ou en proceso de convocatoria, que poderían constituír fontes óptimas de financiamento para as liñas estratéxicas do iLingua.

**HORIZONTE EUROPA.** O Cluster 2 de HORIZONTE EUROPA: Cultura, creatividade e sociedade inclusiva é o herdeiro principal do Reto Social 6 do H2020, aínda que inclúe elementos do anterior Reto Social 4 e presenta, entre outras, complementariedades significativas con outros programas da Unión Europea como Europa Creativa. As actividades deste clúster están focalizadas en dar resposta a tres grandes áreas temáticas, denominadas ‘Destinations’, que están interconectadas e que responden ás preocupacións e expectativas sociais, políticas, económicas e culturais máis urxentes dos cidadáns europeos. Na Destination 2: European Cultural Heritage and the Cultural and Creative Industries, atopamos convocatorias aliñadas con liñas de investigación do iLingua. Este destino fomenta actividades de investigación e innovación orientadas a protexer, conservar, restaurar e reparar o importante patrimonio cultural nun sentido amplo (lugares e

monumentos históricos, paisaxes, artefactos, museos, arquivos, idiomas, costumes, tradicións ou valores), promover o seu uso e crear unha conciencia máis ampla sobre a súa riqueza na sociedade europea. Ademais, busca solucións á serie de desafíos aos que se enfrenta o patrimonio cultural material e inmaterial europeo como son o deterioro debido ao cambio climático, a contaminación e os desastres naturais ou aqueles provocados polo home (saqueo e tráfico ilícito, a falta de financiamento ou o menosprezo). Este destino tamén ten como obxectivo potenciar a produción cultural europea aproveitando ao máximo as oportunidades que brinda a transformación dixital para facela máis competitiva, ofrecendo novos modelos de negocio e de xestión innovadores, integrados, sostibles e participativos tanto para museos como institucións culturais de todo tipo. O fomento ás industrias culturais creativas ten unha importante relevancia neste destino e representa unha novidade destacada de Horizonte Europa respecto a anteriores programas marco.

En HORIZON-CL2-2022-HERITAGE-01-01: Safeguarding endangered languages in Europe (CSA), partindo da análise da situación sociolingüística, xurídica e económica das linguas europeas en perigo de extinción, das razóns da súa condición de ameazadas, así como das políticas pasadas e presentes, a acción debe propoñer formas de promover o espertar destas linguas ameazadas. Isto implica fomentar e apoiar o seu uso así como a súa transmisión interxeracionais. O proxecto debe explorar medidas en diferentes áreas como os sectores educativo, cultural e creativo, e vinculalas co desenvolvemento rexional. É recomendable encarecidamente o uso de ferramentas dixitais, xa que é unha canle máis fácil para chegar e involucrar á sociedade, e en particular á xuventude, no (re)descubrimento da súa propia herdanza lingüística, incluídas as linguas non escritas. Os proxectos deben contribuír polo menos a dous dos seguintes resultados esperados:

- mellorar a cooperación a nivel europeo entre os actores clave e as partes interesadas dentro das comunidades de linguas en perigo
- empoderar as comunidades locais e promover a participación da cidadanía na xestión sostible dos seus propios recursos lingüísticos, de conformidade cos principios da Convención de Faro
- suxerir estratexias para involucrar a mocidade no (re)descubrimento da súa herdanza lingüística e a súa importancia para o desenvolvemento da súa identidade e construción de comunidade
- promover a igualdade e a diversidade lingüística de acordo co lema da UE ‘Unidos na diversidade’ e o seu traballo para reforzar o papel central do multilingüismo en Europa
- fortalecer a identificación, o inventario e a transmisión das linguas rexionais, minoritarias e locais como vehículos de expresións e tradicións orais, en consonancia cos principios da Convención de 2003 da UNESCO para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial.

En HORIZON-CL2-2022-HERITAGE-01-02, os proxectos deben contribuír polo menos a dous dos seguintes resultados esperados:

- mellor coñecemento e comprensión das artes, a cultura e dos valores europeos dentro da UE e internacionalmente, aproveitando a creatividade dos socios da arte e do patrimonio cultural en Europa
- maior exposición á diversidade da arte, a cultura e os valores europeos para os socios europeos e internacionais, mediante o fortalecemento dos vínculos coas industrias creativas e outras partes da economía
- reforzo da acción común europea para promover a cultura e os intereses económicos de Europa a nivel internacional, contribuíndo así a reforzar a competitividade europea

En HORIZON-CL2-2022-TRANSFORMATIONS-01, as propostas deben analizar as interrelacións de poder e as barreiras á igualdade de xénero entre diferentes cuestións sociais e económicas, incluíndo, entre outras, a formulación de políticas e toma de decisións, a participación no mercado laboral e a brecha salarial de xénero, os acordos de equilibrio entre o lugar de traballo e a vida persoal, baseados no xénero e violencia doméstica, dereitos reprodutivos, roles de xénero na educación e representacións culturais, incluso na arte e os medios de comunicación. Os proxectos de HORIZON-CL2-2022-TRANSFORMATIONS-01-05 deben contribuír aos seguintes resultados:

- aumentar a comprensión crítica compartida do potencial, as oportunidades, as barreiras, os problemas de accesibilidade e os riscos de uso das tecnoloxías emerxentes para a ensinanza e o aprendizaxe, así como considerar o marco para a dixitalización sostible da educación e o aprendizaxe no futuro
- apoiar os sistemas de educación e formación coa investigación sobre a adaptación e a integración do uso de pedagogías melloradas dixitalmente, co fin de aumentar e ampliar a aprendizaxe, mantendo ao mesmo tempo a súa dimensión humana e a súa relevancia social
- compartir probas e boas prácticas sobre como dotar a docentes, formadores/as, líderes educativos e alumnado das habilidades necesarias para o uso da tecnoloxía de forma creativa, crítica, competente e inclusiva
- analizar as necesidades de formación adecuada do profesorado en relación coas novas tecnoloxías educativas.

**COST ACTIONS.** As accións COST buscan fortalecer a investigación científica e técnica en Europa, financiando o establecemento de redes de colaboración e interacción entre investigadores/as, organizadas arredor dun obxectivo científico. COST está aberto a todas as disciplinas, a todas as novas e innovadoras ideas en ciencia e tecnoloxía e a todo tipo de participantes do mundo sempre que se considere que o beneficio mutuo é real. É unha oportunidade aberta para establecer colaboracións europeas e globais.

Hai varias accións COST pasadas ou actuais relacionadas coa lingüística. Estes son exemplos de accións COST afíns ás liñas de investigación do Instituto:

- A33 - Cross-linguistically robust stages of children's linguistic performance
- 277 - Nonlinear Speech Processing
- IS1407 - Ancient European languages and writings (AELAW)
- IS1401 - Strengthening Europeans' capabilities by establishing the European literacy network
- IS1312 - Structuring Discourse in Multilingual Europe (TextLink)
- IS1306 - New Speakers in a Multilingual Europe - Opportunities and Challenges
- IS1305 - European Network of e-Lexicography (ENeL)
- IS1006 - Unraveling the grammars of European sign languages: pathways to full citizenship of deaf signers and to the protection of their linguistic heritage
- IS0804 - Language Impairment in a Multilingual Society: Linguistic Patterns and the Road to Assessment
- IS0901 - Women Writers in History - Toward a New Understanding of European Literary Culture

- IC1207 - Parsing and multi-word expressions. Towards linguistic precision and computational efficiency in natural language processing (PARSEME)
- IS0703 - The European Research Network on Learning to Write Effectively (ERN-LWE)
- CA19102 - Language In The Human-Machine Era.

***PROGRAMAS DE COOPERACIÓN TERRITORIAL (INTERREG).*** A Cooperación Territorial Europea (CTE), máis coñecida como INTERREG, é o instrumento de financiamento, deseñado no marco da política de cohesión, que ten como finalidade impulsar o desenvolvemento rexional a través da cooperación entre rexións europeas a diferentes niveis. INTERREG artículase arredor de tres eixes de cooperación: transfronteirizo, transnacional e interrexional. O programa céntrase en catro obxectivos temáticos:

- Investigación e innovación
- Competitividade das PYMEs
- Economía de baixas emisións de carbono
- Medio ambiente e eficiencia de recursos.

Algúns programas indicados para o financiamento de proxectos do Instituto poderían estar aliñados cos seguintes programas:

- O programa Sudoe apoia o desenvolvemento de proxectos transnacionais rexionais no suroeste de Europa (España, Francia, Portugal e Xibraltar). O seu eixe prioritario 1, Investigación e innovación, tenta corrixir os desequilibrios na inversión en investigación e no desenvolvemento nas rexións do suroeste de Europa e reforzar as redes nos sectores de excelencia.
- No programa Europe o principal obxectivo do programa é apoiar os gobernos rexionais e locais a desenvolver e ofrecer mellores políticas. En xeral, pretende mellorar a política de cohesión a través do intercambio de experiencias, a transferencia de boas prácticas e as iniciativas conxuntas para lograr un impacto integrado e sostible.
- O programa España-Portugal (POCTEP) ten como obxectivo mellorar a excelencia científica do Espazo de Cooperación transfronteiriza e nas liñas de investigación con potencial para ser competitivas internacionalmente.

#### ***PROGRAMAS DE EDUCACIÓN DA AXENCIA EACEA:***

**Europa Creativa** apoia proxectos de cooperación transnacionais nos que participan organizacións culturais e creativas de diferentes países que pertencen ao programa. O seu obxectivo é mellorar o acceso ás actividades culturais e creativas europeas e promover a innovación e creatividade mediante proxectos de cooperación transfronteiriza entre organizacións culturais e creativas, tanto dentro da UE como fóra. Os proxectos poden cubrir un ou máis sectores creativos e culturais e poden ser interdisciplinarios. A través deste financiamento, Europa Creativa ten como obxectivo mellorar o acceso ás obras culturais e creativas europeas e promover a innovación e a creatividade. Darase prioridade aos proxectos que traten polo menos unha das seguintes prioridades: promover a resiliencia social e mellorar a inclusión social en/a través da cultura en particular de/para persoas con discapacidade, persoas pertencentes a minorías e persoas pertencentes a grupos socialmente marxinados, así como diálogo intercultural. As liñas que se axustan á actividade do iLingua son:

- literature and publishing
- circulation of European literary works and literary translations

- European networks of cultural and creative organisations
- PAN-European cultural entities
- European Cooperation projects
- circulation of European literary works.

**I-Portunus:** Mobility in literary translation. Esta convocatoria financia mobilidade entre actores do eido da tradución. Os principais obxectivos da mobilidade son:

- colaboración internacional: por exemplo, cun autor/a no marco da tradución literaria
- residencias orientadas á produción: por exemplo, a inmersión nun contexto da lingua de orixe específico, no marco dunha tradución literaria
- desenvolvemento profesional: por exemplo, reunións da rede, obradoiros, clases maxistras e outros tipos de formación fóra da educación formal.

**ERASMUS+: Accións Jean Monnet:**

- Jean Monnet Actions in the field of Higher Education: Centres of Excellence
- Jean Monnet Actions in the field of Higher Education: Chairs
- Jean Monnet Actions in the field of Higher Education: Modules
- Jean Monnet Actions in other fields of Education and Training: Networks
- Jean Monnet Actions in other fields of Education and Training: Teacher Training.

Son exemplos de proxectos Jean Monnet relacionados coa lingua:

- Jean Monnet Chair FELICE: Languages, identities and collective emotions in the EU
- EU Multilingualism, Intercultural Dialogue and Language Education
- NORWAY Vocational Language for CARE and New Opportunities for migrants.

**EACEA-ERASMUS+:** Accións descentralizadas SEPIE: Partnerships for cooperation and exchanges of practices:

- Cooperation partnerships in higher education (KA220-HED)
- Cooperation partnerships in adult education (KA220-ADU)
- Cooperation partnerships in school education (KA220-SCH)
- Cooperation partnerships in vocational education and training (KA220-VET)
- Cooperation partnerships in youth (KA220-YOU).

**SELO EUROPEO DAS LINGUAS:** É un galardón que fomenta o desenvolvemento de novas técnicas e iniciativas no ámbito da aprendizaxe e a ensinanza de linguas, así como a mellora da conciencia intercultural en toda Europa. O Selo concédese, anual o bianualmente, ás iniciativas máis innovadoras de aprendizaxe de idiomas en cada un dos países participantes no programa Erasmus+. O Selo comprende todos os sectores da educación e a formación.

**ACCIÓNS MSCA+:**

**MSCA Doctoral Networks:** As redes de doutoramento MSCA poñen en marcha programas de doutoramento mediante asociacións de universidades, institucións de investigación e infraestruturas de investigación, empresas e outros axentes socioeconómicos de diferentes países de toda Europa e fóra dela. As redes MSCA están abertas á participación de organizacións



de terceiros países, co fin de fomentar asociacións internacionais estratéxicas para a formación e o intercambio de investigadores/as. Foméntase que as redes MSCA conduzan a doutoramentos industriais ou conxuntos.

**MSCA Postdoctoral Fellowships:** Estes contratos concédense a persoal investigador excelente que realice unha mobilidade internacional cara a ou entre os Estados membros da UE e países asociados a Horizonte Europa, así como a terceiros países non asociados.

**MSCA COFUND:** Os solicitantes presentan propostas de programas de doutoramento ou posdoutoramento, novos ou existentes, que teñan un impacto na mellora dos recursos humanos en I+I a nivel rexional, nacional ou internacional.

## 8. VIABILIDADE E COMPROMISOS CUADRIENNAIS

A **viabilidade** do iLingua preséntase aquí tendo en conta as seguintes consideracións que condicionan e orientan a súa estimación e alcance. Por unha banda, iLingua é un Instituto de titularidade universitaria que asume que o seu grupo científico de partida está basicamente financiado nas súas diferentes categorías. O seu progreso e evolución financiaranse sobre o crecemento do grupo das institucións de orixe e/ou da capacidade do Instituto para atraer e captar talento en convocatorias competitivas. Unha parte moi significativa do plan de acción está asociada a proxectos e programas finalistas financiados en programas subvencionados. O esperable incremento da actividade científica desenvolvida grazas ao aumento da competitividade que a colaboración no iLingua debería aportar ao persoal investigador existente, e a investigación novidosa desenvolvida polos investigadores/as que se incorporen ao Instituto permitirá asumir unha maior xeración de recursos. Por outra banda, en relación coa gobernanza, os cargos directivos serán asumidos por investigadores/as do persoal docente e investigador, os cales disfrutará dos recoñecementos docentes estipulados pola institución.

Con estas premisas, tendo en conta os indicadores de evolución, faise a continuación, en primeiro lugar, unha estimación **cuadrienal** do persoal do Instituto, da captación de recursos e da produción científica asociada (investigadora e de transferencia). Dado que o Instituto non está creado, non se coñece con exactitude o número definitivo de investigadores/as adscritos/as, proxectos etc. A partir dos datos dos indicadores máis relevantes elaboraranse previsións definitivas que partan dun basal real. En segundo lugar, deséñase un cronograma cuadrienal de desenvolvemento das accións do plan estratéxico.

Evolución cuadrinial de indicadores

Indicadores	Basal 2023*	2024	2025	2026	2027
<b>1. CAPACIDADES</b>					
Personal investigador					
Investigadores/as vinculados/as	38	40	42	43	44
Investigadores/as posdoctorais	5	6	7	8	9
Investigadores/as predoutorais	10	10	11	12	13
Técnicos	0	1	1	1	1
Xestores e persoal de administración e servizos	0	1	1	1	1
<b>2. ACTIVIDADE INVESTIGADORA E PRODUCCIÓN CIENTÍFICA</b>					
Proxectos (IP)	Nº	Nº	Nº	Nº	Nº
Internacionais	1,75	2	3	4	5
Proxectos nacionais	3,5	4	5	6	7
Publicacións					
Revistas de impacto (WoS, Scopus)	31,75	33	35	37	40
Libros e capítulos de impacto (SPI)	28,5	30	35	40	45
<b>3. VALORIZACIÓN E TRANSFERENCIA</b>					
Actividade	Nº	Nº	Nº	Nº	Nº
Contratos I+D, rexistros	7,25	8	9	10	11
<b>4. CARREIRA CIENTÍFICA</b>					
Actividade formativa					
Teses lidas (nº)	9,25	10	11	12	14
Investigadoras en postos de liderado científico (directoras de grupo, IP proxecto etc.) (% sobre total)	13	15	16	17	18

\* Ratio anual do período 2019–2022

Memoria de creación do Instituto de investigación LINGUA

Cronograma cuadrrienal das accións

Accións	2024	2025	2026	2027
A1. Crear unha cultura de fortalecemento institucional.				
A2. Deseñar a política de comunicación interna e externa do Instituto.				
A3. Nomear membros e despregar a gobernanza.				
A4. Establecer política de Instituto: avaliación institucional, publicación, difusión e boas prácticas en investigación.				
A5. Implantar dinámicas para a xestión eficiente: Regulamento de réxime Interno; manual de procesos etc.				
A6. Definir prioridades no despregue da axenda científica.				
A7. Deseñar unha convocatoria interna iLingua de programas colaborativos.				
A8 Definir a política de alianzas e de internacionalización.				
A9. Elaborar un plan de financiamento competitivo.				
A10. Incorporación de persoal investigador.				
A11 Programa de mobilidade iLingua.				
A12. Deseñar e implantar un programa posdoutoral.				
A13. Deseñar e implantar programas de seminarios científicos internacionais e de profesorado visitante.				
A14. Potenciar as modalidades de investigación contratada.				
A15. Deseñar e implantar un plan de divulgación e difusión da ciencia.				

## 9. PLAN DE IGUALDADE

Como consecuencia das políticas RRI (*Responsible Research and Innovation*), do Plan de Igualdade vixente na UVigo e do Plan Estratéxico 2021-2026 (en concreto, Obxectivo 79) da Universidade, iLingua comprométese ao deseño e despregue dun plan de igualdade. A igualdade entre mulleres e homes é un principio xurídico de aplicación universal recoñecido en textos internacionais sobre dereitos humanos. Está fundamentada no principio de igualdade e fai referencia á participación activa e equilibrada de todas as persoas, independentemente do seu sexo, nas diferentes áreas da vida: pública e privada. A pesar do seu recoñecemento formal, seguen existindo obstáculos presentes na nosa sociedade que impiden a plena participación e integración das mulleres en todos os ámbitos, incluída a actividade académica. Un dos resultados máis evidentes é que mulleres e homes non acceden, participan nin se benefician en condicións de igualdade real no mercado de traballo. Esta situación é máis preocupante canto á representación de mulleres nas posicións de máxima responsabilidade (isto é, posicións de catedráticas ou directoras de Centros de investigación). Sabemos que o desenvolvemento de plans específicos de igualdade en todas as organizacións e os procesos para a integración da igualdade de oportunidades nas diferentes áreas de intervención é unha das estratexias que apunta a lexislación en materia de igualdade e que está sendo adoptada por un bo número de institucións, que decidiron apostar pola transversalidade e a integración dos obxectivos de igualdade na xestión das súas políticas.

A priori, propoñemos como obxectivos os seguintes:

- a) integrar no iLingua o principio de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, aplicándoo en todos os seus ámbitos e incorporándoo ao seu modelo de xestión
- b) garantir no iLingua a ausencia de discriminación, directa ou indirecta, por razón de xénero e, especialmente, a derivada da maternidade, paternidade, a asunción de obrigas familiares, estado civil e condicións laborais
- c) eliminar toda manifestación de discriminación na mobilidade interna e nas elección de recursos humanos, con obxectivo de acadar no Instituto unha representación equilibrada de mulleres e homes.

# Anexo 1

## Resumo das traxectorias académicas dos/as investigadores/as vinculados/as

1. Alonso Alonso, Rosa
2. Alonso Bacigalupe, Luis
3. Anaya Revuelta, Inmaculada
4. Báez Montero, Inmaculada C.
5. Cabeza Pereiro, M<sup>a</sup> del Carmen
6. Caneda Cabrera, María Teresa
7. Chas Aguión, Antonio
8. Costas González, Xosé Henrique
9. Cuevas Alonso, Miguel
10. Del Pozo Triviño, María Isabel
11. Domínguez Araújo, Lara
12. Fernández Pena, Yolanda
13. Fernández Salgado, Xosé Antonio
14. Ferreiro Vázquez, Óscar
15. Figueroa Dorrego, Jorge Juan
16. García-Miguel Gallego, José María
17. González Alvarez, María Dolores
18. Lorenzo García, María Lourdes
19. Martínez Insua, Ana Elina
20. Montero Domínguez, Xoán Manuel
21. Montero Reguera, José
22. Parafita Couto, M. Carmen
23. Pereira Rodríguez, Ana María
24. Pérez Guerra, Javier
25. Rama Martínez, María Esperanza
26. Ribao Pereira, Montserrat
27. Rodríguez Barcia, Susana
28. Rodríguez Guerra, Alexandre
29. Rodríguez Rodríguez, Beatriz María
30. Rodríguez Vázquez, Rosalía
31. Romero Fresco, Pablo
32. Sánchez Trigo, Elena
33. Seoane Posse, Elena
34. Tizón Couto, David
35. Urdiales Shaw, Martín
36. Valado Fernández, Liliana
37. Yáñez Bouza, Nuria
38. Yuste Frías, José

### **Alonso Alonso, Rosa**

É profesora titular do departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá da UVigo. A súa liña de investigación principal é a adquisición e aprendizaxe de linguas. Ten participado en 10 proxectos de investigación sobre este tema e na rede “English Linguistics Circle”. É a investigadora principal do grupo “Métodos e materiais para a adquisición de linguas estranxeiras” e autora dos libros: *The role of transfer in Second Language Acquisition*, *La transferencia lingüística: perspectivas actuales* e *Factores individuales en el aprendizaje de segundas lenguas*. É directora da revista *Vigo International Journal of Applied Linguistics* e editora dos libros *Crosslinguistic Influence in Second Language Acquisition* e *Speaking in a Second Language*. Tamén é coautora do *Diccionario de Enseñanza y Aprendizaje de Lenguas*.

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/277671/detalle>

### **Alonso Bacigalupe, Luis**

A súa traxectoria profesional empeza no mercado freelance dos intérpretes de conferencias, experiencia que o axudará posteriormente a desenvolver labores de investigador e profesor. Os seus intereses investigadores centráronse principalmente na análise –a través da investigación experimental e observacional en laboratorio– dos procesos cognitivos que posibilitan a interpretación simultánea para entender mellor como se desenvolven eses procesos e que mecanismos de procesamento se empregan, cales son as súas limitacións de cara á transmisión do sinal sonoro, e así deseñar modelos eficientes para o adrestamento de intérpretes. Durante anos, a compatibilización da actividade profesional de intérprete de congresos coa investigadora na UVigo servíulle para entender mellor as interaccións dos procesos mentais da interpretación simultánea, pero tamén as diverxencias entre a investigación en laboratorio e a práctica profesional real en situación, as súas necesidades e requisitos, con importantes implicacións para o desenvolvemento dunha praxe baseada na experiencia de mercado, é dicir, na transferencia. Máis recentemente, e como consecuencia dos últimos desenvolvementos tecnolóxicos nas TICs e, máis en concreto, en materia de recoñecemento de voz (ASR, Automatic Speech Recognition) e tradución automática (MT, Machine Translation), e dado tamén o recoñecemento social da necesidade de provisión de servizos de accesibilidade para persoas con algún tipo de limitación sensorial ou auditiva, os seus intereses reorientáronse cara á investigación, a formación e, moi en particular, cara á provisión de servizos de interpretación de voz a texto (STTI o Speech-To-Text Interpreting) para persoas con necesidades especiais, e sempre aplicando a mesma perspectiva triangular na que conflúen formación, profesión e investigación/transferencia. Nestes momentos está a realizar análises da calidade de subtítulos automáticos, semiautomáticos e exclusivamente humanos e fornecer servizos de consultoría a institucións, empresas e organismos internacionais, pero tamén de formación de intérpretes de voz a texto, é dicir, de aqueles que desenvolven un tipo específico de interpretación na que, a partires dun discurso oral se producen subtítulos en directo en pantalla. Tanto nun caso coma noutro, a investigación e a súa transferencia ou aplicación posterior real ao mercado céntranse en aspectos relacionados co estudo da actividade cerebral dos/as intérpretes, en como distribúen de maneira eficiente os seus limitados recursos cognitivos e atencionais para procesar a información e acadar unha comunicación eficiente. Outro aspecto crucial é o desenvolvemento de sistemas de medición da calidade deses mesmos subtítulos.

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/277294/detalle>

### **Anaya Revuelta, Inmaculada**

Das súas liñas de investigación destacan a lexicografía e a análise do discurso político. Ademais de algunhas publicacións en revistas de alto impacto, o libro *La definición enciclopédica: estudo do léxico ictionímico* foi citado en numerosos manuais de lexicografía pola súa singularidade do tema. Na actualidade, é colaboradora da RAE, dende abril de 2022, na elaboración de artigos para o DNHE (*Diccionario Histórico de la Lengua Española*). Da súa tese de doutoramento, alén dos traballos de investigación xa citados, xurdiu a proposta de CONXEMAR para elaborar *El Catálogo de especies comerciales de pesca*, presentado na Comisión de Pesca do Parlamento Europeo en xaneiro de 2018, cunha excelente crítica por parte de autoridades e persoas expertas. No ano 2004 crea o grupo de asesoría lingüística Evágora e ese mesmo ano é nomeada socia colaboradora do Círculo de Empresarios de Galicia. Coordinou o mestrado universitario en Lingua e Comunicación nos negocios, dende o ano 2011 ata o 2014. Dende o ano 2011, colabora no Instituto de Comunicación Empresarial (ICE), dirixido por Manuel Campo Vidal, con quen participou en numerosas actividades. Como experta en comunicación, impartiu máis de 50 cursos e seminarios en empresas e institucións como ESADE Barcelona, Cadena SER, TSOLAR, PESCANOVA, GAMESA, Hospital VITHAS, Consultoría P&A, ALTRÁN etc.

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/277193/detalle>

### **Báez Montero, Inmaculada C.**

A súa formación base é de filoloxía hispánica e portuguesa nas Universidades de Salamanca e Coimbra. Obtivo o grao de doutora en Filoloxía Hispánica cun traballo sobre sintaxe do español medieval, concretamente sobre a función sintáctica do predicativo do complemento directo en español medieval na USC. Xa na tese iniciou traballos sobre lingüística de corpus ao formar parte do grupo de traballo para a creación do corpus que constituiría o ARchivo de Textos Hispánicos da USC (ARTHUS). A súa experiencia en ensinanza de ELE iniciouse de recén licenciada na Universidade de Salamanca, Universidade do Minho e posteriormente na Universidade Católica portuguesa (Braga). Na UVigo, na que é profesora titular do departamento de lingua española impulsou a creación e a organización dos cursos de español para estranxeiros no Centro de Linguas da Universidade dende 1995 ata o ano 2000. Dende o 2002 ata o 2020 organizou e dirixiu tres mestrados interuniversitarios (DEA, Mestrado en Lingua e sociedade da información e Mestrado de Lingüística aplicada), que supuxeron unha importante formación na investigación en ensinanza de linguas e en lingua de signos. Na actualidade, é membro da comisión redactora do mestrado online das tres universidades galegas de ensinanza de español a estranxeiros. Dirixiu 10 teses de doutoramento sobre ensinanza de español a estranxeiros e lingua de signos. Os seus traballos de investigación están centrados no estudo de lingüística teórica e aplicada sobre cambio lingüístico, adquisición e aprendizaxe de linguas da lingua española e lingua de signos española. É membro fundador do grupo de investigación de lingua española e linguas asinadas da UVigo, GRILES. Foi investigadora principal ou co-IP de proxectos de investigación orientados fundamentalmente á área da lingua de signos. Publicou artigos e capítulos de libros en revistas e editoriais relevantes (*Frontiers*, John Benjamins, Peter Lang etc.) e participou e colaborou como revisora de revistas e congresos, ademais de avaliadora nas publicacións do CNLSE. Tamén participa e publica traballos en ASELE, cuxas publicacións son de acceso libre a través do Instituto Cervantes.

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/276897/detalle>



### **Cabeza Pereiro, María del Carmen**

María del Carmen Cabeza Pereiro focaliza o seu labor investigador nas linguas de signos das persoas xordas, con atención preferente na investigación gramatical sobre corpus e dicionarios, incidindo nas relacións entre discurso e gramática, a iconicidade e a metáfora. Tamén se ten interesado sobre a planificación lingüística da lingua de signos española (LSE). Dende 2019 colabora en proxectos de recoñecemento automático da LSE, dende a perspectiva lingüística, nomeadamente nun dicionario colaborativo da LSE para o ámbito médico. É autora dun manual sobre as linguas de signos (*Fundamentos de las lenguas de signos*, Madrid: Síntesis, 2020) e coeditora da plataforma iSignos da UVigo, un recurso creado a partir do proxecto RADIS (Relacións Actanciais en Discurso Signado) para a consulta de datos lingüísticos da LSE. É coautora da guía didáctica *A afouteza dos signos* (UVigo, 2023), deseñada para dar a coñecer a LSE e a comunidade xorda no contexto do ensino secundario en galego, así como tamén do capítulo “Spanish Sign Language”, que forma parte do libro *Sign Languages of the World. A Comparative Handbook*, publicado por Ishara Press e De Gruyter Mouton en 2015. Dirixiu ou codirixiu dúas teses de doutoramento sobre a gramática da LSE, e unha terceira sobre microanálise dos xestos en falantes de portugués continental e inglés británico. Ten artigos publicados nas revistas *Frontiers in Psychology*, *Onomázein* e *Language Problems and Language Planning*, entre outras. Tamén ten investigado sobre o sexismo na linguaxe, tema sobre o que publicou dous traballos. Colaborou no proxecto europeo Justisigns2, que esculcaba nas dificultades de comunicación a través de intérprete das vítimas de violencia de xénero xordas, inmigrantes ou solicitantes de asilo en contextos asistenciais, coa fin de elaborar recursos de formación e divulgación.

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/277153/detalle>

### **Caneda Cabrera, M. Teresa**

M. Teresa Caneda Cabrera doutorouse na USC en Filoloxía Inglesa despois de acadar o título de Mestrado en Literatura Comparada na University of Southern California. Dende 2013 dirixe o grupo de investigación NETEC, dedicado ao estudo da interseccionalidade textual e cultural das sociedades anglófonas contemporáneas. Anteriormente formou parte do grupo de investigación de referencia Tradución e Paratradución (2006–2013). Ten dirixido dúas tese de doutoramento. Unha delas, con mención internacional, acadou o premio de doutoramento 2015/2016 da UVigo. Na actualidade é a IP do proxecto INTRUTHS 2, que afonda e estende a investigación do proxecto anterior INTRUTHS (2018–2021), e céntrase na análise da expresión de condicións de vulnerabilidade na escrita contemporánea de ficción e non ficción no contexto de (aínda que non restrinxida a) Irlanda. A súa investigación desenvólvese fundamentalmente en torno a dous eixes: a tradución en relación aos seus contextos sociais; o estudo de textos e fenómenos culturais dende perspectivas próximas á socioloxía e a sociolingüística. Os seus traballos máis recentes inclúen a edición de volumes especializados sobre ambas liñas de investigación (Routledge 2023, Peter Lang 2023; Palgrave Macmillan 2023). Colabora habitualmente como avaliadora externa coa axencia nacional para a promoción da tradución de literatura irlandesa no estranxeiro, Literature Ireland. É autora de capítulos en volumes publicados por John Benjamins, Routledge, Palgrave Macmillan, Brill-Rodopi e Bloomsbury; artigos en revistas científicas como *Interventions*, *Atlantic Studies* e *Translation and Literature*, e avaliadora de artigos en *Translation Matters*, *Translation Studies* ou *Target*, e forma parte de comités editoriais internacionais como European

Joyce Studies. Foi invitada a impartir conferencias e seminarios no Consello da Cultura Galega, na CETAPS da Universidade de Oporto, no Institute for European Studies da Universidade de Cornell, no Centro de Investigación de Tradución Cultura e Comunicación da Universidade de Lovaina, no Thomas Moore Institute da Universidade de Galway e no Centro de estudos de Tradución e Interpretación da Queen's University de Belfast entre outros. Durante o curso 2018/2019 foi *visiting associate professor* no UCD School of Languages, Cultures and Linguistics cunha bolsa de investigación do programa Salvador de Madariaga.

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/277246/detalle>

### **Chas Aguión, Antonio**

Licenciado en Filoloxía Hispánica pola USC, é doutor en Filoloxía Hispánica pola UDC. Neste momento é catedrático de Literatura Española na UVigo. A súa liña de investigación céntrase na literatura medieval, particularmente no século XV, ámbito no que ten dirixido catro teses. Foi presidente fundador da comisión académica do programa de doutoramento universitario Vigo-A Coruña entre 2012 e 2016. Entre 2007 e 2014 foi IP do grupo de investigación “Literatura Española de y sobre la Edad Media”, hoxe integrado no grupo e-Lite da UVigo. Ten participado en proxectos de investigación e redes de investigación, sendo IP doutros catro proxectos, todos eles dentro de programas competitivos. Codirixe a Biblioteca Dixital e base de datos TECER e participa no título propio da UVigo “Experto en Escritura e reescrituras literarias da Idade Media”, dirixido á actualización de profesorado, con atención á diversidade. Foi gañador do Premio internacional de investigación “Cancionero de Baena” e a súa investigación tense publicado en diferentes editoriais de referencia, en posicións destacadas de SPI, e en revistas indexadas de primeira orde, Q1 e Q2 en JCR: *Romance Quarterly*, *Crítica Hispánica*, *Bulletin of Hispanic Studies*, *Romance Notes*, *Revista de Filología Española*, *Romance Philology*, *Symposium*, *A Quarterly Journal in Modern Literatures*, *Ínsula*, *Revista de Literatura Medieval*, *Il Confronto Letterario*, *La Coronica: A Journal of Spanish Medieval Language and Literature*, *Revista de Poética Medieval* ou, entre outras, *Revista de Literatura*.

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/277319/detalle>

### **Costas González, Xosé Henrique**

Xosé-Henrique Costas González é licenciado en Filoloxía Hispánica (sección de Galego-Portugués) pola USC (1985) e doutor en Filoloxía Galega pola USC (1995). Formouse como bolseiro no Instituto da Lingua Galega (ILG) en dialectoloxía e lexicografía. En 1986 entrou como profesor na USC e, dende 1991, na UVigo. As súas liñas de investigación prioritarias son a dialectoloxía galego-portuguesa e a sociolingüística, especialmente a dialectoloxía das falas galegas ou de orixe galega faladas nos occidentes de Asturias, León, Zamora e Cáceres (lexicoloxía, paremioloxía, fonética e fonoloxía, morfosintaxe, toponimia, sociolingüística, historia das linguas). Considérase o maior experto nas falas galegas de Cáceres. En sociolingüística traballa sobre os usos e actitudes lingüísticas da poboación escolar, tanto galegos como galegofalantes das zonas exteriores, e está especializado no estudo e combate dos prexuízos lingüísticos e nas estratexias de revitalización lingüística, estandardoloxía etc. Por extensión e comparación, tamén traballa sobre minorías lingüísticas europeas, principalmente ibéricas e itálicas. É autor de 24 libros (14 deles Internacionais ou relevantes a nivel nacional), 28 artigos

(19 deles en revistas indexadas) e 27 capítulos de libro (a metade en publicacións internacionais ou en editoras nacionais relevantes). Realizou estadias de investigación en universidades de Irlanda e Brasil e impartiu conferencias, mestrados, cursos e seminarios en universidades de Alemaña, Bélxica, Brasil, Cuba, Holanda, Irlanda, Italia e Portugal.

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/276932/detalle>

### **Cuevas Alonso, Miguel**

Miguel Cuevas Alonso é licenciado en Filoloxía Hispánica (Universidade de Oviedo), Experto Profesional en Estatística Aplicada ás Ciencias da Saúde (UNED) e doutor pola UVigo (2011). As súas liñas de investigación son na actualidade a fonética e a fonoloxía do español, a pragmática e a neurociencia da linguaxe, aínda que tamén ten traballado en metacompreensión lectora, conciencia fonolóxica e historiografía lingüística. É (co)autor de máis de 40 artigos e capítulos de libros en revistas e editoriais de impacto internacional, cun bo número de citas. Moitas das súas publicacións inclúense nos Q1 e Q2 de JCR e SJR ou no Q1 do SPI. Participou na elaboración do Atlas Multimedia de l'Espace Roman, do Atlas Interactivo de la Entonación del Español e no Interactive Atlas of Romance Intonation. Dirixiu 18 proxectos con empresas no marco do artigo 83 e participou en diversos proxectos de investigación financiados en convocatorias competitivas de carácter nacional vencellados ao estudo da variación fonética do español, a adquisición da linguaxe e ao estudo sociolingüístico do español.

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/277875/detalle>

### **Del Pozo Triviño, Maribel**

Maribel del Pozo Triviño é licenciada en Filoloxía Hispánica pola National University of Ireland (homologado polo MEC) e licenciada e doutora en Tradución e Interpretación pola UVigo. É tradutora-intérprete xurada cunha longa traxectoria profesional na tradución e interpretación e no ensino de linguas. Na actualidade é Vicerreitora de Internacionalización da UVigo e foi Vicedecana de Relacións Internacionais do 2015 ao 2020 e Enlace de Igualdade do 2015 ao 2022. Imparte docencia de grao e posgrao, tanto en España como no estranxeiro (UAB, UAH, UJI, UPC, UGhent, RMIT, Monash University). Dirixe o Grupo de Innovación Docente «LINKTERPRETING. Enseñar dende os dereitos humanos» e é a coordinadora do portal LINKTERPRETING, empregado en todo o mundo para o ensino e o (auto)aprendizaxe da interpretación. Dirixe varias teses de doutoramento e numerosos TFG e TFM, tanto na UVigo como noutras universidades españolas e estranxeiras. Conta con numerosas publicacións sobre tradución xurídica, interpretación nos servizos públicos, igualdade e violencia de xénero. Dirixiu varios proxectos, tanto europeos (SOS-VICS) como de cooperación ao desenvolvemento (MELINCO) e, na actualidade, é coordinadora na UVigo do proxecto europeo JUSTISIGNS2, centrado na interpretación de linguas orais e de signos en contextos de violencia de xénero, e participa no proxecto WORLDPLACES que ten como obxectivo deseñar ferramentas para a integración laboral de mulleres migrantes. Así mesmo, no contexto da súa actividade investigadora, realizou diversas estancias en Canadá, Portugal, Bélxica, Australia etc.; ten asistido a numerosos congresos internacionais e participado noutros como plenaria. Tamén ten ampla experiencia na organización de eventos académicos internacionais. É representante da UVigo e membro da Xunta Directiva da Asociación de Universidades del Estado Español con Titulaciones

Oficiales en Traducción e Interpretación (AUnETI) e asesora do Ministerio de Xustiza na elaboración das leis que garanten os dereitos lingüísticos das persoas estranxeiras, incluídos os colectivos potencialmente vulnerables como os de persoas migrantes, refuxiadas e vítimas de violencia de xénero e trata con fins de explotación sexual. Colabora con diversas entidades sociais para mellorar a comunicación con persoas con barreiras lingüísticas e culturais.

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/277734/detalle>

### **Domínguez Araújo, Lara**

As achegas de Lara Domínguez Araújo en publicacións científicas (Comares, Peter Lang, Polissema, Cuadernos de ALDEEU, Panace@, *Journal of Contemporary Galician Studies*, *Viceversa*) e congresos internacionais (Belfast, Almuñécar, Barcelona, Roma, Londres, Porto, Aarhus, Alcalá de Henares, Rio de Xaneiro, Braga, Oslo, Vigo, Castelló, Granada) buscan a innovación e a orixinalidade e serven de vasos comunicantes entre a didáctica e a investigación en interpretación. Durante os últimos quince anos, malia combinar o labor investigador coa docencia como profesora asociada e o exercicio da profesión de intérprete e tradutora, logrou adquirir unha voz propia que se reflectiu en contribucións significativas nesta área. Entre elas, destacan a publicación do seu artigo “Feedback in conference interpreter education: Perspectives of trainers and trainees” na prestixiosa revista *Interpreting* en 2019 ou o convite a impartir unha conferencia plenaria no II Congreso de Estudos de Interpretación de Brasil baixo o título “Pericia e aprendizaxe da interpretación: como aprendemos a interpretar?” en 2021. Debe mencionarse tamén a popularidade da matriz de avaliación de interpretación consecutiva da súa autoría que, dez anos despois da súa publicación, segue sendo unha referencia no ámbito, ou a súa última colaboración baixo a batuta de Amparo Hurtado Albir no proxecto EACT (Evaluación en la Adquisición de la Competencia Traductora) da Universidade Autónoma de Barcelona. Na actualidade forma parte do grupo de investigación Traducción e Paratraducción e do consello de redacción de *Viceversa (Revista Galega de Traducción)*. Artífice da versión galega de obras de John Updike, George Steiner ou D.H. Lawrence, ademais de intérprete xurada inglés-castelán, é socia cofundadora da Asociación Galega de Profesionais da Traducción e a Interpretación, da que foi vicepresidenta entre 2012 e 2014 e ten organizado e participado en numerosos actos e encontros de posta en valor e divulgación da traducción e a interpretación.

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/277924/detalle>

### **Fernández Pena, Yolanda**

Yolanda Fernández Pena é doutora en Estudos Ingleses Avanzados pola UVigo, onde actualmente traballa como Profesora Titular Interina, no Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá. A súa investigación céntrase na caracterización empírica e teórica de estruturas fragmentarias en inglés, na variación da concordancia verbal con frases colectivas complexas na historia recente do inglés e na adquisición da morfoloxía flexiva verbal e suxeitos explícitos en inglés L2 en contextos (non-)AICLE en España. Yolanda é autora da monografía *Reconciling synchrony, diachrony and usage in verb number agreement with complex collective subjects* (Routledge, 2020), que recibiu tres premios de investigación (inter)nacionais, así como de diversos capítulos de libros e artigos en revistas de prestixio internacional. Ten co-editado tamén un volume colectivo (Peter Lang, 2017) e un número especial da revista *English Language and*

*Linguistics* (2024). A súa investigación foi tamén obxecto de numerosas comunicacións en congresos (inter)nacionais, recibindo dous premios de investigación en AEDEAN39 e ICAME37; unha plenaria en co-autoría (Linguistic Society of Korea) e conferencias invitadas nas Universidades de Lancaster, Lovaina, Vienna, Graz, Neuchâtel e Vigo. Yolanda ten participado en proxectos de investigación (inter)nacionais, en concreto, en catro proxectos financiados pola Axencia Estatal de Investigación (FFI2013-44065-P, FFI2016-77018-P, PID2020-117541GB-I00, PID2020-118143GA-I00), un proxecto internacional entre a UVigo e Liverpool, financiado pola Xunta de Galicia (EM2014/028), un proxecto internacional financiado pola Universidade de Liverpool (JYG10041) e un nacional financiado pola Universidade de Cantabria (UC2016-GRE-10). Como membro de varios destes proxectos, estivo involucrada na compilación e/ou revisión dos materiais que conforman tres corpus de inglés L1 ou L2: The APU Writing and Reading Corpus (1979-1988), Primary Education Learners' English Corpus (PELEC) e Writing Over Time Corpus (WoT). Ten participado tamén como membro do comité organizador de conferencias (inter)nacionais e comités científicos de revistas (inter)nacionais.

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/280182/detalle>

### **Fernández Salgado, Xosé Antonio**

Xosé Antonio Fernández Salgado é licenciado pola USC en Filoloxía Hispánica, subsección de Galego-portugués (1989), e doutor en Filoloxía Galega pola USC, coa tese 'Marcial Valladares (1821–1903). Lingua, literatura e folclore' (2002). Foi bolseiro de investigación do Instituto da Lingua Galega (1987–1992), editor da Editorial Santillana-Obradoiro (1993–1998) e, a partir de 1998, Profesor do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da UVigo, dende 2007 como Profesor Titular de Universidade, onde actualmente imparte materias de Gramática do galego na FFT. Foi Vicedecano de Organización Académica na FFT (2006/08), Secretario do Departamento (2018/21) e Coordinador dos Cursos de III Ciclo do Bienio 2003/05. Os seus campos de investigación son o estudo gramatical e léxico da lingua galega, a súa historiografía lingüística e a edición crítica de textos do galego moderno. Sobre isto, é autor dunha ducia de artigos publicados en revistas académicas (*Estudos de Lingüística Galega*, *Verba*, *Revista de Filología Románica*, *Madrygal*, *Revista de Filoloxía Galega*, *Cadernos de Lingua*, *Boletín da Real Academia Galega*) e doutra ducia de capítulos de libro. É así mesmo autor das monografías *Marcial Valladares. Biografía dun precursor no rexurdimento galego* (2005) e *Cinquenta décimas contra don Diego Zernadas. Edición e estudo dun novo texto do século XVIII* (2017); editor crítico de varias obras de M. Valladares (*Poesía* 2003, *Colección de refráns* 2003 e *Majina* 2011) e coautor do *Diccionario de Dúvidas da Lingua Galega* (1990), *Nivel Soleira* da lingua galega (1993) e *A roda dos verbos. Usos e dificultades da conxugación verbal galega* (2013). É tamén editor e/ou autor de máis de medio cento de publicacións de carácter educativo (libros de texto, guías didácticas, cadernos de actividades). Dende 2016, edita o anuario *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega* (UVigo).

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/277473/detalle>

### **Ferreiro-Vázquez, Óscar**

Óscar Ferreiro-Vázquez é licenciado e doutor en Tradución e Interpretación pola UVigo con mención internacional. Obtivo pola súa tese titulada '«Por boca de»: achegas á historia da

interpretación do centro e sur de América (1518–1870)’, a cualificación de Sobresaliente cum lause e outorgóuselle o premio extraordinario da UVigo na convocatoria de 2016. É membro investigador do grupo Tradución & Paratradución (T&P) e participou no proxecto da Universidade de Valladolid sobre a «Catalogación y estudio de las traducciones de los dominicos españoles e iberoamericanos», realizando tarefas sobre historia da tradución e interpretación da Orde nas misións de América Latina. As súas liñas de investigación comprenden a historia da tradución e interpretación en América durante a conquista e colonización, a tradución e paratradución do movemento globalizador hip hop como expresión artística e cultural, e a tradución e paratradución do negacionismo e construción social do fascismo. Forma parte de varios comités editoriais de revista e é avaliador externo independente no proceso de avaliación da calidade das solicitudes de Acreditación Erasmus (KA120) Convocatoria Erasmus+.

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/277802/detalle>

### **Figuroa Dorrego, Jorge**

A súa investigación comezou coa elaboración dunha tese de doutoramento sobre a narrativa da escritora inglesa do século XVII, Aphra Behn. Logo foi ampliando o seu interese por outras escritoras inglesas dese século, como Mary Wroth, Margaret Cavendish e “Ariadne”. Froito desa investigación son varios artigos, libros e capítulos de libros. Destacáanse os libros *Tecendo tramas, fiando ficcións: Narrativa inglesa de autoría feminina (1621–1688)* (UVigo, 2002), *Reshaping the Genres: Restoration Women Writers* (Peter Lang, 2003) e *Revisiting and Reinterpreting Aphra Behn* (Bilingua Editions, 2003). Outra liña de investigación é a do estudo do humor literario. Destacárase aquí a coedición dos libros *Estudios sobre humor literario* (UVigo, 2001) e *A Source Book of Literary and Philosophical Writings on Humour and Laughter* (Edwin Mellen, 2009). Foi membro dos grupos de investigación sobre ‘Estudios sobre el humor literario: Intertextualidad, género y realidad sociocultural’ (2002–2004) e ‘Teorías y prácticas de los géneros literarios en la Inglaterra de la Restauración: narrativa y teatro’ (2006–2009). Dende o ano 2012 é membro do proxecto de investigación titulado ‘Comedia de la Restauración Inglesa: Edición de Textos y Base de Datos’, dirixido polo Dr. Manuel Gómez Lara e a Dr. María José Mora Sena, subvencionado pola Junta de Andalucía e o Ministerio de Economía y Competitividad.

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/276967/detalle>

### **García-Miguel Gallego, José María**

José M. García-Miguel, catedrático de Lingüística Xeral na UVigo onde imparte docencia dende finais de 1982, licenciouse en Filoloxía Hispánica pola USC en 1982 e doutorouse na mesma Universidade en 1992. A súa investigación está centrada no estudo das relacións gramaticais, a valencia e as alternancias de diátese. Estes temas abordounos tanto dende unha perspectiva intralingüística baseada en corpus como dende unha perspectiva tipolóxica que presta atención á variación interlingüística e aos principios xerais que sustentan as semellanzas e diferenzas entre as linguas. Ten diversas publicacións sobre a estrutura e o significado das construcións clausais, a transitividade, a valencia verbal, funcións sintácticas e semánticas, clíticos pronominais, voz media, alternancias de diátese etc. Co obxectivo de investigar cuestións relacionadas coa integración do significado verbal en esquemas construcionais alternativos, utilizando una

perspectiva empírica baseada en corpus, entre 2002 e 2012 dirixiu unha serie de proxectos de investigación que deron lugar á ‘Base de datos de verbos, alternancias de diátese y esquemas sintácticos semánticos del español (ADESSE)’, unha base de datos que rexistra nun corpus as alternancias construcionais de cada significado verbal e de cada clase semántica de verbos. Máis recentemente, orientou a súa investigación tamén cara ás linguas de signos e codirixiu con Carmen Cabeza dous proxectos (RADIS) sobre estrutura sintácticas en LSE. Nestes proxectos desenvólvese a recompilación e anotación dun corpus lingüístico en LSE. Un dos resultados foi a creación dun repositorio web que permite a usuarias e usuarios interesados na LSE ter acceso a unha parte do corpus anotado: <http://isignos.uvigo.gal>.

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/276990/detalle>

### **González Álvarez, M. Dolores**

Dolores González-Álvarez é doutora en Filoloxía Inglesa pola USC cunha tese doutoral sobre adverbios oracionais na historia do inglés. A lingüística histórica do inglés constitúe unha das súas liñas de investigación con numerosas publicacións en revistas científicas de impacto, froito da súa participación en proxectos e redes tanto de ámbito nacional como autonómico. A súa segunda liña de investigación (e transferencia) está relacionada co seu labor como directora do Centro de Linguas e Servicio de Tradución primeiro e Vicerreitora responsable de Política Lingüística e accións de Internacionalización na UVigo máis adiante. Participou activamente na elaboración do plan de política lingüística da Universidade e na elaboración dos programas impartidos en lingua inglesa. Foi responsable dos programas de intercambio lingüístico e da elaboración dos plans de formación de todas as partes implicadas na internacionalización (profesorado, alumnado e PAS). Coordinou e participou no deseño e implementación dunha proba (lingüístico-metodolóxica) propia para avaliar a capacitación do profesorado para impartir docencia nunha lingua estranxeira (HELA, marca rexistrada), adoptada por varias universidades españolas. Como presidenta do grupo de Política Lingüística da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE), coordinou e foi coautora do ‘Documento Marco de Política Lingüística para a Internacionalización do Sistema universitario español’. Participou como asesora en comités nacionais e autonómicos e como poñente convidada en diversos congresos, mesas redondas e cursos tanto a nivel nacional como internacional en temas de política lingüística, acreditación lingüística e internacionalización na casa.

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/277323/detalle>

### **Lorenzo García, Lourdes**

Na súa traxectoria investigadora, sempre buscou un equilibrio entre a docencia (Profesora Titular do Departamento de Tradución e Lingüística da UVigo), a investigación e a transferencia de coñecemento á sociedade. Como investigadora, ten máis de 90 publicacións (libros, capítulos de libros e artigos) en tradución de literatura infantil e xuvenil, tradución audiovisual e accesibilidade); é coeditora de *AILLJ* dende 1999 (a revista da Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil, da que é tesoureira) e participou en 23 proxectos de investigación con financiación autonómica, nacional ou europea. Tamén forma parte do grupo de investigación ‘Literatura infantil e a súa tradución’ (selo de excelencia 2006). No que respecta á transferencia de coñecemento, durante moitos anos coordinou subtitulacións feitas polo alumnado

para festivais de cine, concellos, deputacións e ONG, facendo tamén o control de calidade final. Formou parte de distintos xurados: Premios ATRAE de tradución audiovisual (avaliando a accesibilidade das producións presentadas a concurso) e Premios de Tradución da UVigo. Finalmente, sublíñanse como accións de transferencia as colaboracións feitas con centros de ensino, coa CRTVG (posta a punto e control do programa Sinxelo, novas para persoas con discapacidade cognitiva) e co Concello de Portomarín (proxecto cultural 'Portomariñeando: tecendo libros e bailando gaitas': posta en marcha da sala de lectura Conde de Waldemar, especializada en literatura infantil e xuvenil do concello (catalogación de fondos, informe para novas adquisicións, clubs de lectura, organización dos contaconto). Por último, canto á formación de investigadores/as, dirixe teses de doutoramento, TFM e TFG tanto na UVigo como na Universidade Autónoma de Barcelona e no ISTRAD (Sevilla).

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/277349/detalle>

### **Martínez Insua, Ana Elina**

Ana Elina Martínez Insua obtivo o título de doutora en Filoloxía Inglesa pola USC (2003) e actualmente é Profesora Titular na UVigo, onde forma parte do grupo de investigación Language Variation and Textual Categorisation (LVTC) dende 2004. Realizou investigación nas universidades de Glasgow (Escocia), Bergen (Noruega), Turku (Finlandia), MIT (EEUU), Georgia (EEUU), Düsseldorf (Heinrich-Heine Universität, Alemaña), Saint Louis (Campus de Madrid) e no Tuscan Word Centre (Italia). Dende comezos do ano 2000, formou parte do cadro de persoal investigador de máis de 10 proxectos e redes de investigación que gozaron de financiación nacional, autonómica e universitaria, o que lle permitiu desenvolver o seu labor investigador de maneira sostida e continuada. O estudo da variación lingüística e da categorización textual dende diferentes puntos de vista é o fío conector dos seus traballos, nos que ten prestado atención a distintos tipos de inglés oral e escrito, producido por usuarios/as nativos/as e/ou aprendices, dende os puntos de vista sincrónico e diacrónico. A investigación actual de Ana Elina céntrase no estudo sistémico funcional da lingua inglesa contemporánea, concedendo especial atención á metafunción textual e á organización temática do discurso. As súas publicacións están recollidas en revistas nacionais e internacionais (*International Journal of Applied Linguistics*, *English Language and Linguistics*, *Journal of Pragmatics*, *International Journal of TESOL Studies*, *English Studies*, *Atlantis*, *Miscelánea*) e en volumes colectivos editados por John Benjamins, Mouton de Gruyter, Peter Lang, Cambridge Scholars, Cambridge University Press ou Novus Press. De maneira paralela, parte da súa investigación máis recente céntrase no estudo de estratexias de innovación docente e na análise da implementación de diversas metodoloxías innovadoras no ámbito do ensino de linguas estranxeiras.

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/277766/detalle>

### **Montero Domínguez, Xoán**

Xoán Montero é doutor en Tradución e Interpretación pola UVigo. Alén de autor de diversos traballos científicos nos ámbitos da tradución audiovisual e da normalización lingüística, entre os que destaca a monografía *La traducción de proyectos cinematográficos. Modelo de análisis para los largometrajes de ficción gallegos* (Peter Lang, 2015), é editor dos volumes *Tradución para a dobraxe en Galicia, País Vasco e Cataluña. Experiencias investigadoras e profesionais* (UVigo,



2010), *Traducción para la comunicación internacional* (Comares, 2013), *Traducción e industrias culturales. Nuevas perspectivas de análisis* (Peter Lang, 2014), *El doblaje. Nuevas vías de investigación* (Comares, 2017) e *Intérpretes de cine. Análisis del papel mediador en la ficción audiovisual* (Peter Lang, 2019).

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/277775/detalle>

### **Montero Reguera, José**

Catedrático de literatura española na UVigo, á que se incorporou en 1995, José Montero foi profesor tamén nas universidades de Valladolid, Münster (Alemaña) e Carleton (Ottawa, Canadá). A el débense numerosas publicacións sobre autores e textos do Século de Ouro con especial atención a Cervantes. É Premio Fernández Abril da Real Academia Española (1996). A súa actividade investigadora céntrase, dende fai trinta anos, no estudo da literatura española dos séculos XVI e XVII, con especial atención a Cervantes e ao Quixote; con todo traballou e traballa noutros autores e épocas da literatura española (Lope de Vega, Calderón, Alonso de Castelo Solórzano, Juan Ruiz de Alarcón; a Idade de Prata, Gonzalo Torrente Ballester); literatura de corpus, atribucións etc. Membro do grupo de investigación Edicións e estudos de literatura española (e-Lite) da UVigo dende a súa fundación en 2014, e antes do grupo Literatura española (FE1) da mesma institución (como investigador principal dende 2008), na UVigo vén desenvolvendo a súa actividade académica e investigadora, primeiro como profesor titular de literatura española (1995–2010) e despois como catedrático de universidade (dende marzo de 2010) na mesma área de coñecemento. Foi Vicepresidente (2004–2006), Presidente (2006–2009 e 2009–2012) e Presidente de honra (dende xuño de 2012) da Asociación de Cervantistas. É director de *Anales Cervantinos* (2019–2022; 2023–2026; CSIC; selo de calidade dá FECYT. JCI 2021 2:10; JCI: 9/108 [Q1, Literature, Romance]).

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/277342/detalle>

### **Parafita Couto, M. Carmen**

A doutora Parafita Couto realiza investigacións comparativas entre diferentes comunidades multilingües, combinando ferramentas metodolóxicas –dende datos do corpus ata métodos condutuais our medidas electrofisiolóxicas. Isto é posible porque ten unha extensa rede de colaboración internacional que lle dá acceso a múltiples equipos e poboacións bilingües e multilingües. Durante os últimos 5 anos, editou 10 volumes e números especiais de revistas. Publicou máis de 40 artigos en revistas prestixiosas, entre as que destacan especialmente as súas múltiples contribucións nas principais revistas de bilingüismo (Q1) como *International Journal of Bilingualism* (SAGE), *Bilingualism: Language and Cognition* (CUP) e *Linguistic Approaches to Bilingualism* (John Benjamins). Ademais, foi invitada como conferenciante plenaria en numerosos congresos internacionais. É a principal forza detrás da serie de conferencias Bilingualism in the Hispanic and Luusophone World, e editora da serie de libros de acceso aberto *Current Issues in Bilingualism* en Language Science Press. Ademais, é editora asociada de *Isogloss. Open Journal of Romance Linguistics*. No ano 2021 foi elixida membro do comité executivo do International Symposium on Bilingualism. Ademais, Parafita Couto preocúpase de traducir a súa investigación sobre multilingüismo en actividades e iniciativas que teñan impacto positivo demostrable nas sociedade multilingües. É codirectora do Heritage Linguistics Lab, un

grupo de investigación que ten como obxectivo transferir a investigación sobre linguas minoritarias ás comunidades que falan estas linguas nos Países Baixos.

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/278230/detalle>

### **Pereira Rodríguez, Ana María**

Licenciada e doutora en Filoloxía Inglesa pola UCM e Tradutora Superior Especializada en inglés polo IULMyT da mesma universidade, as liñas de investigación de Ana María Pereira son a tradución de literatura infantil e xuvenil (LIX) e audiovisual (TAV), especialmente o subtítulo para xordos, a audiodescrición e a lectura sinxela, campos nos que publicou libros (2), artigos (10) e capítulos (27) e participou en proxectos financiados en convocatorias competitivas de administracións europeas (6), nacionais (10), autonómicas (5) e entidades privadas (1), como participante (20) ou IP (2). Dentro destas liñas, dirixiu 2 teses doutorais, 7 traballos conducentes á obtención do DEA, 31 Traballos de Fin de Mestrado e 60 Traballos de Fin de Grao. Foi vogal do Comité 153/SC 5 Axudas á Comunicación para elaborar a norma UNE de audiodescrición (153020: 2005) e actualizar a norma de Subtitulado para persoas xordas (153010: 2012), normas que, dende ese momento, son de referencia no ámbito profesional en España. Outros exemplos de transferencia do seu coñecemento á sociedade son a subtitulación de 26 capítulos dunha serie televisiva para nenos xordos ao galego e español e a redacción de material de apoio para o seu uso en colexios, bibliotecas e asociacións; a coordinación e subtitulación para xordos do ciclo de cine En galego tamén noutros mundos (Concello de Vigo), a III Edición Mostra Ciencia e Cinema (Deputación da Coruña), o Cineforum (Facultade de Bioloxía, UVigo); a creación das unidades «Travelling Shots» e das súas apps para os currículos de educación primaria e secundaria ou a elaboración da primeira bibliografía europea en liña de libros infantís e xuvenís «gender positive».

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/277208/detalle>

### **Pérez Guerra, Javier**

Javier Pérez-Guerra doutorouse en lingüística inglesa en 1999 cunha tese sobre a variación temática en inglés. En xaneiro de 2001 obtivo un posto de Profesor Titular e dende decembro de 2017 é catedrático da UVigo, onde coordina o grupo de investigación Variación Lingüística e Categorización Textual (LVTC). Este recibiu financiamento dos Ministerios de Ciencia e da Xunta de Galicia. Javier foi o director de nove teses de doutoramento e actualmente dirixe outras tres. Organizou diversos congresos nacionais e internacionais, entre os que destacan a II International Conference on Late Modern English (novembro de 2004), o I Workshop Internacional Vigo-Newcastle-Santiago-Leuven sobre a estrutura da sintagma nominal en inglés (outubro de 2009), o XXVIII Congreso Internacional da Asociación Española de Lingüística Aplicada (AESLA; abril de 2010), o International Workshop ELLIPSIS2012 (novembro de 2012), 'Englishes Today 2013' (outubro de 2013), o XXVIII Congreso Internacional da Sociedade Lingua Española e Literatura Inglesa Medieval (SELIM; setembro de 2016) e o VII Congreso Internacional Bienal de Lingüística Inglesa Contemporánea (BICLCE; setembro de 2017). Está moi implicado na publicación de revistas: actual editor de recensións de *Folia Linguistica*, entre 2005 e 2008 coeditor de *SEDERI (Anuario da Sociedade Española e Portuguesa de Estudos do Renacemento inglés)* e editor de *Research in Corpus Linguistics (RiCL)*. Ao longo dos anos foi investigador visitante nas Universidades de Manchester, Londres, Edimburgo, Oxford, Helsinki,

MIT, Princeton, Cornell, California en Santa Bárbara, Illinois en Urbana-Champaign, Georgia, Liverpool, Wolverhampton, Cambridge, Kent, Wisconsin-Madison, Lancaster e Henan (Kaifeng). En outubro de 2019 foi nomeado profesor adxunto pola Escola de Linguas Estranxeiras da Universidade de Henan (China) e membro honorario do Grupo de Investigación en Lingüística Computacional da Universidade de Wolverhampton. As principais áreas de especialización de Javier son a orde de palabras e o empaquetado da información clausal, o modelo multidimensional de análise de rexistros, o estudo da variación gramatical entre o inglés mediante técnicas computacionais e mailo impacto das preferencias de procesamento no deseño gramatical.

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/277155/detalle>

### **Rama Martínez, Esperanza**

A súa actividade investigadora arranca coa publicación, en 1993, do artigo “Preference organisation in broadcast political interviews” na revista *Verba*, un traballo derivado do mestrado en Lingüística Aplicada cursado na Universidade de Liverpool no curso 1990/91. Este traballo marcaría o comezo da súa investigación no eido da análise do discurso, máis concretamente na liña da organización interaccional de xéneros dialóxicos institucionais en lingua inglesa. O foco inicial recaeu en xéneros orais televisivos, resultado do cal destacaría a monografía *Talk on British Television: The Interactional Organisation of Three Broadcast Genres* (UVigo, 2003) e o artigo “Accomplishing closings in talk show interviews: A comparison with news interviews” en *Discourse Studies* (2003). O interese na interacción oral centrárase logo na corte de xustiza no período do inglés moderno tardío (s. XVIII-XIX). Nesta liña destaca o artigo “Courtroom interaction between 1760 and 1860: on defendants taking (re)initiating moves”, publicado en *Journal of Historical Pragmatics* (2013). A fonética suprasegmental tamén foi obxecto de estudo, tanto na súa interrelación coa análise do discurso como na investigación da acentuación en substantivos compostos en inglés. Estas liñas foron desenvolvidas dentro do grupo de investigación Language Variation and Textual Categorisation (HI19) da UVigo. No marco deste GPC (CN2012/294, GPC2014/060) participou en 8 proxectos de investigación (IP: Javier Pérez Guerra) que contaron sempre con financiamento universitario, autonómico ou estatal. Participou nun proxecto internacional de innovación educativa (Erasmus Intensive Programme ERA/2013/IP/W/0030), DICETE – Developing intercultural competence of European teachers of English) en 2014. Co-editou 6 libros, o último en 2020, *Languages and the Internationalisation of Higher Education* en Cambridge Scholars Publishing. É co-editora da revista *Babel-A.F.I.A.L* da UVigo e membro da rede de excelencia English Linguistics Circle.

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/277432/detalle>

### **Ribao Pereira, Montserrat**

Montserrat Ribao é doutora en Literatura Española pola USC, Profesora Titular de Literatura Española (acreditada a Catedrática) na UVigo e especialista en literatura do século XIX. É autora dunha ducia de libros e de máis de cen traballos, publicados tanto en revistas nacionais e internacionais como en volumes colectivos, ao abeiro de diferentes proxectos de investigación competitivos autonómicos e nacionais; máis de trinta destes traballos ocupan a categoría Q1/Q2 nos ranking JCR, SJR, FECYT, posicións destacadas en SPI ou selo CEA. As súas liñas de investigación son a poesía e a novela decimonónicas, o teatro como produto literario e

espectacular, o drama e a narración históricos e a reescritura oitocentista da Idade Media. É editora literaria de Rivas, Muñoz Seca, Zorrilla, Gil y Zárate, Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán. Dá gran importancia á formación de futuras investigadoras, tanto na titorización dos seus traballos e investigacións (11 TFG; 11 TFM; 3 teses de doutoramento xa defendidas, 2 en proceso) como na coordinación das súas actividades como bolsa de colaboración e contratadas predoutorais. Coordina a Biblioteca Digital e base de datos TECER e o título propio da UVigo Experto en Escritura e reescrituras literarias da Idade Media. É a IP do grupo de investigación Ediciones y Estudios de Literatura Española (e-LITE) da UVigo e a do GID ALITES. En 2016 coordinou e impartiu o primeiro MOOC español sobre un clásico da literatura española (Juego sin tronos. Literatura, corte y Tenorios románticos), aloxado na plataforma MOOC Campus Aberto da UVigo. Organiza regularmente, dende 2014 os Cursos de Actualización en Literatura Española (ALITES), aloxados en BUBELA, en español e en lingua española de sinais, e orientados ao profesorado de ensino secundario.

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/277472/detalle>

### **Rodríguez Barcia, Susana**

Susana Rodríguez Barcia é Profesora Titular no Departamento de Lingua Española da UVigo, premio extraordinario de doutoramento en 2005 e premio de investigación da Deputación de Pontevedra en 2007. Os seus estudos en lingüística enmárcanse na perspectiva glotopolítica e céntranse na relación entre ideoloxía, discurso e sociedade. Desenvolve actualmente un proxecto sobre o discurso alimentario no Corpus DAME dentro do marco de actividades do grupo GRADES. Publicou monografías e diversos artigos de investigación sobre a presenza de ideoloxías dominantes no discurso. Traballa dende a análise lingüística para construír unha sociedade máis libre.

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/277614/detalle>

### **Rodríguez Guerra, Alexandre**

Doutor pola Universidade de Salamanca con premio extraordinario de doutoramento, Alexandre Rodríguez Guerra é profesor do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo. Nas últimas décadas participou regularmente en proxectos de investigación de ámbito galego e estatal, que se vertebraron ó redor de tres eixes fundamentais: a lingüística histórica (abordada dende as perspectivas sintáctica, paleográfica ou grafemática), os recursos e ferramentas informáticas para a lingua galega e o léxico (dende as perspectivas neoloxica e lexicográfica). Interveu na organización de diferentes actividades científicas con repercusión internacional: como presidente do III Coloquio de Lingüística Histórica, secretario do Simposio internacional “E irei madr’a Vigo”, ou como membro, entre outros, dos comités organizadores do XIII Congreso internacional de Lingüística Xeral ou do Congreso internacional “Lexicografía e didáctica”. Na súa traxectoria investigadora, inclúense distintos libros de autoría única (entre eles *Miguel de Unamuno e a lingua galega*) ou compartida, varios libros (co)editados (entre outros *Neoloxía e lingua galega: teoría e práctica*, *Lingüística histórica e Dialectoloxía: coordinadas do cambio lingüístico* ou *The Vindel Parchment and Martin Codax*) e abundantes artigos e capítulos de libro, que se centran en catro grandes eidos de investigación: (i) a sintaxe histórica galega, (ii) o léxico e os neoloxismos do galego e doutras linguas románicas, (iii) a grafemática

galega medieval e (iv) a historia externa da lingua galega. Codirixiu dúas teses de doutoramento e outras dúas están na fase de realización. Coordina con Xosé M.<sup>a</sup> Gómez Clemente o Observatorio de Neoloxía da Universidade de Vigo e tamén coordina dende 2022 o grupo de investigación da Universidade de Vigo Tecnoloxías e Aplicacións da Lingua Galega (TALG). Así mesmo, é coeditor da revista *Locus Criticus. Crítica Textual en Rede* e dirixe a revista *Cumieira das Letras*.

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/277529/detalle>

### **Rodríguez Rodríguez, Beatriz M<sup>a</sup>**

Beatriz M<sup>a</sup> Rodríguez Rodríguez é doutora pola USC (2003). A súa investigación céntrase na crítica e avaliación de traducións literarias en inglés, castelán e galego, sobre todo no eido da literatura infantil e xuvenil. Ten publicacións en revistas e editoriais de impacto e participou en diversos proxectos nacionais e europeos entre os que destacan: “Traducciones/adaptaciones literarias y audiovisuales de *El Quijote* para niños y jóvenes en los sistemas lingüístico-culturales de Europa (I)” (FF12008-05298, 2009-2011); “Gender Identity: Child Readers and Library Collections” (Creative Europe 583894-CREA-1-2017-1-IT-CULT-COOP1); “European culture: a contribution for a New Narrative of Europe” (Jena Monnet, EACEA, 574846-EPP-1-2016-ES-EPPJMO 2140/001-001, 2016-2018); “G-BOOK 2: European teens as readers and creators in gender-positive narratives” 616773-CREA-1-2020-1-IT-CULT-COOP1, 2020-2022). Pertence ao grupo GTICH (Group for Teaching Innovation on Children’s Literature) de innovación docente da UVigo. Levou a cabo actividades de transferencia relacionadas coa igualdade de xénero como, por exemplo, asesoramento para a empresa Juguettos e colaboracións con diversas asociacións. Dende 2019 é presidenta da Asociación Nacional de Literatura Infantil y Juvenil e secretaria dende 2012 da revista *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil*.

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/277846/detalle>

### **Rodríguez Vázquez, Rosalía**

Doutora en Fonoloxía e Música pola Universidade de Edimburgo (Reino Unido) e en Filoloxía Inglesa con premio extraordinario de doutoramento pola UVigo, investigadora posdoutoral no CNRS (París), Rosalía Rodríguez é Profesora Titular da Facultade de Filoloxía e Tradución e coordinadora do Laboratorio de Linguaxe e Cognición da UVigo. As súas principais liñas de investigación exploran, en primeiro lugar, a relación entre texto, melodía e ritmo musical en diferentes xéneros musicais; en segundo lugar, a análise fonética da compoñente prosódica da lingua, con especial atención ao ritmo e entoación en inglés, galego e castelán, así como á adquisición da compoñente suprasegmental da lingua estranxeira; en terceiro lugar, a resposta comportamental e neurofisiolóxica ás emocións articuladas por medio das compoñentes rítmica e entoativa das linguas. É membro, de xeito ininterrompido dende 2001, do grupo de investigación LVTC, ao abeiro do que ten desenvolvido proxectos de investigación financiados por organismos públicos autonómicos e estatais. En 2022 foille concedida unha estada de investigación Salvador de Madariaga de seis meses no Music and Audio Research Lab e o Center for Language, Music and Emotion da New York University. Ten presentado os resultados da súa investigación en numerosos congresos internacionais, ten publicado diversos artigos en revistas científicas, así como unha monografía titulada *The Rhythm of Speech, Verse, and Music: A New Theory* (Peter

Lang), e foi convidada a dar charlas de tipo científico e divulgativo en diversos medios e universidades tales como a New York University, a University of Edinburgh, a Universidad de Antioquia, a Université Paris 8 ou a Harvard University.

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/277773/detalle>

### **Romero Fresco, Pablo**

A súa carreira investigadora comezou como doutor e profesor en Heriot-Watt University (Edimburgo) de 2004 a 2008, e como Lecturer, Senior Lecturer, Reader e Honorary Professor en University of Roehampton (Londres) de 2008 a 2016. Dende 2016 foi investigador Ramón y Cajal na UVigo e posteriormente Profesor Titular. Leva dirixidas 14 teses de doutoramento, das cales 8 xa foron defendidas. Supervisou 50 teses de mestría e 15 teses de licenciatura. Produciu até o de agora 68 publicacións: 46 de autor único, 13 producidas con coautor e 6 con dous ou máis coautores. Esas 65 publicacións inclúen 3 monografías en Routledge (2011, 2019 e en prensa, 2022), un libro editado en Peter Lang (2015), 38 artigos en revistas académicas revisadas por pares e 24 capítulos de libros. Os artigos científicos inclúen 27 artigos en revistas Q1/Q2 (16 en revistas Q1 e 11 en revistas Q2) e 5 artigos en revistas Q3. Os capítulos de libro inclúen 14 capítulos nalgunhas das principais editoriais internacionais (Oxford University Press, Routledge, John Benjamins), con numerosísimas citas. A súa investigación de 2006 a 2021 recibiu a máxima cualificación polo Research Excellent Framework (Reino Unido), que a recoñeceu como "de clase mundial". Leva impartidas 128 ponencias en congresos internacionais en 21 países de cinco continentes. 50 foron convidadas e 25 inaugurais (keynote) en España, Polonia, Italia, Reino Unido, Rusia, Turquía, Uruguai, Brasil, Perú, EEUU, Qatar, Sudáfrica e Australia, incluíndo presentacións no Parlamento Europeo, as Nacións Unidas e dúas presentacións como Distinguished Speaker no 60th American Translators' Conference da Asociación en Palms Springs en 2019. Leva participado en 33 Proxectos de I+D por un total de 10,6 millóns de euros, 11 deles como líder, incluíndo proxectos financiados pola Comisión Europea e gobernos internacionais como Canadá e RU. É líder de 21 proxectos de consultoría e transferencia de coñecemento con gobernos (Canadá, Reino Unido, Parlamento Europeo), empresas internacionais (Netflix, AiMedia, Vitac), emisoras (Sky, TVE) e produtoras cinematográficas (Ledo Films, Rebordelos) por un total de 162.500 €. A súa investigación resultou na pertenza a dous comités de accesibilidade aos medios, tres grupos de investigación e unha rede internacional, estadias de investigación en Barcelona e Sudáfrica, a participación en 11 paneis de avaliación de doutoramento, a revisión externa de cinco revistas científicas e para a ANEP, sete bolsas de doutoramento e posdoutoramento e dous premios internacionais. En 2016 constituíu o grupo de investigación GALMA, que obtivo 8 proxectos de investigación, entre eles tres como investigador principal. Son autor da única monografía existente sobre subtitulación en directo e do modelo de avaliación (NER), a cal se utiliza actualmente en 21 países e que foi incluída na lexislación oficial de Brasil e Canadá, así como recomendada como estándar óptimo polas Nacións Unidas. En 2019 Netflix solicitoulle que formase ao seu persoal sobre a accesibilidade aos medios e a realización de películas accesibles. Dende 2022 presta servizos de consultoría para que o Parlamento Europeo implemente o seu primeiro sistema de subtulado en directo.

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/278086/detalle>

### Sánchez Trigo, Elena

Elena Sánchez Trigo é Catedrática de tradución e interpretación no Departamento de Tradución e Lingüística da FFT da UVigo. Dirixiu e participou en numerosos proxectos de I+D+i de convocatorias competitivas así como en diferentes redes temáticas autonómicas (Rede Galega Procesamento da Linguaxe e RI, Rede de Lingüística de corpus, Rede de Recursos Lingüísticos para a Sociedade do Coñecemento, E-Learning) e europeas (como TRAMICTEK). Coordinou o grupo de investigación COLE, que obtivo o recoñecemento da Xunta de Galicia como Grupo de referencia competitiva. Na actualidade é membro do grupo de investigación GALMA e do grupo de innovación educativa Educación Transformadora: ciencia, comunicación e sociedade. Entre os resultados da súa investigación inclúense numerosas publicacións académicas (artigos en, por exemplo, *Meta*, *Jostrans*, *Sintagma*, *Omomazéin*, *Cadernos de Tradução*, *Çedille* ou *Sendeban*, monografías e capítulos de libro), así como a creación de recursos para traducir (por exemplo, o Portal de recursos lingüísticos multilingües sobre enfermidades raras RERCOR). É autora dun importante número de traducións biomédicas sobre enfermidades raras –froito da súa colaboración con as asociacións de pacientes AFM-Téléthon (Francia) e Federación ASEM (España)– realizadas co obxectivo de facilitar o acceso a documentación actualizada sobre estas enfermidades e de contribuír a súa visibilización. Foi membro da Xunta Directiva Tremédica (Asociación Internacional de Tradutores y Redactores de Medicina y Ciencias Afines) e do consello de redacción de *Trans. Revista de Traductología*. Forma parte de comités científicos de recoñecidas revistas de tradución (como *Meta*, *MONTI*, *Sendeban*, *Çedille*, *Anais de Filoloxía Francesa* ou *Panace@*). Colabora como avaliadora externa de axencias universitarias de calidade (como Madrid ImasD ou AGAUR) e de organismos de avaliación docente e investigadora.

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/277105/detalle>

### Seoane Posse, Elena

Elena Seoane, catedrática de Filoloxía Inglesa na UVigo, desenvolve investigación en diversos eidos, como o da lingüística histórica inglesa, no que destaca por ter sido invitada a participar en todos os *handbooks* de referencia, como os editados en Blackwell (2006), Oxford University Press (2012) e Cambridge University Press (en prensa). No ámbito do inglés para fins específicos son salientables os seus artigos sobre a democratización da lingua inglesa, frecuentemente citados. Tamén é pioneira no ámbito da variación morfosintáctica nos Novos Ingleses, ao ser a primeira investigadora do Estado en producir publicacións, organizar congresos e dirixir teses neste campo. Indicacións do seu recoñecemento internacional son, ademais da súa inclusión nas publicacións de referencia, o seu nomeamento como editora de *English Language and Linguistics* (Cambridge University Press), membro do comité executivo de ICAME (International Computer Archive of Modern English) e coordinadora da compilación do International Corpus of English-Gibraltar. O seu estudo do contexto multilingüe de Xibraltar dende una perspectiva sociolingüística e sociolóxica está a ter un impacto social de gran calado, pois colabora co Ministerio de Educación de Xibraltar para o estudo das linguas alí faladas (a súa propia variedade de inglés, de español e o llanito). Isto implica a súa colaboración activa no National Book Council, na co-organización dun congreso na Universidade de Cambridge (setembro 2023), na participación con conferencias de divulgación nos Cultural Services do Goberno Xibaltareño, entrevistas de difusión nos principais periódicos e canais de televisión e a edición dun libro, entre outras actividades. Merecedora do premio AEDEAN (Asociación Española de Estudios Anglo-Norteamericanos) á

mellor investigadora nacional nova nos seus inicios, dirixiu 6 teses de doutoramento, dúas das cales foron premiadas, unha co ESSE (European Society for the Study of English) Award ó mellor libro de lingüística inglesa e a outra co Richard Hogg Award da asociación IsLE (International Society for the Linguistics of English) ó mellor artigo derivado dunha tese.

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/277990/detalle>

### **Tizón Couto, David**

David Tizón Couto é lingüista cognitivo, lingüista cuantitativo de corpus e gramático construtivista. Os seus principais intereses de investigación céntranse no estudo da gramática dende unha perspectiva cognitiva e lingüística de corpus. O seu traballo céntrase en particular en como se representan mentalmente as secuencias multipalabra e as construcións sintácticas, como se aprenden e como cambian co tempo. Na actualidade é IP dun proxecto da Axencia Estatal de Investigación cunha duración de tres anos dende setembro de 2021 ('Cognitive representation of multi-word sequences and reduced variants in L1 and L2 users of English: Converging evidence'). Con anterioridade, foi membro do equipo investigador, con dedicación exclusiva, de seis proxectos do plan nacional, unha rede de investigación do plan nacional, un proxecto de equipamento científico-técnico do plan nacional, un proxecto de investigación do plan galego de I+D, e oito redes ou programas de consolidación de grupos con financiamento autonómico. Deben ser destacados en especial os seus contratos como investigador posdoutoral da Xunta de Galicia (I2C-A e I2C-B) de 2013 a 2017 e do Ministerio de Innovación (Juan de la Cierva – Incorporación) de 2017 a 2019. A súa produción científica dentro destes programas avalíase como excelente, a raíz da publicación de artigos científicos en revistas internacionais como *Corpus Linguistics and Linguistic Theory*, *Cognitive Linguistics*, *English Language and Linguistics*, *Linguistics* ou *Corpora*. En xuño de 2019, David foi nomeado 'Investigador Distinguido' na UVigo, acadou o certificado I3 en xullo de 2019, e en outubro de 2022 acadou a praza de Profesor Titular. O seu labor investigador inclúe extensas estadias de investigación en Universidades estranxeiras de prestixio: predoutorais (Central Michigan, Lovaina, Oldenburgo e Manchester) e posdoutorais (Friburgo, Edimburgo e Rostock), financiadas mediante axudas obtidas en convocatorias competitivas.

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/277831/detalle>

### **Urdiales-Shaw, Martín**

Especialista en literatura xudía norteamericana de diversos períodos do século XX, e en literatura contemporánea, literatura do Holocausto, tradución literaria, Martín Urdiales publicou extensamente nos seguintes ámbitos: identidades étnicas e culturais; tradución como representación e negociación cultural e textual; xeografías identitarias; topografías urbanas; memoria, discurso e linguas. As súas publicacións máis relevantes inclúen estudos sobre as obras de Saul Bellow, Edward Dahlberg, Clifford Odets, Bernard Malamud, Henry Roth, Art Spiegelman, Victoria Aarons, entre outros, en relación a diversos xéneros, incluíndo novela, relato e novela gráfica. As publicacións, incluíndo diversas tipoloxías (artigos, capítulos de libro, reseñas, e actividades de transferencia) acadan a cincuenta, vinte delas son internacionais, tres delas en Cambridge University Press e Oxford University Press. Foi membro dos proxectos de investigación do MINECO "Literatura y globalización: la literatura norteamericana dende una



perspectiva transnacional” (2016-2019) e “Literatura y Globalización 2: Comunidades de Deshecho” (2019-22), ambos liderados pola IP Begoña Simal González (UDC). É membro do grupo de investigación NETEC (Negociaciones Textuales y Culturales – Textual and Cultural Negotiations) no ámbito de UVigo. Actuou como avaliador para a revista *Modern Judaism* (Oxford UP) e para varias revistas españolas no ámbito dos estudos anglo-norteamericanos (*Revista de Estudios Norteamericanos*, U. Sevilla; *ES English Studies*, U. de Valladolid) así como para propostas de comunicación en AEDEAN, entre outras asociacións. Na actualidade forma parte do comité de redacción de *OJEP (Ostrava Journal of English Philology*, República Checa) e é coeditor (para a sección de literatura e cultura norteamericana) da revista *BABEL Afial*, publicada pola UVigo. Dende 2021 é coordinador do mestrado interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados da UVigo.

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/277654/detalle>

### **Valado Fernández, Liliana**

Liliana Valado é doutora en Tradución e Interpretación (mención europea) con sobresaínte 'cum laude' por unanimidade pola UVigo, coa tese ‘Tradución na edición de libro de texto. Proposta de protocolo de actuación de castelán a galego na busca da calidade’, publicada por esa Universidade en 2012. No que respecta aos méritos de investigación, destacan dúas estadías financiadas polo Instituto Sueco (Universidade de Karlstad, Suecia) e polo Centro de Investigación en Tradución (Universidade de Massachusetts, Estados Unidos de América). Así mesmo, cómpre salientar as propostas de proxectos sobre confección e desenvolvemento de protocolos para a busca da calidade en tradución en candidaturas presentadas a nivel nacional e internacional, en calidade de investigadora principal. Nese senso, as publicacións sobre esa liña de investigación poden atoparse en editoriais con impacto. Respecto á transferencia, enuméranse a patente ou rexistro de propiedade intelectual para un protocolo semellante ao descrito con anterioridade, así como a vogalía internacional en comités técnicos nacionais de tradución, adscritos á ISO. De feito, é representante da UVigo nesa institución.

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/277796/detalle>

### **Yáñez Bouza, Nuria**

Nuria Yáñez Bouza é Profesora Titular no Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá na UVigo (2019-), institución na que obtivo a licenciatura en Filoloxía Inglesa (2000). Nesta mesma institución estivo contratada como investigadora no Programa Ramón y Cajal (2012–2017, I3 2016) e Investigadora Distinguida (2017). Anteriormente, desenvolveu a súa traxectoria académica na Universidade de Manchester (Reino Unido): mestrado en Estudos Ingleses (2004), doutoramento en Lingüística (2007), Profesora Titular no Departamento Linguistics and English Language, institución á que continúa afiliada como Honorary Research Fellow. As súas publicacións enmárcanse no eido da lingüística histórica da lingua inglesa, con especialización no estudo de cambio e variación sociolingüística no período 1500–1900, normas do estándar escrito e falado en gramáticas, dicionarios de pronunciación e manuais epistolares. Entre outras, destaca unha monografía, máis de dez capítulos de libro en *handbooks* de prestixio internacional e outras editoriais con alto índice SPI, e máis de vinte artigos en revistas internacionais indexadas. No eido da lingüística de corpus, combinada coas humanidades dixitais, Yáñez Bouza ten ampla

experiencia na elaboración de corpus e bases de datos en liña, como APU, ARCHER, ECEG, ECEP, The Mary Hamilton Papers. Liderou tres proxectos internacionais e un a nivel autonómico como IP/Co-IP (2008–), participou en seis proxectos como membro do equipo investigador (2005–) e dirixiu teses en Manchester (dúas) e UVigo (unha), e está a dirixir outras tres. Conta con experiencia sólida en supervisión de persoal de investigación a nivel predoutoral e posdoutoral, na UVigo e en universidades internacionais. Participou en numerosos comités científicos de congresos (inter)nacionais, actuando como presidenta en varias ocasións. Actualmente, forma parte do comité editorial da revista *English Language and Linguistics*, do comité executivo e comité científico de ICAME, e coordina o consorcio internacional ARCHER.

<https://portalcientifico.uvigo.gal/investigadores/277776/detalle>

### **Yuste Frías, José**

